

CURSO DE GALEGO

Margarita Chamorro
Ivonete da Silva
Xaquín Núñez

Aula de Galego 2



XUNTA DE GALICIA

Aula de Galego 2





Aula de Galego 2

Edita
XUNTA DE GALICIA. PRESIDENCIA. Secretaría Xeral de Política Lingüística

Autores
Margarita Chamorro, Ivonete da Silva, Xaquín Núñez

Coordinación editorial
Jaime Corpas

Edición
Pablo Garrido

Corrección
Dina Moreira e Celia Rozas

Deseño
Enric Font

Documentación
Olga Mias

Estudio de gravación
Soundub (Santiago de Compostela), Blind Records (Barcelona)

Locutores
Carlos Caneda, M.ª do Carme Fernández, José García, Pablo Garrido, Dina Moreira, Celia Rozas, Inmaculada Seage

Ilustracións
Roger Zanni excepto páx. 20, 60 e 62, David Revilla

© Fotografías
Difusión, excepto: **Cuberta:** Xulio Villarino; **Unidade 1** páx. 9 Doable/A.collection/Amana Images/Getty Images; páx. 11 Miguel Riopa/AFP/Getty Images, Xurxo Lobato; páx. 12 Krzysztof Korolonek/Dreamstime.com; páx. 15 Sergi Padura; **Unidade 2** páx. 17 Pipo; páx. 18 Parlamento de Galicia, Rue des Archives/ACI, Manel Zaera /Flickr.com; páx. 19 Edicios do Castro; páx. 22 rjime31/Flickr, Willtron/Flickr, geishaboy500/Flickr; páx. 23 Kenn!/Flickr; páx. 24 Bryn Lennon/Getty Images, AFP/Getty Images, Carmela Queijeiro/La Voz de Galicia; **Unidade 3** páx. 25 Lara Jaruchik; páx. 26 BAP&CONDE; páx. 32 GADISA; **Unidade 4** páx. 33 María José Basanta Núñez, Jesús Chaves Rivas, Margarita Chamorro; páx. 34 Pavel Losevsky/Dreamstime.com, pixelize/Fotolia.com; páx. 38 Jose Manuel /Flickr.com; páx. 39 richard villalon/Fotolia.com; páx. 40 Francisco Contreras Parody; **Unidade 5** páx. 41 Brian Jeffery Beggerly/Flickr; páx. 42 Jaume Meneses/Flickr, Alvaro Galve/Flickr; páx. 43 Brian Lin/Flickr, Adrià García/Flickr, clspeace/Cat/Flickr; páx. 48 mlrbp/stockxpert, Kadri Poldma, Margarita Chamorro **Unidade 6** páx. 49 Masaaki Toyoura/Stone/Getty Images; páx. 51 Agnieszka K.; páx. 54 Alla Browne; páx. 56 ydhsu-Daniel/Flickr; **Unidade 7** páx. 57 Michelle Pedone/Photonica/Getty Images; páx. 58 Globe Photos/ACI, Edicións Xerais de Galicia, Editorial Galaxia; páx. 59 Leandro Cavinatto; páx. 63 Garry Knight/Flickr; páx. 64 Luis Mario González Iglesias, Paula Carballeira; **Unidade 8** páx. 65 MIGUEL RIOPA/AFP/Getty Images; páx. 66 foxspain-Andrés/Flickr; páx. 67 Phartisan/Dreamstime.com, Sandor Kacso/Dreamstime.com; páx. 68 Simon James/Flickr; páx. 70 Frank Kalero; páx. 71 Teresa Estrada; páx. 72 Paco Rodríguez/La Voz de Galicia; **Unidade 9** páx. 73 Lara Jaruchik; páx. 74 J. Oliver, Frank Kalero, Jaime Corpas; páx. 78 Frank Kalero; páx. 80 Manuel Martín Vicente, Adrián Estévez, Pablo Iglesias/Flickr.com; **Unidade 10** páx. 81 Ondej Lipár/Flickr.com; páx. 82 Mo Riza/Flickr, Chaparral [Kendra]/Flickr; páx. 83 Ed Yourdon/Flickr; páx. 84 Xurxo Lobato; páx. 88 Marta Gallego/Flickr.com; **Máis exercicios** páx. 89 García Ortega; páx. 91 Pipo; páx. 99 Margarita Chamorro; páx. 107 Teresa Estrada; **Resumo gramatical** páx. 130 Margarita Chamorro; **Nivel B1 en lingua galega** páx. 145 pipo; **Transcricións** páx. 149 fffriendly/Flickr.

Agradecementos
Celia Alegre Maceira; Silvia Álvarez e Ricardo Lavado; Fernando (ASCEL); Manuel Bragado (Edicións Xerais de Galicia); Carlos Caneda; Paula Carballeira; Miguel Conde e María Vázquez (BAP&CONDE); Elisa Gómez, María Lema e Soly Patricio (*La Voz de Galicia*); Nehemías e Lara Jaruchik; Rosa Molinos (Parlamento de Galicia); Raquel (ghastaspista.com); Celso F. Sanmartín

Este curso está baseado nunha concepción didáctica e metodolóxica da perspectiva orientada á acción, desenvolvida polos creadores do manual AULA de Difusión, Centro de Investigación y Publicaciones de Idiomas, S.L.

ISBN: 978-84-453-4795-9
Depósito legal: B-15305-09
Impreso en España por Novoprint


XUNTA DE GALICIA
PRESIDENCIA
Secretaría Xeral de Política Lingüística

difusión
Centro de Investigación y Publicaciones de Idiomas, S.L.


CURSO DE GALEGO

Margarita Chamorro
Ivonete da Silva
Xaquín Núñez

Aula de Galego 2



O proxecto **Aula de galego** nace da constatación de que non existe ningún material que responda adecuadamente ás necesidades expostas nos distintos cursos de galego que se levan a cabo na actualidade dentro e fóra de Galicia: tanto os preparatorios para os distintos niveis do Celga como os que ofrecen as distintas universidades do mundo onde hai un lectorado de galego.

O resultado desta falta de materiais específicos motivou ata agora unha situación que todos coñecemos: en cada centro ou curso os profesores foron sorteando as dificultades da carencia dun bo manual con materiais propios ou con material adaptado. Ningunha das solucións contenta o alumnado nin o profesorado, os cales, cando se lles pregunta, declaran abertamente que prefiren a coherencia e a seguridade que confire un manual ben deseñado.

Desta situación xorde a idea de publicar **Aula de galego**. Un equipo de autores con ampla experiencia no deseño de materiais didácticos, asesorados por expertos e colegas de diversos ámbitos do ensino da lingua que lles axudaron a ter unha visión de conxunto das características e das necesidades dos cursos de galego, abordaron a elaboración de **Aula de galego** co obxectivo de lles dar resposta ás esixencias deste sector, en particular atendendo aos seguintes aspectos:

Desde o punto de vista da organización do material

– En moitos casos, debido á oficialidade dos certificados e á non obrigatoriedade na asistencia ás clases, permítese a incorporación de novos alumnos cando xa se realizaron algunhas sesións, de forma que non todos permanecen o mesmo número de semanas no curso.

– Na maioría dos manuais para a aprendizaxe do galego existentes ata agora, as unidades didácticas teñen un enfoque basicamente estrutural e abordan un contido pouco variado, tanto desde o punto de vista lingüístico, como do temático e do cultural.

– O material debe estar estruturado de tal maneira que facilite o labor de coordinación dos diferentes profesores a cargo dun mesmo curso.

– O material **Aula de galego** procura contribuír como un elemento normalizador do galego estándar, sen por iso sacrificar o emprego de materiais auténticos, adaptados ás necesidades comunicativas do alumnado.

Respecto á programación

Como en calquera contexto de aprendizaxe, nas distintas modalidades dos cursos de galego a presentación e a exercitación de novos contidos debe adecuarse ás expectativas e ás necesidades do alumnado. O material debe, polo tanto, articularse para gardar un coidado equilibrio entre as propostas novas que presenta cada unidade, así como o reforzo e afianzamento de aspectos lingüísticos e comunicativos xa abordados en unidades ou niveis anteriores.

De igual xeito, a orientación das unidades pretende ser funcional para o heteroxéneo grupo de alumnos que van utilizar **Aula de galego**: tanto para aqueles que se encontran en situación de inmersión, como para os que acceden a través dun curso fóra de Galicia e, asemade, para os que teñen o galego como lingua propia ou ambiental. Pártese, polo tanto, do coñecemento da realidade sociolingüística do galego e da pretensión de lles dar resposta tamén ás necesidades daqueles galegos que queren consolidar a súa competencia lingüística no uso do galego estándar.

Respecto ás características metodolóxicas do material

– Nos cursos preparatorios dos distintos niveis do Celga, máis que en calquera outro tipo de cursos, precísase un traballo especialmente compensado entre a práctica de destrezas comunicativas e a reflexión gramatical.

– Unha carga horaria como a dos cursos preparatorios dos distintos niveis do Celga reclama, ademais, un material que teña moi en conta a inevitable tensión que viven profesorado e alumnado neste tipo de cursos: as actividades deben ser moi variadas tanto nos seus contidos como nas dinámicas de aula que propician. As destrezas implicadas en cada actividade e os procesos cognitivos que impulsan deben estar habilmente combinados para que cada día de traballo resulte un todo coherente e equilibrado: debe haber momentos para o lúdico e tempo para a reflexión, actividades en grupos e tarefas individuais, atención a aspectos formais e interacción significativa entre os membros do grupo, tempo para o estudo e para a práctica da lingua e materiais para o descubrimento da cultura.


Aula de galego concibiuse como un material axustado á estrutura horaria dos cursos preparatorios dos distintos niveis do Celga e ás expectativas e ás necesidades dun alumnado que realiza estancias breves en Galicia e adáptase perfectamente aos diversos contextos e realidades do alumnado que estuda galego a través dos programas de lectorado.

Cada nivel cobre arredor de 75 horas lectivas (incluíndo actividades complementarias e avaliacións) e preséntase en forma dun só volume, cunha serie de unidades didácticas estruturadas do seguinte modo:



portadiña

Na primeira páxina de cada unidade atópanse o título e unha imaxe que gardan relación cos contidos que se van aprender. Eses dous elementos permiten realizar actividades introdutorias para mobilizar os coñecementos previos dos estudantes. Ademais, indícase cal vai ser a tarefa final da unidade, así como os contidos lingüísticos necesarios para levala a cabo.



comprender

Preséntanse textos e documentos moi variados que contextualizan os contidos lingüísticos e comunicativos básicos da unidade e fronte aos que os alumnos desenvolven fundamentalmente actividades de comprensión.

explorar e reflectir

No segundo bloque, o alumnado realiza un traballo de observación da lingua a partir de novas mostras ou de pequenos corpus. Trátase de ofrecer un novo soporte para a tradicional clase de gramática, co que os alumnos, dirixidos polo material e polo profesor, descobren de modo indutivo o funcionamento da lingua nos seus diversos niveis (morfolóxico, léxico, sintáctico, funcional, discursivo…). É dicir, trátase de ofrecer ferramentas alternativas para potenciar e para activar o coñecemento explícito de regras.

Na mesma sección preséntanse **esquemas gramaticais** e funcionais a modo de cadros de consulta. Con eles perséguese, ante todo, a claridade, sen renunciar a unha aproximación comunicativa e de uso á gramática.

practicar e comunicar

O terceiro bloque está dedicado á práctica lingüística e comunicativa. Inclúe propostas de traballo moi variadas, pero que sempre consideran a significatividade e a implicación do alumno no seu uso da lingua.

Nunha primeira parte, o obxectivo é experimentar o funcionamento de regras en actividades que focalizan unha ou outra forma lingüística no que poderiamos chamar “microtarefas comunicativas”.

Na segunda parte desta sección, propóñense tarefas cuxo obxectivo é exercitar verdadeiros procesos de comunicación no seo do grupo, que implican diversas destrezas e que se concretan nun produto final escrito ou oral (unha escenificación, un póster, a resolución negociada a un problema etc.).

Cabe resaltar as novas propostas comunicativas que encontramos nesta parte do manual, baseadas na experiencia do alumno nun contexto galegofalante: as súas observacións, a súa percepción do contorno convértense en material de reflexión intercultural e nun potente estímulo para a interacción comunicativa dentro do grupo-clase.


viaxar

12. DEPORTISTAS DE ELITE

David Cal:

Óscar Pereiro:

Michel Salgado:



viaxar

Inclúe materiais con contido cultural (textos informativos, imaxes...) que lle axudan ao alumno a acercarse e a comprender mellor a realidade cotiá e cultural galega.


máis exercicios

UNIDADE 2
Momentos especiais

Alén diso, o libro complétase coas seguintes seccións:

Máis exercicios


Propóñense novas actividades de práctica formal que estimulan a reflexión e a fixación dos aspectos lingüísticos presentados na unidade, deseñadas de xeito que o alumnado as poida realizar de forma autónoma, aínda que tamén poden ser utilizadas na clase a modo de recapitulación de aspectos gramaticais e léxicos da secuencia.


UNIDADE 2



Resumo gramatical

Ademais da sección de gramática incluída en cada unidade, o libro conta cunha sección que aborda brevemente, pero de forma máis detallada, os contidos gramaticais das diferentes unidades, aínda que se poida precisar do apoio do profesor para aclarar algúns aspectos.


Nivel B1 en lingua galega

Habilidades e contidos adaptados ao Marco europeo común de referencia para as linguas (MECRL)

Nivel B1 en lingua galega

Ofrécese unha descrición por competencias do nivel B1 segundo o establecido no Marco europeo común de referencia para as linguas do Consello de Europa, que se corresponde coas esixencias do Celga 2.


transcricións

UNIDADE 1
Volver empezar

UNIDADE 2
Momentos especiais

Transcricións

Por último, proporciónanse as transcricións de todo o material auditivo que se atopa no cd que acompaña o libro.

Con **Aula de galego** pretendemos encher un baleiro evidente cun material dúctil pero coherente; actual dende o punto de vista das novas tendencias metodolóxicas, pero, ao mesmo tempo, fácil de usar e rico, sen ser complexo. É un material que lles dedicamos a todos os colegas que realizan esa apaixonante, e ás veces non sempre suficientemente valorada, tarefa de ensinar a lingua galega dentro e fóra de Galicia.

índice


Galicia
Santiago de Compostela
Síntoo, non o sei.
Onde está a biblioteca?
Como se escribe "ventá"? Con be ou con uve?
Podes falar máis amodo, por favor?
OlabodaChánome Carmeeestudogalego.
Que significa "graciñas"?
Como se di "danke" en galego?
Que dis? Podes repetir, por favor?
どこの国から来たの？
Síntoo. Non falo xaponés.
Como se chama isto?
Páxina 23, exercicio 4.



UNIDADE 1

Volver empezar

Nesta unidade imos inventar a biografía do candidato ideal para un posto de traballo.
Para iso, imos repasar e aprender:

◆ *a falar de hábitos en presente* ◆ *a relatar experiencias pasadas* ◆ *o uso do pretérito e do copretérito* ◆ *a falar do inicio e da duración dunha acción* ◆ *a localizar unha acción no tempo* ◆ *algunhas perífrases:* ***volver*** *+ infinitivo,* ***ir*** *+ infinitivo,* ***empezar a*** *+ infinitivo,* ***acabar de*** *+ infinitivo,* ***deixar de*** *+ infinitivo,* ***levar*** *+ xerundio,* **seguir** *+ xerundio* ◆ *a formación do plural*

comprender

1. PROMOCIÓN DO 87



CD 1

A. Todas estas persoas están nunha festa de ex-alumnos na Facultade de Medicina. Hai tempo que non se ven. Le e escoita as conversas e, logo, contesta as preguntas.



Eva: Segues vivindo no Ferrol?
Pili: Non. Hai un par de anos que fun vivir para a aldea, no concello das Pontes; é que agora traballo na casa.

Chus: Acabo de conseguir o traballo da miña vida. En Médicos Mundi.
Tere: Que envexa! Eu levo unha chea de anos traballando no mesmo lugar e estou máis farta...

Luís: Que sabes de Xoán?
Marta: Pois está moi ben. Montou unha empresa, vendeuna por unha chea de cartos e deixou de traballar.
Luís: Ah, si? Que sorte! Non?

1. Quen deixou de traballar?..
2. Quen foi vivir para unha aldea?..
3. Quen volveu casar?...
4. Quen segue traballando en Chile?...
5. Quen leva moitos anos traballando na mesma empresa?.........
....
6. Quen vive fóra de España dende hai 15 anos? ....
7. Quen acaba de ter unha nena?..

B. Agora vas facerlle unha entrevista a un compañeiro para obter informacións sobre varios temas. Aquí tes alg unhas preguntas, pero podes engadir outras.

Familia	Tes irmáns/ás? Tes mozo/a? Estás casado/a?	....
Estudos	Canto tempo hai que estudas galego? Estudaches outros idiomas?	....
Traballo	Traballas? En que? Canto tempo levas traballando nese sitio? Gústache o teu traballo?	....
Residencia	Onde vives? Compartiches casa algunha vez? Mudaches de casa moitas veces?	....
Afeccións	Que che gusta facer no teu tempo libre? Cal foi a última película que viches? Practicas algún deporte? Dende cando? Sabes tocar algún instrumento? Cal?	....

● Tes irmáns, Sheila?
○ Si, un irmán e unha irmá.

2. VIDAS ESPECIAIS

A. Aquí tes a biografía de dous personaxes famosos do mundo galego. Comenta cun compañeiro quen ten a vida máis...

segura

interesante

dura

fácil

perigosa

tranquila

atractiva

José Cendón

O ollar da conciencia

Un fotógrafo comprometido coa dura realidade do planeta.



José Cendón, fillo de emigrantes, naceu en 1974 en Venezuela, pero regresou a Galicia cando aínda era un neno. Criouse en Compostela e comezou a estudar Económicas na universidade, pero pronto se decatou de que a súa vocación era a comunicación social. Deste xeito, trasladouse a Madrid para estudar Xornalismo e realizar cursos de cinema e fotografía, ámbito no que fixaría a súa orientación profesional.

Malia a súa xuventude, é un dos fotógrafos máis coñecidos de Galicia, tanto polo seu traballo como polo compromiso adquirido á hora de denunciar situacións de desigualdade e opresión. Dende 2002 ata 2004 traballou como *freelance* en Colombia, Venezuela, Israel e os territorios palestinos. Chegada esta data, colaborou sete meses coa Associated Press en Darfur (Sudán) e pasou a traballar de forma independente para a axencia France Presse, con cuxo traballo gañou dous premios prestixiosos de fotografía: o World Press Photo e o Pictures of the Year. As fotografías galardoadas constituían unha reportaxe sobre centros de saúde mental da rexión africana dos Grandes Lagos.

En 2008, trasladouse a Addis Abbeba (Etiopía) para cubrir a información gráfica da zona e, co gallo de elaborar unha reportaxe sobre os piratas do Índico con base en Somalia, viaxou a este país. As accións arriscadas a prol das noticias ocasionaron o seu secuestro por bandas da rexión somalí de Putlandia. A poboación galega viviu entre a preocupación e a admiración o tempo que durou o cativerio. Unha vez liberado, advertiu que volvía a África para completar o seu labor xornalístico, para denunciar as desigualdades planetarias.

- Rosalía Mera ten unha vida moi interesante...
- Si, pero José Cendón...

Rosalía Mera

Capital humano

O capital ao servizo dos outros.



Rosalía Mera naceu en 1944, na Coruña, no seo dunha familia humilde. Aos 13 anos deixou a escola e púxose a traballar nun comercio, onde coñeceu dous irmáns que traballaban como dependentes: Antonio e Amancio Ortega. Comezou a namorar co segundo e máis tarde casou con el. Xunto cos seus cuñados, o matrimonio fundou en 1962 a empresa Goa, na que fabricaban, distribuían e comercializaban os produtos téxtiles que elaboraban.

A empresa xermolou na exitosa Zara, que pronto traspasou as fronteiras galegas e foi a primeira pedra do emporio comercial Inditex, que converteu o matrimonio Ortega-Mera nun dos máis ricos do planeta. Pero en 1973 Rosalía pensou que era o momento de darlle outro rumbo á súa vida: deixou de traballar e comezou estudos de formación profesional na área sanitaria e de maxisterio. A partir dese momento buscou máis a compañía do mundo cultural, científico e académico que das grandes finanzas. E, malia a súa condición de multimillonaria, nunca esqueceu as súas orixes humildes e sempre fuxiu da fama, dos fastos e da ostentación.

Aínda que segue a ser a segunda maior accionista de Inditex, recentemente comprou o 4% do grupo farmacéutico Zeltia, polo compromiso da compañía na investigación, desenvolvemento e innovación en medicamentos para combater o cancro. Pero non é a única actividade onde Rosalía Mera combina a súa faceta de empresaria con proxectos de carácter humanitario, xa que hai tempo que inviste o seu patrimonio en iniciativas de marcado contido social. En 1986 creou a Fundación Paideia, unha sociedade sen ánimo de lucro que realiza diversas actividades que tentan incidir positivamente no tecido social galego. Deste xeito, conta con proxectos en ámbitos sociais como o da exclusión social e a marxinación, a discapacidade, a economía social e o desenvolvemento de zonas rurais e semiurbanas.

B. Aquí tes algúns testemuños dos dous personaxes anteriores. Cal deles cres que dixo cada unha destas frases?

"Non me atrae demasiado a idea de traballar nun país onde as cousas marchan ben."

"Hai que favorecer que se desenvolvan o talento e as capacidades ocultas."

"Prefiro seguir detrás das cámaras, non diante delas."

"Creo moito na capacidade do ser humano e no seu potencial para contribuír á transformación."

"Paréceme incrible que se lle preste tan pouca atención ao lugar onde sucederon e suceden as cousas máis terribles do planeta."

"Hai demasiados lugares nos que me apetecería vivir unha tempada."

"O máis importante do noso éxito é que seguimos sendo os mesmos de antes."

"Sei onde nacín, sei moi ben de onde veño."

3. CONTRATO INDEFINIDO

A. Unha empresa multinacional galega está buscando un director financeiro para a súa nova sucursal en Berna. Observa o anuncio e a información sobre Carme e Xulio, dous directivos da empresa que traballan actualmente na súa sede en Galicia. Logo decide co teu compañeiro cal é o candidato máis axeitado para o posto.

Grupo multinacional líder no sector téxtil precisa:

DIRECTOR ADMINISTRATIVO/FINANCEIRO PARA A SÚA SUCURSAL EN BERNA (SUÍZA)

Requírese
- Estudos superiores
- Dominio do alemán e coñecementos de inglés e francés
- Experiencia en dirección de equipos
- Experiencia internacional
- Flexibilidade horaria
- Dispoñibilidade para viaxar

Nome: Carme González Ríos
- **Hai** dez **anos** que traballa na empresa.
- Rematou a carreira de Económicas **hai** oito **anos**.
- **Hai** pouco fixo un curso de posgrao en Xestión Empresarial.
- **Dende que** está ao mando do seu departamento, conseguiu duplicar os beneficios.
- Viaxa menos **dende que** naceu a súa filla.
- **Hai dous meses** sacou o certificado do nivel C2 de alemán e estuda inglés **dende hai** catro anos.
- Vive en Vigo **dende** 1998. No 2000 estivo oito meses en Berlín por mor do traballo.

Nome: Xulio Casal García
- **Hai** tres **anos** que traballa na empresa.
- Rematou a carreira de Empresariais **hai** catro **anos**.
- **Dende que** dirixe o seu departamento, a coordinación do equipo mellorou considerablemente.
- Fala francés. Estuda inglés e alemán **dende hai** tres anos.
- Casou **hai** dous **anos**. **Hai** dous **meses** naceu o seu primeiro fillo.
- Estivo a cargo das exportacións ás sucursais de América **dende que** entrou na empresa.
- Viviu en París **de** 1999 **a** 2002. **Dende** 2003 vive en Vigo.

- Eu penso que...

B. Fíxate nas estruturas que están en grosa. Entendes como funcionan?

C. Completa agora estas frases con información sobre ti mesmo.

– Vivo en .... dende ....

– Estudo galego dende hai ....

– Hai .... que comezamos a clase.

4. ÉPOCA DE CAMBIOS

A. Celia Rei cóntanos algunhas mudanzas que tivo a súa vida a partir dun determinado momento. Escolle o mellor título para o seu testemuño.



- ☐ Escrava dos seus fillos
- ☐ Maternidade responsable
- ☐ Perfecta harmonía

Acaba de nacer a súa primeira filla. "Ser nai é unha experiencia incrible. Cámbiache completamente a vida e **comezas a ver** o mundo doutra maneira." A nena **leva** dúas horas **chorando**, pero Celia está encantada. Dende que recuperou os seus 59 quilos de peso e **volveu traballar** séntese moito mellor. "Son desas mulleres moi activas e, amais de ser nai, quero **seguir investindo** na miña profesión." Tampouco tivo que interromper radicalmente as súas actividades sociais. Pensa que nesta vida **hai que adecuarse** ás mudanzas e pasalo ben na medida do posible. "É verdade que veñen algúns momentos difíciles e ás veces **deixas de facer** moitas cousas que facías antes, como ir a pubs ou ao cine, pero **tes que procurar** programas ou actividades con outros perfís. Parece un pouco complicado ao comezo, pero logo adáptaste. Un exemplo é que a partir de agora **imos invitar** os amigos á casa máis a miúdo, sobre todo os venres, cando máis nos apetece facer cousas diferentes."

B. As expresións en negra son perífrases. Completa o cadro.

Verbo principal	Partícula (a/de/que/ø)	Forma nominal do verbo
volver	ø	infinitivo
deixar		
comezar		
ir		
seguir		
levar		
ter		
acabar		
hai		

5. TODOS OS LUNS

As seguintes palabras están no plural. Cal é a forma no singular de cada unha? Entendes as regras de formación do plural?

estudos	farois	coches	robots
barrís	salóns	cancións	casas
voces	autobuses	veloces	xeniais
clips	pasteis	luns	cales

Falar da duración

Hai + cantidade de tempo + que + verbo

- **Hai** máis de tres anos **que** vivo en Galicia. E ti?
- Eu, **hai** oito anos.

Dende hai + cantidade de tempo

- Non vexo a Carlos **dende hai** un ano.

Marcar o inicio dunha acción ou proceso

Dende + data

- Traballo nesta empresa **dende** 1992.

Dende que + verbo

- Está en Ourense **dende que** rematou os estudos.
- **Dende que** comezou a saír con Xavi, está máis contento.

! Tamén se emprega a forma **desde**.
- *Traballo nesta empresa* ***desde*** *1992.*

Localizar unha acción no tempo

Hai + cantidade de tempo + pretérito

- Aprobaches as oposicións **hai** moi pouco, non?
- Si, si, **hai** só tres meses.



Perífrases

Unha perífrase é unha combinación de dous verbos, un en forma persoal e outro en forma nominal (infinitivo, xerundio ou participio), ás veces unidos por unha partícula, na que o verbo conxugado pasa a ter un novo significado.

Acabar de + infinitivo
Expresa que unha acción ocorreu recentemente.

- **Acabo de conseguir** o traballo da miña vida.

Comezar a + infinitivo
Expresa o inicio dunha acción.

- Cando **comezaches a estudar** piano?

Deixar de + infinitivo
Expresa a interrupción dunha acción ou actividade.

- **Deixei de fumar** cando tiven o primeiro fillo.

Hai/Ter que + infinitivo
Expresa obriga ou necesidade de facer algo. Con **hai**, faise dunha forma máis xeral e impersoal; e con **ter**, dun xeito máis persoal.

- **Hai que manter** os bos costumes.
- **Teño que deixarche** os apuntamentos da última clase.

Ir + infinitivo
Expresa plan ou intención futura.

- **Imos saír** máis a miúdo no próximo curso.

Levar + xerundio
Expresa o tempo transcorrido dende o comezo dunha acción.

Marta **leva saíndo** con Xerardo unha chea de tempo.

Seguir + xerundio
Expresa a continuidade dunha acción.

- **Seguimos indo** ao cine unha vez á semana.

Volver + infinitivo
Expresa a repetición dunha acción.

- Carlos **volveu ter** problemas co coche esta semana.

Formación do plural

- Palabras rematadas en vogal, ditongo ou **-n**: engádeselles **-s** (**cravo/cravos**, **xersei/xerseis**, **xabón/xabóns** etc.).
- Palabras rematadas en **-r** e **-z**: engádeselles **-es** (**culler/culleres, voz/voces*** etc.).
- Palabras agudas ou monosilábicas rematadas en **-s**: engádeselles **-es** (**deus/deuses**, **autobús/autobuses** etc.).
- Palabras graves ou monosilábicas rematadas en **-l**: engádeselles **-es** (**xel/xeles**, **difícil/difíciles**, **túnel/túneles** etc.).
- Palabras agudas, de máis dunha sílaba, rematadas en **-l**: substitúese o **-l** por **-is** (**azul/azuis**, **carril/carrís** etc.).
- Palabras rematadas en consoantes distintas das mencionadas, que son, na maioría, estranxeirismos ou cultismos, forman o plural con **-s** (**club/clubs**, **pub/pubs**, **clip/clips**, **robot/robots**, **álbum/álbums** etc.).
- Palabras rematadas en **-s** ou **-x** , ben sexa grave, esdrúxula ou que formen grupo consonántico, permanecen invariables á hora de formar o plural (**mércores**, **lapis**, **lux**, **unisex**, **luns**).

* Ao facer o plural, o **z** cámbiase por **c**.



6. COIDAS DOS TEUS AMIGOS?

A. Consideras que es un bo amigo dos teus amigos? Responde este cuestionario e descúbreo.

O test da amizade

1 **Canto tempo hai que coñeciches o teu mellor amigo ou amiga?**

- ☐ a) Hai menos dun ano.
- ☐ b) Hai máis de tres anos.
- ☐ c) Hai máis de dez anos.

2 **Convidas os teus amigos á casa acotío?**

- ☐ a) Non, nunca.
- ☐ b) Si, ás veces.
- ☐ c) Si, moitas veces.

3 **Cantas datas de aniversarios recordas?**

- ☐ a) Só a do meu aniversario.
- ☐ b) As dos meus pais e meus irmáns.
- ☐ c) As de case todos os meus amigos.

4 **Canto hai que non chamas a un amigo ou amiga?**

- ☐ a) Hai máis dunha semana.
- ☐ b) Hai máis de tres días.
- ☐ c) Hai unhas horas.

5 **Cando lle enviaches unha mensaxe electrónica a un amigo ou amiga por última vez?**

- ☐ a) Hai un mes ou máis.
- ☐ b) A semana pasada.
- ☐ c) Hai pouco.

6 **Canto tempo hai que non lle pides un consello a un amigo ou amiga?**

- ☐ a) Hai moitísimo tempo.
- ☐ b) Hai bastante tempo.
- ☐ c) Hai pouco.

7 **Saes moito cos teus amigos?**

- ☐ a) Non, desde que coñecín a miña parella.
- ☐ b) Moito non. De cando en vez.
- ☐ c) Si, case todas as fins de semana.

B. Agora le os resultados. Estás de acordo? Coméntao cos teus compañeiros.

Resultados
Maioría de respostas A. Parece que non valoras moito os teus amigos. Recordas os seus nomes?
Maioría de respostas B. Tes amigos que te queren e aos que queres. Pero ás veces o estrés e o ritmo de vida que levas poden interferir na túa relación con eles.
Maioría de respostas C. Es un amigo excelente. Dáslle un gran valor á amizade e coidas dos teus amigos. Todo ten a súa recompensa: seguro que eles tamén te coidan a ti.

7. OS MEUS COMPAÑEIROS E EU

Fíxate nesta ficha. Marca primeiro aquelas informacións que poden aplicarse a ti. Despois, busca na clase persoas que respondan afirmativamente. Podes engadir outras informacións. Con quen tes máis cousas en común?

Busca alguén que...	Eu	Os meus compañeiros
Deixou de comer carne ou algunha outra cousa.		
Segue vivindo cos seus pais.		
Leva máis dun ano saíndo con alguén.		
Acaba de mudar de traballo		
Hai pouco comezou a ir ao ximnasio.		
Pensa ir vivir ao estranxeiro.		



8. CAMBIOS

A. Aquí tes unha serie de cousas que poden mudar a vida dunha persoa. En parellas, pensade outras e completade a listaxe.



B. Na túa opinión, cal ou cales das accións ou procesos da epígrafe A cambian máis a vida das persoas? Por que? Coméntao cos teus compañeiros.

- *Eu creo que ter un fillo é o cambio máis importante na vida porque tes que coidar del sempre, e...*
- *Si, pero para min o máis importante é...*



C. Escoita agora o testemuño dunhas persoas que comentan por que lles cambiou a vida. Que pasou en cada caso? Escríbeo.

1 ....
....
....

2 ....
....
....

3 ....
....
....

4 ....
....
....

D. Cales son as cousas da lista que che pasaron a ti? Cales non? Coméntao co teu compañeiro.

9. CANDIDATOS IDEAIS

A. Na sección de ofertas de emprego dun xornal apareceron os seguintes postos de traballo. En grupos, elixide un e decidide as características do candidato ideal para este posto: estudos, idiomas, experiencia laboral, afeccións etc.



Fareiro/a nunha illa deserta
Médico/a en Alaska
Catador/a de bombóns de chocolate en Suíza
Director/a dunha residencia de anciáns
Profesor/a dos fillos dun xeque árabe
Instrutor/a de tai chi
Astronauta no voo con tripulación a Marte
Dj nunha discoteca en Sanxenxo

B. Agora tendes que escribir a vida do candidato ideal para o posto de traballo que escollestes.


- *Rocío Díaz naceu en Mondoñedo hai 32 anos. Estudou na escola de Hostalería de Santiago de Compostela, onde se especializou en repostería. Actualmente é a reposteira xefe dun restaurante que...*

C. Agora, por quendas, algúns de vós asumiredes o papel de candidatos e contestaredes as preguntas que vos farán o resto dos compañeiros de traballo, coma se se tratase dunha entrevista laboral.

- *Tes experiencia como profesor/a?*
- *Si, traballei durante 5 anos nun colexio privado.*

10. O GALEGO, LINGUA SECULAR

A. Que sabes da historia da lingua galega? Le o seguinte texto e comenta co teu compañeiro que parte da información coñecías e cal descoñecías.



O galego, onte e hoxe

O galego é unha das linguas románicas, as cales proceden do latín. Naceu no noroeste da península Ibérica, na rexión que hoxe ocupa Galicia e o norte de Portugal. Os primeiros textos datan do século XII e ata o XIV o galego e o portugués foron a mesma lingua, pero comezaron a diverxer a partir do XV. Na época medieval a lírica galego-portuguesa foi, xunto coa provenzal, a máis prestixiosa da Europa occidental, mais o esplendor literario foise apagando conforme se extinguía a Idade Media e só comezou a dar mostras de recuperación a partir do século XIX, co Rexurdimento da lingua e da cultura propias. Con todo, e malia as dificultades, o galego sobreviviu grazas aos seus falantes e continuou a ser o primeiro idioma de comunicación da meirande parte dos galegos ata os anos 80 da pasada centuria. A partir dese momento, as xeracións máis mozas comezaron a afastarse da lingua dos seus pais e avós, aínda que actualmente se están a dar algúns síntomas de recuperación.

Oficialidade

O galego é unha das linguas oficiais do Estado español, xunto co castelán, o vasco e o catalán, tal como recolle a Constitución. Ademais, o Estatuto de autonomía de Galicia declara que a lingua propia de Galicia é o galego.

A diversidade

Aínda que o galego é a lingua propia de Galicia, tamén se fala no Bierzo leonés, en zonas de Asturias e Estremadura e en rexións de asentamento da emigración galega, como Iberoamérica (Cuba, México, Brasil e, ante todo, Arxentina) ou Europa Central (Alemaña, Francia, Suíza, Holanda ou Bélxica).

En territorio galego, malia haber unha norma estándar, existe unha ampla variedade na fala en función das áreas xeográficas. Esta diversidade contribúe, sen dúbida, á riqueza lingüística do galego. As principais variantes son as seguintes:

a) O galego occidental: corresponde á franxa occidental das provincias de Pontevedra e A Coruña. Caracterízase por ter gheada (*ghato*-gato) e nalgunha das súas zonas seseo (*sapato*-zapato)

b) O galego central: integra o nordeste e interior da provincia da Coruña, o interior de Pontevedra e case toda a provincia de Ourense e Lugo, agás a franxa máis oriental. Utilizan nalgúns casos os pronomes persoais *tu* (ti) e *il* (el) e ás veces teñen terminacións particulares no masculino, como *irmao* (irmán).

c) O galego oriental: comprende o leste de Lugo e Ourense. Utiliza formas plurais como *cais* (cans) e ás veces nasaliza algunha consoante, como *vecíus* (veciños).

B. Sabes a que familia pertence a túa lingua? Dende cando é a lingua oficial do teu país? Hai outras linguas oficiais? Onde se falan?

C. Se es galego, a cal das variantes pertence a túa fala? Saberías describila?



UNIDADE 2

Momentos especiais


Nesta unidade imos falar de recordos importantes.
Para iso, imos aprender:

◆ *a falar dunha acción en proceso (copretérito)* ◆ *a presentar as accións como un proceso rematado (pretérito)* ◆ *a coordinar oracións* ◆ *algunhas conxuncións coordinantes* ◆ *o xénero das palabras e a formación do feminino* ◆ *os signos de puntuación*

1. UN DÍA NA HISTORIA



A. Vas oír tres persoas que nos contan un momento da historia que lembran con moita intensidade. De que día fala cada unha? Márcao.







B. Agora, volve escoitar os tres testemuños e completa o cadro.

	Con quen estaba?	Onde estaba?	Que estaba a facer?	Que pasou?
1				
2				
3				

C. E ti? Lembras algún momento moi especial? Explícallelo aos teus compañeiros.

- *Si, eu lembro o mundial do 86 que gañou Arxentina. Eu vino cuns primos arxentinos que estaban por aquí e foi todo unha festa.*

2. HISTORIAS DE BALBINO

Xosé Neira Vilas, escritor exiliado en Cuba, converteu as memorias do neno Balbino nun dos meirandes éxitos da literatura galega. En que momento da historia de Galicia cres que se sitúa o seguinte fragmento de *Memorias dun neno labrego*?



Hai moitos meses que meu irmán Miguel marchou para América. Inda me lembro de cando se despediu de nós. Miña nai, a tía Carme e a madriña choraban. Meu pai estaba serio coma un pote. Nin bágoas nin risadas; os homes son homes. O padriño non quixo ir. A Celia, que está servindo en Loxo, mandámoslle recado pero non a deixaron os señores.

Eu estaba no medio de todos. Ninguén facía caso de min. Bulían a darlle consellos ó viaxeiro mentres non chegaba o coche de liña. Miguel dicía a todo que si, con cara de "tanto me ten". Collinlle unha man, e púxenme a contarlle os dedos para un lado e para o outro, dende o gordo ó meniño. Non dei chío pero gustábame que Miguel marchase. Despois contaríame moitas cousas. E eu dirías na escola. Como non me atendía turrei por el para unha beira. Anagouse e díxenlle ó pé da orella: "Eu quero que te vaias. Mándame unha carta dende América e cóntame historias dalá". Sorriu, púxome unha man na cabeza e esgarabelloume no pelo. Sentín coma un proído de sarabullo no corpo todo.

Escoitamos a buguina do "Modelo". Viña a todo meter, cun eito de caixóns e cestos derriba. Miña nai e mais a madriña dábanlle bicos e apertas a Miguel, seguían choromicando. Meu pai ergueu a maleta ata onde estaba o revisor. Unha maleta noviña, feita polo carpinteiro de Quintela. Despois apertou contra si un instante a meu irmán. Antes de meterse no coche, Miguel colleume polo pescozo, deume un bico na cara, e cun "abur, Balbino" fuxiu coma un lóstrego. Eu quedei feito un papón. Non souben dicir nin facer nada. Arrincou ó xeitiño o "Modelo". Miguel axexaba para nós mentres abaneaba un pano da man.

Algúns fitos na historia de Galicia.

831. Descubrimento do sepulcro do Apóstolo. Comezan as peregrinacións polo Camiño de Santiago.

1431. Guerra Irmandiña. Levantamento campesiño contra os abusos dos señores.

1528. Dominio da monarquía castelá sobre a nobreza galega.

1495 Creación da Universidade de Santiago de Compostela.

1809. Batalla de Ponte Sampaio contra a invasión francesa.

1861. Rexurdimento literario cos Xogos Florais da Coruña e a publicación de *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro.

1900. Consolidación e incremento dos fluxos migratorios cara a América ata mediados dos anos 50.

1916. Creación das Irmandades da Fala, movemento galeguista de reivindicación da lingua e dunha maior autonomía política para Galicia.

1931. Proclamación da II República.

1936. Aprobación do primeiro Estatuto de autonomía de Galicia.


1936-1939. Guerra Civil española que dá paso á ditadura franquista ata o ano 1975.


1978. Aprobación da Constitución española.

1981. Aprobación do Estatuto de autonomía de Galicia. Nese mesmo ano teñen lugar as primeiras eleccións ao Parlamento galego. Xerardo Fernández Albor é o primeiro presidente da Comunidade Autónoma galega.

3. CANDO VOLVÍA Á CASA...

A. Observa estas viñetas. Que diferenza na información achega cada unha das formas verbais que van en grosa.


Cando **saía** do autobús, caeume a carteira.


Cando **saín** no autobús, caeume a carteira.

Cando queremos describir unha situación en proceso, empregamos o .... Para presentar un feito como un proceso completamente rematado, usamos o ....

B. Subliña a forma verbal máis axeitada segundo a interpretación que se dá entre parénteses. Compara as túas respostas coas dun compañeiro e aclarade as dúbidas co profesor.

Onte cando **volvía/volvín** á casa atopei a Álex. (Álex estaba na rúa.)
Cando **chegaban/chegaron** ao hospital, naceu a nena. (A nena naceu no hospital.)
Cando os secuestradores **fuxían/fuxiron**, chegou a policía. (A policía aínda puido alcanzalos.)
Cando lago **baixaba/baixou** as escadas, achou un chaveiro. (O chaveiro estaba ao pé da escada.)
Cando **atravesaba/atravesei** a rúa, lembrei que non tiña cartos. (Estaba no medio da rúa.)

4. MASCULINO OU FEMININO?

A. Observa as palabras subliñadas. Sabes cal é o xénero de cada unha? Coméntao cun compañeiro. Lembrade que hai outros elementos nas frases que vos poden axudar.

1. Encántame a cor do ceo nas postas do sol.
2. O meu curmán marchou á capital en busca de traballo.
3. Fáltache un hache nesta palabra.
4. Necesitamos legumes cocidos para facer o puré.
5. Hai un novo museo de arte contemporánea na cidade.
6. Que fermosa paisaxe se ve dende esta ventá!
7. Algúns dos participantes deste concurso son marroquís.
8. Leite? Só o tomo con café, nunca só.
9. Pois aquel rapaz é un pianista moi coñecido.
10. Cando a coñecín, eramos estudantes de primaria.

B. No teu caderno, fai un cadro como o seguinte e coloca as palabras subliñadas na columna correspondente. Logo, engade polo menos un exemplo máis de cada caso.

masculino	feminino	masculino ou feminino

5. QUE FOI DELES?

A. Ánxela contéstalle unha mensaxe a un ex-mozo. Repara en que, segundo puntuemos o texto, a información pode cambiar. É moi diferente o resultado? Como pode ser a futura relación de Ánxela e Xoán en cada caso?

Querido Xoán:
Pregúntasme pola miña vida. Cambiei moito, non son a mesma. Vivo en Viveiro; xa non teño casa en Xove. A miña vida mudou moito ultimamente: traballo, viaxei moito e tiven un fillo. Non podo pedir máis, non é certo? E ti? Lémbrome de ti. A miúdo? Non. Non quero pensar en como sería a vida contigo. Polo tanto, son feliz. De ningún xeito quero seguir escribíndome contigo. Casei con Emilio: o teu gran rival.
Unha aperta.
Ánxela

Querido Xoán:
Pregúntasme pola miña vida. Cambiei moito? Non, son a mesma. Vivo en Viveiro? Xa non! Teño casa en Xove. A miña vida mudou moito ultimamente? Traballo? Viaxei moito? E tiven un fillo? Non. Podo pedir máis, non é certo? E ti? Lémbrome de ti a miúdo. Non, non quero pensar en como sería a vida contigo! Polo tanto, son feliz? De ningún xeito. Quero seguir escribíndome contigo... Casei con Emilio, o teu gran rival!
Unha aperta.
Ánxela

B. Agora, discute co teu compañeiro para que serven os diferentes signos de puntuación que aparecen no texto.

- *Eu creo que os puntos suspensivos...*

6. E, PERO, OU...

A. Le as seguintes frases. As palabras en grosa son conxuncións que serven para unir frases ou oracións. Entendes o seu significado? Discúteo co teu compañeiro.

Vivías coa túa familia **ou** tiñas casa propia?
Cando era novo, traballaba de día **e** estudaba pola noite.
Esforzouse moito, **pero** non aprobou os exames.
Non fixo o servizo militar **nin** foi á universidade.
Ora quería vivir no campo, **ora** prefería quedar na cidade.
Está sempre na casa sen facer nada, **é dicir**, é un vago.

B. Agora, relaciona os elementos das dúas columnas coa conxunción máis axeitada en cada caso.

1. Queres unha cervexa	a. os recibe na casa.
2. .... di que está ben coa moza,	b. merquei comida para todos.
3. Fun ao supermercado	c. non se relaciona moito coa xente.
4. Non sae cos seus amigos	d. non lle deron o traballo.
5. É un tipo moi solitario, ...	e. prefires un refresco?
6. Ten moita experiencia, ...	f. ora quere deixala.

Falar de feitos pasados: pretérito e copretérito

Para describir situacións ou falar dun feito en proceso nun determinado momento do pasado, empregamos o copretérito.
- *Cando **saía** da casa, chegou o carteiro.* (= o carteiro chegou e eu aínda estaba na casa)

Para falar de feitos pasados, presentando o proceso como xa rematado, empregamos o pretérito.
- *Cando **saín** da casa, chegou o carteiro.* (= o carteiro chegou e eu xa non estaba na casa)

Emprego dos signos de puntuación

Punto (**.**): representa unha pausa longa que indica o final ou o sentido completo dun enunciado. Escríbese tamén nas abreviaturas (**Sr.**, **etc.**, **D.**) e nos números para separar as unidades de mil e de millón (**1758**, **235.729**, **8.123.460**).
- *Eran as tres do mediodía e todos chegaban para o xantar**.***

Coma (**,**): indica unha pausa breve no enunciado e permite separar ou enumerar varios elementos no interior dunha frase.
- *Inés, a miña veciña, conseguiu o traballo que quería.*
- *Tiñamos tres cans**,** un gato**,** un coello e dous paxariños.*

Punto e coma (**;**): marca unha pausa maior ca a da coma, pero inferior á do punto. Emprégase máis frecuentemente para separar expresións que xa teñen comas ou oracións que se relacionan por un sentido lóxico.
- *O libro era meu; o dicionario, de Pedro; e a carpeta, de Xurxo.*
- *Esta casa vale máis de cen millóns; non podemos mercala.*

Dous puntos (**:**): xeralmente separan dúas partes dunha oración e serven para introducir unha explicación, causa, consecuencia, enumeración, cita textual e tamén aparece nos encabezamentos de cartas.
- *Hoxe cae un pedrazo horrible: ceamos todos na casa.*
- *Atopou o que tanto buscaba: a foto da moza e o seu reloxo.*

Puntos suspensivos (**...**): empréganse cando se interrompe unha enumeración ou un enunciado. Tamén pode indicar dúbida, vacilación, temor ou sorpresa.
- *Trouxeron a merenda dos nenos: galletas, froita, leite...*
- *E cando saíu o asasino ao escenario... apagouse a luz.*

Interrogación (**?**): colócase ao final dunha pregunta.
- *Canto levas vivindo neste barrio?*

Exclamación (**!**): colócase ao final dunha frase coa que se quere chamar a atención, mostrar sorpresa, dor ou entusiasmo e dar ordes.
- *Ponte quieto, por favor!*
- *Que ben falas o galego!*

O xénero das palabras

En galego só hai dous xéneros: masculino e feminino. En xeral, son masculinos os substantivos rematados en **-o** e femininos os rematados en **-a**, pero hai excepcións: **o fantasma, a moto, o diadema, a tribo** etc.
Os substantivos e adxectivos que rematan en -**ista** ou -**e** teñen a mesma forma para o masculino e o feminino: **dentista, alegre**, **optimista** etc. Os adxectivos que rematan en -**z** tamén teñen a mesma forma para os dous xéneros: **feliz, capaz** etc.
Os substantivos rematados en **-axe**, **-ción/-cción/-sión/-zón/-ión**, **-ez/-eza**, **-idade/-edade**, **-ura/-dura/-tura** e **-uxe** son femininos: **a viaxe**, **a doazón**, **a pureza**, **a facilidade**, **a brancura**, **a lanuxe**..., pero **o paxe**, **o traxe** e **o garaxe**.
Polo xeral, fórmase o feminino dos substantivos e adxectivos cambiando o **-o** final por **-a** ou engadíndolles **-a** ás terminacións -**r**, -**ín**, -**z** (só para os substantivos) e vogal tónica: **alto-alta**, **pintor-pintora**, **bailarín-bailarina**, **rapaz-rapaza**, **nu-núa** etc.
Os substantivos e adxectivos rematados en **-án** forman o feminino en **-á** (**irmán**/**irmá**, **cidadán**/**cidadá**); ou en **-ana** (**folgazán**/**folgazana, papán**/**papana** etc.). Os rematados en **-és**, fano en **-esa**: **fregués**/**freguesa**, **vigués**/**viguesa***;* agás **cortés**, que é invariable.
Dos substantivos rematados en **-ón**, algúns fan o feminino en **-oa**, pero tamén poden presentar outras formas: **león**/**leoa, ladrón**/**ladroa**/**ladra** etc.; e algúns substantivos e adxectivos fano en -**ona**: **chorón**/**chorona, pasmón**/**pasmona** etc.
Os adxectivos xentilicios rematados en vogal tónica presentan a mesma forma para o masculino e o feminino: **o/a marroquí**, **somalí**, **israelí, hindú** etc.
Hai palabras que presentan formas de feminino moi peculiares: **heroe**/**heroína**, **tsar**/**tsarina**, **sacerdote**/**sacerdotisa**, **profeta**/**profetisa**, **poeta**/**poetisa**, **xudeu**/**xudía**, **rei**/**raíña**, **galo**/**galiña**, **príncipe**/**princesa**, **abade**/**abadesa**, **barón**/**baronesa**, **actor**/**actriz**, **emperador**/**emperatriz**...

Coordinar oracións

Dúas ou máis oracións independentes poden unirse por medio de conxuncións coordinantes, formando un único enunciado.
- *Cheguei do traballo **e** preparei a cea para todos.*
  (= Cheguei do traballo. Preparei a cea para todos.)
- *Vivimos na costa, **pero** non imos moito á praia.*
  (= Vivimos na costa. Non imos moito á praia.)

As oracións coordinadas poden ser dos seguintes tipos:

Copulativas (**e**, **e mais**, **nin**): empréganse para sumar ou engadir segmentos de información.
- *Ana brincaba no parque **e** María xogaba ao balón.*
- *Limpou a casa, fixo a compra **e mais** preparou a comida.*
- *Non comeu **nin** bebeu nada.*

Adversativas (**pero**, **mais**, **porén**): introducen unha idea que contrasta con outra anterior, restrinxindo ou negando o seu significado.
- *Celso cáeme ben, **pero** non o vou invitar á miña festa.*
- *Traballa moito, **mais** nunca ten un peso.*
- *Estudou Maxisterio, **porén** nunca o exerceu.*

Disxuntivas (**ou**): expresan opcións entre as que se marca unha alternativa.
- *Imos ao cine **ou** vemos un filme na casa?*

Distributivas (**ora**... **ora**, **ben**... **ben**): expoñen accións alternativas, pero que non se exclúen.
- ***Ora** fala ben das amigas, **ora** non as quere ver.*

Explicativas (**é dicir**, **ou sexa**, **isto é**): explican ou aclaran o significado da primeira proposición.
- *Din que é un forasteiro, **ou sexa**, que non é de aquí.*



7. LENDAS URBANAS

A. Todos coñecemos historias incribles ou estrañas: lendas urbanas. Aquí tes dúas bastante curiosas. Cres que son verdadeiras? Coméntao co teu compañeiro.



1 Nunha vila da miña provincia houbo un incendio forestal o verán pasado. Para loitar contra o lume mobilizáronse todos os medios de urxencia: máis de cen voluntarios, corenta bombeiros profesionais, cinco helicópteros e un hidroavión. Tardaron catro días en controlar o lume e dous máis en apagalo. Despois, un equipo de técnicos foi ao lugar para avaliar os danos. Ata aquí todo normal, pero a sorpresa chegou cando os técnicos atoparon no medio do monte o cadáver dun mergullador. A única explicación que se lles ocorreu foi que o hidroavión, ao coller auga no mar, absorbeu o home. O caso nunca chegou a aclararse completamente.



2 Cando o home chegou a uns dous quilómetros da vila, atopou un control policial e fixéro no parar. Nese intre, produciuse un accidente a uns 300 metros daquel lugar e os gardas foron cara a alí. Aproveitando o momento, o condutor fuxiu, chegou á súa casa e meteu o coche no garaxe. Unhas dúas horas máis tarde, a policía presentouse na súa casa. O condutor negou os feitos. “Estiven toda a noite na casa”, dixo, pero os gardas preguntáronlle polo seu coche. “Onde garda o seu coche, señor?”. Levounos ata o garaxe e, cando o abriron, aparece o coche patrulla da Garda Civil. Seica cando fuxiu, confundiu o coche dos gardas co seu propio.


B. Nestes relatos nárranse os feitos, pero faltan descricións e informacións sobre as circunstancias. Coloca cada unha das seguintes no lugar que mellor lles acaia.

1. … cando o condutor estaba durmindo
2. … aínda tiña as luces acesas
3. … que estaban dispoñibles
4. … unha vez próximo á vila o home ía en coche cara á súa casa. Estaba algo bebido e conducía moi a présa
5. … estaba tan nervioso que
6. … que estaba practicando pesca submarina
7. … ningúen podía crer o que estaban vendo, xa que a praia estaba a case 60 quilómetros
8. … os gardas civís estaban pedindo a documentación e

C. Coñeces algunha outra historia curiosa? Cóntallela aos teus compañeiros.

8. QUE APURO LEVEI!

A. Nesta web algunhas persoas que visitan Galicia contan experiencias incómodas ou embarazosas durante a súa viaxe. Wataru, un rapaz xaponés, cóntanos a súa historia.



Souvenir xaponés

Este verán pasoume unha cousa terrible que me deu moita vergoña. Era a segunda vez que visitaba Galicia e quedei cuns amigos galegos que me convidaron á festa na casa dos seus pais, nunha aldea galega que se chama Zacande. Non era a primeira vez que os visitaba, xa o verán anterior fun á mesma casa comer e leveille un presente á nai dos meus amigos, que é algo que normalmente fago cando vou de viaxe: compro regalos para todas as persoas que coñezo ou podo coñecer e trato de levar algo típico do meu país, Xapón. Pois o caso é que, de novo, este verán comprei unha chea de *souvenirs* para levar de presente e cando lle dei o agasallo á nai dos meus amigos, miroume cunha cara un pouco rara e levoume ao salón dicindo: “vouno poñer ao lado do que me regalaches o ano pasado”. O peor é que sen decatarme leveille o mesmo regalo os dous anos: un típico abano xaponés.



B. Vas escoitar varias persoas que empezan a contar unha anécdota. Como cres que acaban?



C. Agora escoita e comproba.

9. TITULARES DE XORNAL

En parellas, tendes que completar os titulares das novas, unindo os numerais (1-6) coas letras (a-f). Despois, tendes que escoller un dos titulares e escribir a nova correspondente.

1. Deteñen o ladrón dunha xoiería
2. Chega á base espacial de Marte
3. Dúas vacas escapan do camión que as transportaba ao matadoiro
4. Un can abandonado recorre unha distancia de 50 quilómetros
5. O concello de Castroriz concédelle a insignia de ouro da vila
6. Unha anciá galega gaña o primeiro premio nacional de blogues.

a. No seu, relata as súas experiencias e dá consellos a quen llos pida.
b. porque na fuxida perdeu o DNI.
c. a un veciño que conseguiu deter uns ladróns que ían roubar á igrexa.
d. ata chegar á súa casa e, cando se reencontra co dono, mórdeo.
e. e emprenden unha fuga polos montes da Estrada seguidas polos gardamontes.
f. o primeiro astronauta galego.

10. O MISTERIO DE ROCÍO B.



A. Hai uns días Rocío B. foi pasar unha fin de semana nunha casa rural. Escoita a audición e toma notas do que pasou.



B. Agora, en parellas, escribide o que ocorreu aquel día. Pero coidado: no relato tedes que usar polo menos 10 destas palabras. Se o necesitades, podedes escoitar de novo a audición.



11. MOMENTOS

A. Pensa se viviches momentos como os seguintes. Escolle un e tenta recordar as circunstancias e o que pasou. Tamén podes inventar unha historia.

Onde estabas? Con quen? Cando foi?
Que estabas facendo? Que tempo facía?

Un momento no que pasaches moita vergoña



Un momento no que quedaches sen palabras

B. Agora cóntallelo aos teus compañeiros. Quen ten a anécdota máis interesante ou máis abraiante? Podedes gravar as vosas intervencións para avaliar despois a vosa produción oral.

- Eu unha vez pasei moito medo nun avión.
- Cando?
- Pois hai seis anos ou así. Volvía de México e...

12. DEPORTISTAS DE ELITE

A. Aquí tes un artigo sobre o deporte galego. Coñeces os deportistas dos que fala? Sabes algo sobre algún deles? Coméntao cos teus compañeiros.



A finais dos anos 80 e a principios dos 90 do século pasado xurdiu en Galicia unha nova xeración de deportistas que conseguiron éxitos nunca vistos ata entón no deporte galego. Ciclistas como Álvaro Pino, futbolistas como Fran ou xogadores de baloncesto como Fernando Romay marcaron fitos na elite dos seus respectivos deportes. Lonxe quedaban os éxitos individuais e illados dos Amancio ou Luís Suárez.

Pero o cambio máis grande e significativo chegou nos primeiros anos deste século, nos que varios deportistas, aínda mozos, lograron chegar ao máis alto. Os Xogos Olímpicos, por exemplo, consagraron o éxito do deporte galego: o piragüista David Cal -o galego máis laureado nos Xogos- acadou melladas de ouro e prata en Atenas e dúas pratas en Pequín. Do mesmo xeito, logaron o ouro en Pequín o tamén piragüista Carlos Pérez Rial, *Perucho*, e Antón Paz, na modalidade de vela. Noutros campionatos, Iván Raña e Gómez Noya dominaron os mundiais de triatlón, Michel Salgado logrou a Champions League de fútbol, Borja Oubiña xogou na prestixiosa Premier League inglesa, Óscar Pereiro gañou un Tour de Francia e Estefanía Hernández foi a campioa de Europa de taekwondo.

Os sociólogos e psicólogos deportivos teñen varias explicacións para este feito. Unha delas é que, dende a chegada da democracia, os concellos crearon novas e modernas instalacións deportivas. Outra explicación é que o nivel de adestradores, técnicos e persoal médico mellorou de forma moi notable a partir dos anos 80. Pero existe unha terceira e importante razón: a integración masiva das mulleres no mundo do deporte, o que multiplicou o número de persoas que se animaban a practicalo.

Grazas a estes cambios, empezáronse a coñecer e practicar actividades como o piragüismo, a natación ou o tenis, que ata entón eran minoritarios en Galicia. De calquera xeito, o deporte rei, o que segue a levantar paixóns e move a millóns de persoas, é hoxe, como hai 70 anos, o fútbol.





B. Agora le estas curiosidades sobre tres deportistas galegos. Coñeces datos como estes referidos a outros deportistas? Ou a deportistas do teu país? Explícallelo aos teus compañeiros.

David Cal: Foi o abandeirado da delegación española nos Xogos Olímpicos de Pequín.

Óscar Pereiro: Aínda que é ciclista, é un gran seguidor do Celta. Ata chegou a participar nun adestramento do primeiro equipo.

Míchel Salgado: A súa fichaxe millonaria polo Real Madrid supuxo un récord nos traspasos do fútbol galego.



UNIDADE 3

Busque e compare

Nesta unidade imos deseñar e presentar unha campaña publicitaria. Para iso, imos aprender:

◆ *a recomendar e aconsellar* ◆ *a dar instrucións* ◆ *a describir unha escena en pasado e en presente* ◆ *a forma e algúns usos do imperativo* ◆ *o emprego dos pronomes reflexivos* ◆ *a colocación dos pronomes reflexivos, de CD e de CI* ◆ *os numerais ordinais*

1. RETOS PUBLICITARIOS

A. Publicaron nun xornal esta entrevista a un experto en publicidade. Lea e anota no teu caderno, en dúas columnas, as afirmacións coas que esteas de acordo e aquelas coas que non.



Xoga coas palabras, pero non é un poeta. Traballa coas imaxes, pero non é un fotógrafo. Proxecta emocións, pero non é un ilusionista. É Miguel Conde Lobato (Caracas, 1963), un dos publicistas galegos máis coñecidos e valorados. A súa empresa BAP Conde, que fundou en 1987, logo vendeu e finalmente recomprou en 1994, é un referente no mundo da publicidade no eido internacional. Elaborou dende campañas publicitarias para grupos empresariais líderes no seu sector ata campañas electorais de políticos. Pero, hoxe por hoxe, ten unha teima: construír unha marca-imaxe de Galicia. El chámalle Banco de Capital Simbólico.

Que é o máis atractivo da publicidade como traballo?
Pois que é un traballo moi creativo, xa que está moi próximo ao mundo da arte: combina imaxes, marca e logotipo para impresionar o observador. E é unha actividade bastante rendible, aínda que non tanto como outros negocios.

Entón, necesítase inspiración para ser publicista, non?
Non tanto, a creatividade é un traballo constante que mestura intuición, cultura e coñecemento. Trátase de crear un vínculo emocional entre a marca e o consumidor.

Respecto aos valores, a publicidade admite calquera cousa?
Nunca o admitiu nin nunca o vai admitir; aínda que agora os consumidores son máis tolerantes e máis permisivos e iso vai abrindo os límites. Ademais, cada día é máis difícil superar a capacidade de sorpresa do destinatario dun produto. Con todo, hai liñas que non se deben traspasar porque as malas prácticas prexudican a todo o sector.

Hai na actualidade un exceso de publicidade?
A publicidade segue a demanda. Por exemplo, na televisión, as necesidades dos anunciantes superan as grellas de programación das canles actuais. Menos mal que continúa a haber outros soportes como a radio, os paneis publicitarios ou, máis recentemente, Internet para chegar a todo tipo de público.

E as campañas electorais, son só márketing?
Non, o márketing político ten que ter contido, senón non vale. Non é só un slogan. Pero, tecnicamente, para o publicista o traballo é semellante aínda que máis longo, pois, a diferenza doutro produto comercial, non se pode lanzar dun mes para outro.

Entre os seus proxectos está mellorar a imaxe de Galicia, non si?
Por suposto. Porque creo que é necesario crear una marca-país; se non hai unha icona, unha imaxe, non hai país. Un país é unha idea recoñecible, un tópico, algo visual. Esa é a súa marca!

Tanto ten que mellorar a imaxe de Galicia?
Ante todo hai que adecuala á realidade, xa que non é a mesma de hai 40 anos. Temos que mellorar a imaxe e os estereotipos que aínda existen. Pertencemos a unha xeración de galegos dinámica e sen complexos e temos que ser os impulsores dos cambios, entre eles asumir unha nova imaxe que venda mellor a marca Galicia. A construción dun Banco de Capital Simbólico ten que estar liderado por sectores emprendedores da sociedade civil.

Entón hoxe esa marca vende pouco?
Non, non é iso, pero aínda é difícil vender innovación galega, por exemplo a tecnoloxía. E tamén a nós nos custa crer nas nosas potencialidades. Por exemplo, eu estou convencido de que a idea do Capital Simbólico Galego xa funcionaría noutros países, pero como a propón un galego sempre temos receos.

B. Volve ler o texto e busca palabras ou expresións para cada unha destas categorías. Sabes outras?

Soportes publicitarios	Elementos dun anuncio	Persoas relacionadas coa publicidade
Internet	a marca	os consumidores

2. UN ANUNCIO

A. Este anuncio corresponde a unha campaña dunha empresa telefónica. Que ves? Que che suxire? Completa a ficha.

► Veña cariño, un bico.
► MUA MUA
► Vai, colga.
► Non, colga ti.
► NON, PRIMEIRO TI.
► Ben, xa colgo.
► Un último bico.
► MUA
► Vai, colga.
► Non, ti.
► OS DOUS.
► Vale, os dous.
► PERO COLGA, EH?



ÚNETE Á COMUNICACIÓN

Agora con UNET conseguirás tarifas máis baratas, incluso en chamadas de fixo a móbil (0,10 € minuto)

B. Traede á clase anuncios (se é posible en galego) e comentádeos en parellas. Elixide o que máis vos guste e, logo, explicádelles aos demais por que vos parece un bo anuncio.

Que vemos?

1. Logotipo: UNET

2. Servizo que ofrece: ....

....

3. Slogan: ....

....

4. Soporte:
- ☐ prensa escrita
- ☐ radio
- ☐ televisión
- ☐ ....

5. Como describe o produto?
- ☐ de maneira obxectiva
- ☐ mostra indirectamente as súas vantaxes
- ☐ compárao con outros
- ☐ ....

6. Como é o texto?
- ☐ técnico
- ☐ humorístico
- ☐ poético
- ☐ ....

7. Que tipo de texto imita?
- ☐ un conto
- ☐ unha carta
- ☐ unha conversa
- ☐ unha postal

Que nos suxire?

1. Gústache? Por que? ....

....

....

....

2. O slogan é fácil de lembrar? ....

....

3. A que tipo de público se dirixe?
- ☐ homes
- ☐ mulleres
- ☐ mozos
- ☐ nenos
- ☐ ....

4. A que valores se asocia o produto?
- ☐ beleza
- ☐ éxito social
- ☐ amor e amizade
- ☐ liberdade
- ☐ solidariedade
- ☐ ....

3. SLOGANS

A. Aquí tes algúns slogans publicitarios. Que cres que anuncia cada un? Relaciona os elementos das dúas columnas.

1. **Rompa** coa monotonía, **voe** connosco.	a. unha rexión
2. **Non rompas** a tradición; no Nadal, sempre o mellor na túa casa.	b. unha campaña ecolóxica
3. **Non vivas** perigosamente. **Amplía** as túas capacidades.	c. unha marca de coches
4. **Cumpre** un soño: **ven** ás Rías Baixas. Ti merécelo.	d. unha gardaría
5. **Ponlle** máis sabor á túa vida.	e. transportes públicos
6. **Non deixe** a súa roupa noutras mans.	f. un deterxente
7. **Pida** algo intenso: só ou con leite. Decídeo vostede.	g. unha marca de turrón
8. **Fai** números e **deixa** o teu coche na casa.	h. un xeado de dous sabores
9. **Vive** unha dobre vida. Ti podes facelo.	i. unha marca de pixamas
10. **Déitate** con "Doncotón".	j. unha compañía aérea
11. **Pense** no planeta. Por vostede e polos demais.	k. unha salsa de tomate
12. **Reláxate**. Coidamos nós dos teus peques.	l. unha marca de café

B. Fíxate nos verbos que aparecen en grosa. Están no imperativo. Sabes como se forma este modo verbal? Completa os cadros.

IMPERATIVO AFIRMATIVO

	deixar	romper	vivir
(ti)	....	rompe	....
(vostede)	deixe	....	viva

IMPERATIVO NEGATIVO

	deixar	romper	vivir
(ti)	non deixes	....	....
(vostede)	....	non rompa	non viva

C. Estes verbos son irregulares no imperativo. Son irregulares tamén nalgunha outra forma verbal? En cal?

E – I	(ti)	sigue	non sigas
seguir	(vostede)	siga	non siga
pedir	(ti)	pide	non pidas
	(vostede)	pida	non pida

D. Aquí tes os imperativos negativos de **ti** e de **vostede** dalgúns verbos. Procura nos slogans a forma afirmativa de **ti** e logo completa a columna de **vostede**.

IMPERATIVO NEGATIVO		IMPERATIVO AFIRMATIVO	
ti	vostede	ti	vostede
non fagas	non faga	....	....
non poñas	non poña	....	....
non veñas	non veña	....	....

4. RECICLA E SÉ FELIZ

A. Este é un anuncio de Reciclaxe en acción. Leo e responde as preguntas.

NON DURMAS. NECESITÁMOSTE!

Aborréceche un moble? Non o tires. Alguén o necesita.

Medicamentos que non vas utilizar? Gárdaos. Os hospitais sempre os precisan.

Lentes que non usas? Por que as botas? Podes envialas a persoas que as van usar.

A túa roupa está pasada de moda? Precísaa moita xente. Regálaa.

Un abrigo novo. Mercáchelo e xa non che gusta? Tranquilízate. Atopamos quen o aproveite.

Libros que xa non valoras? Outras persoas quérenos. Levámolos a unha biblioteca pública.

Con **Reciclaxe en acción** podes enviar todas estas cousas a quen as necesita.

FAITE SOCIO!

1. Que é Reciclaxe en acción?
2. A que se dedica?
3. Que mensaxe pretende transmitir? Podes resumilo nunha soa frase?

B. Volve ler o anuncio. Sabes a que palabras do texto fan referencia estes pronomes? Escríbeas.

O = ...

A = ...

Os = ...

As = ...

C. Podes deducir cando poñemos os pronomes antes do verbo e cando despois?

	antes	despois
Cun infinitivo?		
Cun imperativo afirmativo?		
Cun imperativo negativo?		
Con outras formas verbais?		

D. Agora fíxate nestes verbos reflexivos. Podes escribir a forma de **ti** e de **vostede** no imperativo negativo?

	ti	vostede
deitar**se** con "Doncotón"	non te deites	non se deite
facer**se** socio	....	....
relaxar**se**	....	....
tranquilizar**se**	....	....

Imperativo

O imperativo en galego ten catro formas: **ti** e **vós**, **vostede** e **vostedes**.

IMPERATIVO AFIRMATIVO

	pensar	**comer**	**partir**
(ti)	pens**a**	com**e**	part**e**
(vós)	pens**ade**	com**ede**	part**ide**
(vostede)	pens**e**	com**a**	part**a**
(vostedes)	pens**en**	com**an**	part**an**

As formas para **ti** e **vós** obtéñense eliminando o -**s** final da forma correspondente en presente de indicativo.

pensas = **pensa**   pensades = **pensade**

Algúns verbos irregulares non seguen esta regra para **ti**.

dicir = **di**   durmir* = **durme**   facer = **fai**   ir = **vai**   poñer/pór = **pon**
ter = **ten**   ser** = **sé**   servir* = **sirve**   vir = **ven**

* E todos os verbos que se conxugan coma estes verbos.
** A forma para **vós** do verbo **ser** tamén é irregular: **sede**.

As formas para **vostede** e **vostedes** obtéñense cambiando a vogal temática do verbo correspondente.

pensar = pens**e**/pens**en**   comer = com**a**/com**an**   partir = part**a**/part**an**

IMPERATIVO NEGATIVO

As formas do imperativo negativo obtéñense cambiando a vogal temática do verbo correspondente: verbos rematados en **-ar** = **e**; verbos rematados en **-er**/**-ir** = **a**.

	pensar	**comer**	**partir**
(ti)	non pens**es**	non com**as**	non part**as**
(vós)	non pens**edes**	non com**ades**	non part**ades**
(vostede)	non pens**e**	non com**a**	non part**a**
(vostedes)	non pens**en**	non com**an**	non part**an**

Non obstante, algúns verbos non seguen esta norma:

Ir: *non vaias, non vaiades, non vaia, non vaian*
Ser: *non sexas, non sexades, non sexa, non sexan*
Estar: *non esteas, non esteades, non estea, non estean*
Facer: *non fagas, non fagades, non faga, non fagan*
Poñer/pór: *non poñas, non poñades, non poña, non poñan*
Saír: *non saias, non saiades, non saia, non saian*
Vir: *non veñas, non veñades, non veña, non veñan*

Algúns usos do imperativo

Recomendar e aconsellar

- **Non deixe** este produto ao alcance dos nenos.
- **Lea** as instrucións antes de poñer o forno en marcha.
- **Fai** algo diferente esta fin de semana.
- **Desconecta** un pouco.

Dar instrucións

- Primeiro, **enche** unha taza de auga.
- **Lave** esta peza a menos de 30º.

Pronomes reflexivos

Empregamos os pronomes reflexivos **me**, **te**, **se**, **nos**, **vos**, **se** para indicar que a acción recae sobre o mesmo suxeito que a practicou.

- Ana cortou**se** cun coitelo.
- Erguémo**nos** moi cedo todos os días.

A posición do pronome

Con infinitivos e con verbos conxugados, incluíndo o imperativo afirmativo, os pronomes reflexivos, os de CD e os de CI sitúanse despois do verbo e unidos a el.

- Hoxe erguéron**se** máis tarde.
- Déixa**o** sobre a mesa da cociña, por favor.
- Gustou**lles** moito o noso regalo.

Non obstante, o pronome colócase antes do verbo e separado del despois de palabras que marcan subordinación (**que**, **se**...); dalgúns adverbios (**non**, **nunca**, **xamais**, **talvez**, **seica**, **sempre**, **xa**, **só**, **aquí**...); de indefinidos como **algo**, **alguén**, **ninguén**, **nada**, **calquera**...; e de interrogativos e exclamativos (**que**, **canto**, **cando**, **como**, **por que**...).

- Fixen a compra cos cartos que **me** deixaches.
- Non **te** preocupes. O traballo xa **o** remato eu.
- Seica foi á festa, pero ninguén **a** viu.
- Cando **nos** invitas á túa casa nova?

Nas construcións con preposicións e nalgunhas perífrases verbais a posición do pronome é variable.

- Isto é para **lle** regalar a Lucía.
  Isto é para regalar**lle** a Lucía.
- Estába**se** duchando./Estaba duchándo**se**.
- Tes**me** que axudar./Tes que **me** axudar./Tes que axudar**me**.

Describir unha escena

Cando describimos unha escena ou unha secuencia que recordamos (dun filme, dun anuncio...), podemos empregar o copretérito ou o presente.

No anuncio, unha muller **saía** da ducha e **dicía**...
Na imaxe **víase** un can que **estaba** só e...

No anuncio **óese** unha voz, pero non **se ve** a ninguén.
A mensaxe **di** algo contra as drogas.

Numerais ordinais

1.º/1.ª	primeiro/primeira	9.º/9.ª	noveno/novena
2.º/2.ª	segundo/segunda	10.º/10.ª	décimo/décima
3.º/3.ª	terceiro/terceira	11.º/11.ª	undécimo/undécima décimo primeiro/-a
4.º/4.ª	cuarto/cuarta	12.º/12.ª	duodécimo/ duodécima décimo segundo/-a
5.º/5.ª	quinto/quinta	13.º/13.ª	décimo terceiro/-a
6.º/6.ª	sexto/sexta	20.ª/20.ª	vixésimo/vixésima
7.º/7.ª	sétimo/sétima		
8.º/8.ª	oitavo/oitava		

5. INSTRUCIÓNS

A. Aquí tes unhas instrucións. Onde cres que podemos atopalas? Coméntao co teu compañeiro.

1

1. *Encha unha cunca de auga.*
2. *Póñaa no microondas entre 2 e 3 minutos.*
3. *Bote o contido do sobre na cunca.*
4. *Remóvao e goce do momento.*

2

Siga os pasos que lle indicamos para realizar a operación:

- 1.º: introduza o seu número secreto.
- 2.º: seleccione a cantidade ou escriba a que desexa.
- 3.º: recolla a súa tarxeta.
- 4.º: se desexa realizar outra operación, volva á pantalla de inicio.

3


Non uses lixivia.



Non laves a máis de 30º.


Non retorzas para que non se deforme.

4

- Conserva o billete ata o final do traxecto.
- Preséntao por petición de calquera empregado.
- Pide axuda se a necesitas para entrar na cabina.

• *Pois eu creo que estas instrucións son dunha compañía...*

B. En parellas, agora escribide unhas instrucións (para **ti** e para **vostede**) e os vosos compañeiros terán que adiviñar de que son.

6. E NON FAGADES FESTAS

Gonzalo e Santiago son dous adolescentes que van quedar sós unha semana mentres os seus pais van de viaxe. Mira a listaxe que lle deixou a súa nai sobre as cousas que teñen que facer e despois completa a nota.

lavar a louza
recoller a mesa
pasar o aspirador
colgar o teléfono
apagar o ordenador
baixar o lixo
darlle de comer ao gato
regar as plantas
ordenar as revistas
recoller a roupa no cuarto
facer a cama
apagar as luces

Lavade a louza todos os días.
......
....

7. UNHA PAUSA PARA A PUBLICIDADE

A. Aquí tes a transcrición incompleta dalgúns anuncios de radio. Que cres que anuncia cada un? Coméntao co teu compañeiro. Logo, en parellas, decidide e escribide un final para cada anuncio.

1. *"O primeiro que notas é que os ollos se che abren, a boca ábreseche e non podes moverte. Intentas pensar noutra cousa, mirar cara a outro lado, pero non podes. Queres dicir algo e non podes".*

....

....

....

....

2. *"Cansado do ruído, do tráfico e da contaminación? Está cheo das multitudes e aglomeracións? Odia a falta de espazo? Busca tranquilidade?"*

....

....

....

....

3. *"Vas á clase para principiantes porque alí es o mellor? Usas zapatos sen amallós para non ter que atalos? Prefires coller dous autobuses que camiñar 10 minutos?"*

....

....

....

....

4. *"En Suíza a todo o mundo lle gusta o chocolate e esquiar. A que esperas para descubrilo?"*

....

....

....

....



B. Agora escoita a versión completa dos anuncios. Coincide cos que fixestes?

8. UNHA CAMPAÑA

A. Recordas algunha campaña de publicidade impresionante ou divertida? Coméntao cos teus compañeiros.

- *Pois eu recordo unha campaña dun supermercado galego que era moi graciosa porque falaba dos tópicos dos galegos e das frases feitas que empregamos. Nel, a xente sentíase moi identificada con eles porque eran cousas que todos facemos ou fixemos algunha vez, e ao final do anuncio, dicía "vivamos como galegos".*

B. Como é para ti a campaña publicitaria ideal? Pensa nas características que ten que ter.

- ☐ Un bo slogan
- ☐ Unha música apegadiza
- ☐ Un texto impresionante
- ☐ Unha boa foto
- ☐ Unha boa historia
- ☐ Unha persoa famosa
- ☐ Outras: ....

C. Imos ser publicistas. En parellas, decidide cal destes produtos ides anunciar. Imaxinade primeiro as palabras ou valores que ides asociar ao produto e a que público queredes dirixilo.

- ➤ Un coche para xente nova. Pequeno e barato.
- ➤ Un perfume de muller. Moi exclusivo.
- ➤ Un perfume de home. Moi elegante.
- ➤ Unha liña de maquillaxe masculina.
- ➤ Unhas pastillas para os gases intestinais.
- ➤ Unha revista do corazón.
- ➤ Unhas vitaminas.
- ➤ Un curso de galego.
- ➤ Unha compañía de voos económicos.
- ➤ Un produto típico de Galicia.
- ➤ ...

- *Para anunciar un coche para xente nova temos que usar palabras como liberdade, diferente, económico...*

D. Agora ides preparar a campaña (para prensa, televisión ou radio). Tendes que decidir os seguintes puntos e, finalmente, gravalo, escenificalo ou deseñalo.

✪ Nome do produto ✪ Slogan
✪ Actores ou actrices ✪ Escenario
✪ Personaxes ✪ Texto ✪ Música

9. VIVAMOS COMO GALEGOS

A. A continuación, tes unha selección dalgunhas das frases que aparecen nun dos anuncios da campaña "Vivamos como galegos" dos supermercados GADIS. Que imaxe dos galegos cres que pretende transmitir? Coincide coa imaxe que tes ti? Os galegos que coñeces son así? Comentádeo en parellas.

B. Busca o anuncio en Internet e fai para el a mesma ficha que para a actividade 2. Pon en común cos compañeiros os aspectos que máis vos chamaron a atención.

C. Se es estranxeiro, imaxina que tes que facer unha versión do anuncio para o teu país. A que aspectos vas facer referencia? Que vas dicir?

"a xente non é fea, é riquiña"

"temos 17.340 festas"

"gústanos ter a despensa e a neveira sempre cheas"

"se alguén te pon en apuros, respóndelle con outra pregunta"

"come na casa dos teus pais sempre que poidas"

"un domingo sen aldea, non é un domingo"








UNIDADE 4

Mañá

Nesta unidade imos imaxinar como seremos dentro duns anos. Para iso, imos aprender:

◆ *a falar de accións e situacións futuras* ◆ *a expresar condicións:* ***se*** *+ presente/futuro de indicativo* ◆ *marcadores temporais de futuro* ◆ *recursos para formular hipóteses:* ***seguramente/probablemente/posiblemente/ seguro que/supoño que*** *+ futuro* ◆ *os determinantes* ◆ *as formas e algúns usos do futuro de indicativo* ◆ *as regras básicas de acentuación*

1. UN FUTURO DIFÍCIL

A. Cales cres que son os problemas máis graves que ten o mundo actualmente? Coméntao cos teus compañeiros.

• *Eu creo que un dos problemas máis graves é...*

B. Agora, le o seguinte texto sobre un dos principais problemas que ameazan a humanidade e tenta resumilo nun só parágrafo.

A TERRA EN PERIGO

O perigo máis grave que ameaza o mundo no século XXI é a chamada "explosión demográfica". O constante aumento da poboación mundial está poñendo en perigo a supervivencia dos que habitamos o planeta Terra: hai demasiada xente para o espazo e os recursos dispoñibles.

Uns anos atrás, a Terra estaba poboada por 2500 millóns de persoas. Hoxe somos máis de 5500 millóns. Irán, por exemplo, tiña en 1950 case 16 millóns de habitantes, agora os iranianos xa son máis de 80 millóns e dentro de 50 anos serán case 300 millóns. Na India viven actualmente uns 1000 millóns de persoas, pero en 2033 serán 1900 millóns. En Latinoamérica viven 450 millóns de persoas; en 2020, se se cumpren as previsións, serán aproximadamente 760 millóns. E o resto do mundo? Un informe recente asegura que en 2050 a poboación mundial superará os 10.000 millóns de habitantes.

As preguntas son obvias: resisitirá a Terra este ritmo de crecemento? Ata cando durarán os recursos non renovables como a auga, o petróleo ou o gas que xustamente están nas zonas de maior explosión demográfica? Son estes recursos responsables de problemas como a miseria, a fame, a contaminación, a deforestación, o quecemento da atmosfera...? Os gobernantes sempre teñen a última palabra, pero temos que facer algo, e pronto.

C. Ides traballar en grupos. Cal destas solucións vos parece mellor? Tendes outras propostas?

– Premiar as familias con poucos fillos
– Dar máis información sobre métodos anticonceptivos e distribuílos gratuitamente
– Non limitar a inmigración
– Prohibir ter máis dun fillo
– Axudar os países pobres a se desenvolveren economicamente
– OUTRAS: ....

• *Para nós, a mellor solución é...*

2. O ANO PERSOAL

A. Sabes o que é a numeroloxía? Sabes en que ano persoal estás vivindo? Le o seguinte texto e descúbreo.

A NUMEROLOXÍA E OS ANOS PERSOAIS

A numeroloxía foi creada na antiga Grecia por Pitágoras, filósofo e matemático que viviu aproximadamente entre 580 e 500 a. C. Pitágoras integrou esta disciplina ao coñecemento humano a través de táboas explicativas que pasaron de xeración en xeración ata os nosos días.

Segundo a numeroloxía, toda persoa vive ciclos distintos cada nove anos. Cada un deses anos pode ser moi diferente en canto a riqueza interior, sentimentos, necesidades, obxectivos...

Para determinar o número do ano persoal, débese realizar unha suma moi sinxela, partindo da data de nacemento e do ano en que vivimos. Por exemplo, se vostede naceu un 3 de decembro, os números correspondentes son 3 e 12 (decembro), que suman 15. A este número (15) sumámoslle o ano no que estamos, pero reducido a unha cifra. Por exemplo: 2009 = 2 + 0 + 0 + 9 = 11. Finalmente, do número resultante (15 + 11 = 26) sumamos as cifras que o compoñen (2 + 6 = 8).

B. Agora que xa sabes en que ano persoal estás, le as predicións correspondentes. Como vai ser? Que cousas farás? Cres que é verdade? Coméntao cos teus compañeiros.

ANO PERSOAL UN Xeralmente, cando estamos nun ano persoal un, empezamos unha etapa totalmente nova na vida. Cambiará a súa vida dende o punto de vista sentimental e comezará un ciclo novo de liberdade despois dunha separación. Probablemente cambiará de emprego, de residencia ou de país.

1

ANO PERSOAL DOUS Neste ano, as palabras clave son paciencia e cooperación. Ten que ser tolerante e procurar entender máis os demais. Seguramente pasarán cousas importantes no terreo do amor e da amizade: novos amigos, nova parella. Así mesmo, durante este ano poderán romperse relacións que ata agora eran estables.

2

ANO PERSOAL TRES Durante este ano terá que demostrar a súa capacidade creativa. Probablemente pasará o ano viaxando, estudando algo novo, creando... Terá moitas ganas de coñecer cousas novas e de pasalo ben. Ademais, terá éxito no traballo ou nos estudos, pero para iso terá que arriscar e ser innovador. Seguramente durante este ano gozará de momentos moi felices.

3

ANO PERSOAL CATRO Este é un ano de traballo duro. Probablemente traballará máis do necesario e non acadará os resultados esperados, pero non desespere. Terá pouco tempo para descansar, polo que terá que coidar a súa saúde. Iso si, é un bo ano para facer negocios, vender a casa, por exemplo. Posiblemente os seus parentes lle pedirán axuda e os seus amigos, cartos. Non confíe na sorte, senón no traballo e na organización.

4

ANO PERSOAL CINCO Este é un ano basicamente de mudanzas. Seguramente cambiará de residencia, de parella ou de traballo. Tente estar tranquilo e non tome decisións precipitadas. Non faga moitas cousas ao mesmo tempo, porque durante este ano haberá moitas oportunidades, pero terá que ir paso a paso.

5

ANO PERSOAL SEIS É o ano da responsabilidade. Terá obrigas respecto á súa familia, ao seu traballo e ás súas amizades. Este é un ano altruísta, de servizo aos demais. Moitas persoas, nun ano persoal seis, comprarán unha casa ou a reformarán, terán unha mascota nova ou plantarán árbores.

6

ANO PERSOAL SETE O ano persoal sete é o ano do coñecemento e da sabedoría. Moitas persoas encontraranse máis soas que noutros anos, con máis tempo para estudar, reflectir, tomar decisións importantes na súa vida. Se ten fillos, probablemente este ano marcharán da súa casa. Quizais cambiará de relixión ou comezará cursos de ioga, de meditación e interesarase pola astroloxía ou polo tarot. Tamén é un ano para viaxar. Se viaxa, probablemente irá a lugares históricos ou de interese cultural.

7

ANO PERSOAL OITO Seguramente terá dificultades económicas durante este ano. Tente, por tanto, facer plans moi concretos ao comezalo. Probablemente tamén terá algún problema de saúde. Cóidese. As preocupacións polo diñeiro poderán afectar as relacións persoais. Iso si, se fai algo para axudar os demais e non só pensando no seu propio beneficio, verase recompensado.

8

ANO PERSOAL NOVE Este ano terminará todo o que quería facer e probablemente non empezará nada novo. É un ano para tomar conciencia dos propios acertos e erros, para recuperar a saúde e para prepararse para o próximo ciclo. É, en definitiva, un ano de puntos finais.

9

- *Segundo o texto, este ano cambiarei de casa e, é verdade, vou cambiar de casa dentro dun mes. Tamén di que non teño que tomar decisións precipitadas...*

3. O FUTURO

A. Completa o cadro. Ten en conta que, en futuro, as terminacións para cada persoa repítense nas tres conxugacións verbais (-**ar**, -**er**, -**ir**).

	chegar	aprender	pedir
(eu)	chegarei	....	....
(ti)	....	aprenderás	....
(el/ela/vostede)	chegará	....	....
(nós)	....	aprenderemos	....
(vós)	chegaredes	....	....
(eles/elas/vostedes)	....	aprenderán	....

B. Relaciona cada frase da primeira columna coa mellor opción para completala na segunda.

1. Se compras lotería a miúdo,
2. Se temos tempo o luns,
3. Se aprobo o exame da carreira,
4. Se imos en coche,
5. Se no xantar te pos ao lado dalgún amigo,

a) **farei** unha gran festa para celebralo.
b) **chegaremos** alí moi cansos.
c) seguramente non te **aburrirás**.
d) **axudarémosche** coa mudanza.
e) seguro que un día che **tocará** algo.

C. Para expresar unha condición sobre o futuro, podemos usar esta estrutura. Completa os espazos cos nomes dos tempos verbais.

Se + ..., ...

D. Agora, completa ti estas frases.

1. Se ...., haberá paz no mundo.
2. Se no futuro a xente ten menos fillos, ...
....
3. Se ...., diminuirá o desemprego.
4. Se todos comezamos a gastar menos enerxía, ...
....

4. SEGURAMENTE

Que teñen en común todas estas frases? Coméntao co teu compañeiro.

1. **Seguramente** iremos ás illas Cíes nas vacacións.
2. Esta fin de semana **creo que** quedaremos na casa.
3. Hoxe **probablemente** terminarei ás oito.
4. **Estou seguro de que** ao final casaremos.
5. O próximo ano **posiblemente** farei o camiño de Santiago.
6. **Seguro que** algún día terminarás a carreira.
7. **Supoño que** mañá sairán os resultados das probas.

5. A CONSERVACIÓN DO PLANETA

A. Dora, unha estudante de galego, redactou unha composición sobre a conservación do planeta. Estás de acordo coa afirmación que fai ao final? Como cres que podemos colaborar? Coméntao co teu compañeiro.

O noso planeta é un tesouro prezado como o marfil, pero con mandíbula de cristal, xa que está exposto a moitos perigos. Se non actuamos axiña e detemos a súa deterioración, terá que ir ao médico e deixaremos de ter veráns plácidos e de cor azul. Este planeta é fantástico, pero será unha ruína se non limitamos o excesivo uso do automóbil e todo xénero de gases contaminantes.

Se o noso planeta se deteriora, escasearán a auga e alimentos como a carne animal, o azucre e os vexetais. Por iso esperamos que os políticos de acá e de acolá tomen accións decididas e tamén que todos os habitantes da terra, independentemente da nacionalidade do seu carné, colaboren para manter a conservación do noso medio. Está nas túas mans.


CD 20

B. Dora esqueceu colocar os acentos e a profesora fíxoo, marcando en vermello os lugares nos que faltaban. Escoita as seguintes palabras e subliña en cada unha a sílaba máis forte. Logo, clasifícaas nunha táboa como a de abaixo, segundo a posición da sílaba que subliñaches.

planeta	perigos	plácidos	uso	carne	acá
tesouro	axiña	cor	automóbil	animal	acolá
marfil	deterioración	azul	xénero	azucre	accións
mandíbula	médico	fantástico	planeta	vexetais	tamén
cristal	veráns	ruína	auga	políticos	carné
terra	conservación	medio	túas	mans	é

Palabras **agudas** (última sílaba)	Palabras **graves** (penúltima sílaba)	Palabras **esdrúxulas** (antepenúltima sílaba)	Palabras **monosilábicas**

C. Agora, despois de facer a actividade anterior, tenta completar o seguinte esquema.

- As palabras **agudas** teñen a última sílaba máis forte e levan acento ortográfico cando rematan en vogal, ... e ....
- As palabras **graves** teñen a penúltima sílaba máis forte, levan acento ortográfico cando rematan en consoantes distintas de .... e de ....
- As palabras .... sempre levan acento.
- As palabras .... teñen unha soa sílaba e por regra xeral .... se acentúan. Algunhas levan un acento diacrítico, para diferenciárense doutras que se escriben da mesma forma, pero teñen un significado distinto.

Futuro de indicativo

O futuro de indicativo fórmase engadíndolle ao infinitivo as seguintes terminacións.

	falar	comer	partir
(eu)	falar**ei**	comer**ei**	partir**ei**
(ti)	falar**ás**	comer**ás**	partir**ás**
(el/ela/vostede)	falar**á**	comer**á**	partir**á**
(nós)	falar**emos**	comer**emos**	partir**emos**
(vós)	falar**edes**	comer**edes**	partir**edes**
(eles/elas/vostedes)	falar**án**	comer**án**	partir**án**

No caso dos verbos irregulares, engádense as terminacións á raíz irregular de cada verbo.

dicir	facer
dir**ei**	far**ei**
dir**ás**	far**ás**
dir**á**	far**á**
dir**emos**	far**emos**
dir**edes**	far**edes**
dir**án**	far**án**

Empregamos este tempo verbal cando queremos facer predicións sobre o futuro.

- *Mañá **subirán** as temperaturas.*

Tamén podemos referirnos ao futuro usando o presente de indicativo. Facémolo, por exemplo, cando presentamos firmemente o resultado dunha decisión.

- *Non te preocupes. Mañá **dígollo**.*

Asemade, podemos falar do futuro mediante a perífrase **ir** + infinitivo, normalmente para falar de decisións, de plans ou de accións futuras moi vinculadas co momento no que falamos.

- *Que **ides facer** esta fin de semana?*
- ○ *Seguramente **imos ir** á praia.*

Marcadores temporais para falar do futuro

mañá
pasadomañá
a próxima semana
o (próximo) sábado/mes/ano...
este xoves/ano/mes/século...
esta mañá/tarde/noite/semana...
dentro de dous anos/uns anos/meses/días...
o luns/mes/ano... que vén

- *Tiven moito traballo **esta semana** e estou derreada. Creo que o sábado non sairei.*

Recursos para formular hipóteses sobre o futuro

- ***Seguramente** chegarán sobre as dez da noite.*
- ***Probablemente** volverán moi cansos despois da excursión.*
- *O noso partido **posiblemente** gañará as eleccións.*
- ***Seguro que** nos veremos pronto.*
- ***Supoño que** iremos de vacacións a Exipto.*

Expresar unha condición

SE + PRESENTE/FUTURO

- ***Se estudas** todos os días, **aprobarás** o exame.*



Regras básicas de acentuación

De acordo coa posición da sílaba tónica, as palabras que teñen máis dunha sílaba clasifícanse en **agudas**, **graves** e **esdrúxulas** e a súa acentuación faise da seguinte forma:

- **Agudas**: son as palabras nas que a sílaba tónica é a última. Levan acento gráfico cando rematan en vogal e nas consoantes **-n** e **-s**: **mañá**, **paté**, **refén**, **francés**, **composteláns**...
- **Graves**: son palabras nas que a sílaba tónica é a penúltima. Só levan acento cando rematan en consoante distinta de **-n** e de **-s** ou en grupo consonántico distinto de **-ns**: **difícil**, **álbum**, **carácter**, **tórax**...
- **Esdrúxulas**: son palabras nas que a sílaba tónica é a antepenúltima. Sempre levan acento: **médico**, **bágoa**, **cónxuxe**, **ávido**, **sílaba**...
- Os **monosílabos** non se acentúan, agás nos casos do acento diacrítico ou diferencial: **da**, **das** (contracción preposición + artigo)/**dá**, **dás** (formas do presente indicativo do verbo dar); **pe** (nome da letra)/**pé** (parte do corpo); **e** (conxunción)/**é** (verbo) etc.

6. A GALLETA DA SORTE

A. Segundo a tradición chinesa, as galletas da sorte esconden no seu interior predicións sobre o futuro. Imos escribir agora as predicións para os nosos compañeiros. Escribe nun anaco de papel unha predición e dállo ao teu profesor.



B. Agora o teu profesor vai mesturar os papeis e volvelos repartir. Abre o teu e le a predición. Que che traerá o destino? Cres que pasará?

- O meu papel di: "Esta semana coñecerás a túa alma xemelga" e a verdade é que...

7. QUE CRES QUE FARÁ?

Paco está de vacacións na casa duns amigos en Galicia. Que cres que fará en cada unha destas situacións. Coméntao cos teus compañeiros.



1. Se mañá chove e non pode ir á praia...
2. Se chegan os sobriños dos amigos de Paco a pasar uns días...
3. Se coñece alguén interesante...
4. Se esta noite vai ao casino e gaña 100 000 euros...
5. Se o seu xefe o chama e lle di que ten que volver ao traballo...

- Se mañá chove, supoño que irá de excursión a Santiago.

8. OS EXPERTOS OPINAN

A. Varios expertos reuníronse para falar sobre o futuro do mundo (2050). Estas son algunhas das cousas que dixeron. Con cales delas estás de acordo? E con cales non? Coméntao co teu compañeiro.



As linguas minoritarias desaparecerán.

Haberá moitos atentados terroristas.

Os libros serán electrónicos.

Produciranse grandes catástrofes naturais.

Haberá transporte aéreo individual.

Os nenos non irán ao colexio.

Será normal vivir 100 anos.

- Eu creo que os libros non serán electrónicos, sempre haberá libros de papel porque...

B. Que outras cousas cres que sucederán?

9. O FUTURO DE EVA



A. Eva foi ver unha adiviña para saber como será o seu futuro. Escoita a conversa e marca cales das seguintes cousas predí a adiviña.

- ☐ Vivirá nun país estranxeiro
- ☐ Será moi rica
- ☐ Será famosa
- ☐ Volverá á universidade dentro duns anos
- ☐ Terá dous fillos
- ☐ Será feliz na súa vellez
- ☐ Coñecerá unha persoa que a quererá moito
- ☐ Vivirá no campo

B. Agora imos imaxinar como seremos dentro de 25 anos. Escribe como cres que vai ser a túa vida, tendo en en conta os aspectos que aparecen a continuación.

Familia
Traballo
Aspecto físico
Situación económica
Lugar de residencia

10. TERRA DE LOBOS

A. Existen animais en perigo de extinción no lugar onde vives? Le o seguinte texto sobre o lobo e comenta co teu compañeiro que outros animais están nunha situación semellante.



As modificacións das condicións de vida dos humanos implicaron cambios importantes no medio e contribuíron a alterar o ecosistema das diferentes rexións do planeta. A diversidade da fauna, por exemplo, reduciuse considerablemente nos países industrializados. Por iso é tan difícil hoxe contemplar animais que eran habituais nos tempos dos nosos avós.

Miñotos, porcos espiño, martas e outras especies en vías de extinción foron desaparecendo pouco a pouco do medio galego. Pero de entre eles hai un especialmente significativo polo seu carácter mítico e lendario: o lobo.

As poboacións de lobo ibérico hai un século estendíanse por case todo o territorio da Península Ibérica, pero hoxe o seu hábitat reduciuse enormemente, a causa da deforestación, da caza furtiva ou da hibridación con cans. Por iso, actualmente só se encontran colonias de lobos en rexións da Rioxa, Asturias, Cantabria, País Vasco, Castela e León e Galicia.

Pero a relación do lobo co home vai máis alá de compartir e disputar un hábitat común, xa que en Galicia a figura do lobo fundamentou inmensas lendas populares, contos orais e escritos, como testemuñan as obras de Ánxel Fole, Vicente Risco ou Valle-Inclán. Tamén houbo historias que deron conta da universal figura do lobishome: o humano que despois da medianoite se convertía en lobo. Unha destas foi a de Manuel Blanco Romasanta, o home lobo de Allariz, que inspirou a novela de Alfredo Conde, *Romasanta*, e o filme do mesmo título.

Lendas, historias e contos que deron testemuño da curiosa relación de veciñanza e temor que o lobo tivo co home. Hoxe é apenas unha afastada lembranza de historias ao pé do candil.

B. Coñeces algunha lenda ou algún conto que teña por protagonista un animal. Cóntallo ao resto da clase.



UNIDADE 5

Iso non se fai

Nesta unidade imos establecer as normas da nosa clase.
Para iso, imos aprender:

◆ *a expresar prohibición* ◆ *a expresar obrigatoriedade* ◆ *a expresar impersonalidade* ◆ *a falar de hábitos:* ***é normal/habitual/raro*** *+ infinitivo;* ***adoitar*** *+ infinitivo* ◆ *algúns cuantificadores:* ***todo o mundo/a maioría*** *(**de**…)/**moitos**/**algúns**…*

1. ALDEA OU CIDADE?


A. Cres que son moi diferentes os hábitos e os costumes da xente que vive na aldea dos da que vive na cidade? Onde cres que viven as persoas que realizan as seguintes afirmacións, no mundo rural ou no urbano?

Nas festas locais adoitamos ir aos concertos que organiza o concello, a miúdo veñen grupos ou cantantes recoñecidos mundialmente. Case todos collemos as vacacións nesas datas para pasalo ben sen problemas.

O día do patrón todos espertamos coa banda de música, algúns aínda hai pouco que se deitaron. Logo a maioría imos á misa, tomamos o vermú e facemos un xantar grande na casa. Ese día cómese tarde. E á noite, por suposto, non faltamos á verbena.

Xúntome todos os venres cunhas persoas que integramos unha asociación de deportes ao aire libre. Poucos deixan de acudir á reunión semanal. É interesante porque se convive con persoas diferentes ás de toda a semana, os día de ocio estase preto da natureza, cámbianse os temas de conversa. É todo aire fresco.





Non teño por costume almorzar na casa, sempre quedo nunha das cafetarías da rúa con dous compañeiros de traballo que viven preto e, así, botamos uns risos antes de ir traballar para chegar con máis enerxía.

Poucas veces saco o coche porque non gaño tempo con tanto atasco. Chego máis rápido a pé, pero o malo son os días de chuvia, porque o transporte público tampouco é moi fiable.

Uso o coche para me desprazar porque, aínda que agora temos de todo cerca, hai algúns servizos que só os temos no próximo concello. E para se mover e ter autonomía, necesítase un automóbil.

Ás veces é un pouco canso porque participas en todo: na comisión de festas, no equipo de fútbol, na coral... Pero, ao final, a vida comunitaria é moi divertida e interesante, xa que te sentes integrado na sociedade na que vives e todos fan parte de todo. Poucos quedan á marxe.

Os veciños coñézoos de toda a vida, son a madriña da nena dos da casa do lado e, como as eiras se comunican, pasamos moito tempo xuntos e compartimos moitas cousas.

B. E ti, tes hábitos semellantes a estes? Cres que se diferencia moito a vida das persoas que viven na aldea da dos que viven na cidade? Discutídeo en parellas.

C. Se non es galego, que diferenzas existen no teu lugar de orixe entre o mundo rural e o urbano? Coméntao cos teus compañeiros.

- *No meu país, as persoas que viven na cidade...*

2. ESTAMOS DE FESTA

A. Algunhas persoas cóntannos como se celebran algunhas festas. A cales do seguinte cadro se están a referir?


	Noite de San Xoán	Fin de ano	Antroido
1			
2			
3			



1. Ese día normalmente trabállase só pola mañá e, á tardiña, a maioría dos amigos quedamos no bar de sempre para tomarlle a última cervexa. Logo prepárase a cea, xa que se adoita cear en familia, pois aquí aínda non é habitual ir celebralo ás festas que organizan os hoteis. Iso si, despois da cea saímos toda a noite ata que amence. Ese día está prohibido ir cedo para a cama. Logo tomamos o chocolate con churros e durmimos case todo o día.



2. A min encántame esta festa. Primeiro, pola gastronomía. Non hai casa onde non se coma o lacón, as orellas, as filloas... todo o típico. Case ninguén perdoa eses pratos. E, logo, moitos disfrázanse case todos os días. Eu tamén, pero ás veces só de choqueiro, con roupas vellas, e non me coñecen nin os meus amigos nin familiares. Pero algúns tamén se disfrazan en grupo e saen de noite ou van ás festas e aos concursos que se organizan.



3. Ás doce da noite préndeselle o lume á leña que se xuntou durante os últimos días e fanse unhas brasas coa fogueira. Logo ásanse unhas sardiñas ou un churrasco e alí estamos todos falando, rindo e, como non, bebendo viño. Ao final sempre se fai unha queimada, con conxuro e todo e, cando o lume da fogueira mingua, o normal é que a maioría a salte para espantar os malos agoiros.

B. E onde ti vives, fanse as mesmas cousas nas festas que se mencionan? Cóntalle ao teu compañeiro o que adoitas facer nalgunha das celebracións que hai no lugar onde vives.

3. PROHIBIDO FUMAR

A. Onde cres que podes atopar estes carteis? Coméntao cun compañeiro.



B. Sabes que significan estes sinais? Escribe o número correspondente debaixo de cada un.



1. Non está permitido asomarse á varanda.
2. Non se permite a entrada con comida.
3. Non se admiten cans.
4. Prohíbese facer ruído.
5. É obrigatorio entrar sen zapatos.
6. Prohibido o paso con carriños de bebé.
7. Non se pode tocar.
8. Está prohibido pasar.

C. Coñeces algún sinal especial ou curioso? Debúxao no encerado. Os teus compañeiros teñen que adiviñar que significa.

4. NO TRABALLO

A. Estas dez frases fan referencia a cuestións relacionadas co mundo do traballo en Galicia. Cales consideras verdadeiras? Coméntao cos teus compañeiros.

1. **Todos** os traballadores teñen quince días de vacacións cando casan.
2. N**a maioría das** empresas, cando alguén casa, os compañeiros adoitan facerlle un regalo.
3. En **case todas** as empresas os traballadores reciben o salario semanalmente.
4. **Case todos** os traballadores teñen dous pagamentos extras ao ano: un en xuño e outro en decembro.
5. **Todos** os traballadores teñen, como mínimo, un mes de vacacións ao ano.
6. **Moitas** empresas páganlles un seguro médico privado aos seus empregados.
7. N**algunhas** empresas adóitase traballar os sábados pola mañá.
8. **Case ningunha** empresa pecha en agosto por vacacións.
9. A media mañá, en **todas** as empresas, os traballadores teñen un descanso para almorzar.
10. **Case todas** as empresas teñen unha cantina onde comen os traballadores ao mediodía.

B. Escribe outras cinco frases sobre o mundo do traballo, relacionadas con temas como as baixas, os festivos, as xornadas laborais...

Na maioría das empresas...
Moita xente adoita...
Todos os traballadores....

C. Agora, fíxate nas seguintes expresións e ordénaas de máis a menos.

poucas empresas
todas as empresas
ningunha empresa
case ningunha empresa
a maioría das empresas
algunhas empresas
case todas as empresas
moitas empresas

5. NO INSTITUTO



A. Lula ten 14 anos e acaba de cambiar de instituto. Agora vai a un privado. Escoita a conversa e marca as cousas que están prohibidas, as que están permitidas e as que son obrigatorias no seu novo instituto.



	Está prohibido	Está permitido	É obrigatorio
Chegar tarde á clase			
Quedar a comer no instituto			
Comer goma de mascar na clase			
Ter o móbil conectado na clase			
Utilizar a calculadora na clase de matemáticas			
Consultar o dicionario na clase de inglés			
Atuar o profesor			
Levar uniforme			

B. Polo xeral, que cousas están prohibidas, están permitidas ou son obrigatorias na maioría das escolas ou dos institutos do lugar onde vives?

6. COSTUMES

A. Le as seguintes frases sobre algunhas cousas que son normais en Galicia. Estás de acordo? Sorpréndete algunha información? Se non es galego, como son estas cousas no teu lugar de orixe? Coméntao cos teus compañeiros.

En Galicia é normal...

- preparar as vacacións con pouca antelación.
- comer coa familia os domingos.
- mostrarlles toda a casa aos invitados que nos visitan por primeira vez.
- tomar café despois de comer.
- convidar os amigos a tomar algo o día do teu santo ou aniversario.
- cear despois das nove da noite.
- abrir o regalo diante da persoa que nolo fixo.

É (moi/bastante) normal/habitual/frecuente/raro...
Non é (moi) normal/habitual/frecuente/raro...

- *Pois creo que non é moi normal preparar unha viaxe con pouca antelación. Na maioría das veces...*

B. Que forma verbal acompaña as expresións **é normal**, **é habitual** e **é raro**?

Expresar a prohibición

En carteis ou en textos escritos empréganse, xeralmente, as seguintes construcións.

Prohibido + infinitivo
(Está/n) prohibido/a/os/as + substantivo/infinitivo
Prohíbese/prohíbense + substantivo/infinitivo
Non se permite/n + substantivo/infinitivo
Non está/n permitido/a/os/as + substantivo/infinitivo
Non se admite/n + substantivo



Na lingua oral, tamén adoitamos empregar as seguintes construcións para expresar prohibición.

Está prohibido	
Non se permite	
Non está permitido	+ infinitivo
Non se pode	
Non deixan	

- *Neste restaurante **está prohibido cantar**.*
- ***Non se permite facer** fotos durante a actuación.*
- ***Non está permitido usar** o teléfono móbil na clase.*
- *Neste edificio **non se pode entrar** sen identificación.*
- *No meu cole **non deixan levar** gorra.*

Expresar obrigatoriedade

É obrigatorio + infinitivo
É/son obrigatorio/a/os/as + substantivo

- *No meu traballo **é obrigatorio** usar luvas.*
- ***É obrigatoria** a aceptación das condicións.*

Falar de hábitos

(Non) é normal/habitual/frecuente/raro + infinitivo

- *En Galicia **é normal** deitarse despois da media noite.*
- *No meu país non **é moi habitual** tomar café despois das comidas.*
  (= No meu país é pouco habitual tomar café despois das comidas.)

Para falar de hábitos empregamos tamén **adoitar** + infinitivo.

	adoitar	
(eu)	adoito	
(ti)	adoitas	
(el/ela/vostede)	adoita	+ infinitivo
(nós)	adoitamos	
(vós)	adoitades	
(eles/elas/vostedes)	adoitan	

- *En Galicia a xente **adoita** deitarse tarde.*

Para opinar, valorar ou aconsellar, podemos empregar esta estrutura.

É bo/malo/aconsellable/interesante/doado + infinitivo

- *No meu país **é aconsellable deixar** propina.*

Cuantificadores

Todo o mundo	**Algún/s/algunha/nhas** (+ subst.)
(**Case**) **todo/a/os/as** (+ subst.)	**Pouco/a/os/as** (+ subst.)
A maioría (**de** + subst.)	(**Case**) **ninguén**
Moito/a/os/as (+ subst.)	**Ningún/unha** (+ subst.)
A metade (**de** + subst.)	

- *Na miña clase **todo o mundo** estuda moito.*
- ***Todas** as empresas pechan os domingos.*
- *En Galicia **a maioría d**a xente vive nas cidades.*
- ***Moitos** mozos galegos viven cos seus pais.*
- ***A metade d**os alumnos deste grupo son estranxeiros.*
- ***Algunhas** tendas pechan ás 10 h.*
- ***Pouca** xente pasa o Nadal fóra da casa.*
- *Na miña casa, **case ninguén** se deita antes das 11 h.*
- ***Ningún** traballador recibiu a paga extraordinaria no verán.*

Expresar impersonalidade

Existen varios recursos para non especificar quen realiza unha acción.
– verbo en 3.ª persoa + **se**

- En Galicia **cómese** moi tarde.
- Nesta empresa **faise** o pagamento a fin de mes.

Cando o verbo é reflexivo, non se pode empregar a estrutura anterior. Nestes casos, aparece un suxeito colectivo ou difuso.

- *No meu país **a xente déitase** moi cedo.*

– verbo en terceira persoa do plural

- Antes non nos **deixaban** atuar os profesores no colexio.

– verbo en 2.ª persoa do singular (sobre todo na lingua oral)

Aquí, se **sacas** boas notas, **gañas** unha bolsa para o curso seguinte.

7. BOS ESTUDANTES?

A. O profesor vai facer unhas preguntas en voz alta. Levanta o brazo se a túa resposta é si e completa o cadro da dereita.



	Cantos?
Facer sempre os deberes	
Estudar galego na casa	
Falar sempre galego na clase	
Tomar notas das explicacións do profesor	
Ler xornais, libros ou revistas en galego	
Ver películas en galego	
Practicar o galego fóra da clase	
Escoitar música galega na casa	
Consultar habitualmente gramáticas e dicionarios	
Navegar por webs que están en galego	


B. Agora en parellas tedes que redactar as conclusións.

(Case) toda a clase
algúns
A maioría
(Case) ninguén

- Case toda a clase le xornais en galego.

8. ONDE CEAMOS?

A. Hoxe vas ir cear con tres compañeiros da clase e tendes que escoller o restaurante. Velaquí varias opcións.




AZAFRÁN: o restaurante con máis clase da cidade. Un lugar frecuentado por moita xente famosa. Dende que abriu as súas portas en 1995 é coñecido pola súa calidade, pola atención ao cliente e polo seu ambiente relaxado. Na súa carta destacan os peixes, os arroces e as carnes. Aberto todos os días: de domingo a xoves de 11 a 23 h; venres e sábados de 11 a 1 h. É obrigatorio levar chaqueta e gravata. Hai que pedir cita previa. Admítense todas as tarxetas de crédito. ❶

NATURAL: un restaurante para os máis sans. A súa carta ofrece os pratos vexetarianos más exquisitos. Non se serven bebidas alcohólicas. Aberto de luns a sábado, de 13 a 17 h e de 20 a 1 h. Admítense tarxetas de crédito. ❷

A BODEGA: unha bodega típica con máis de 100 anos de historia. Famosa polo seu divertido ambiente e polas súas tapas de peixe e de xamón. Bo viño e boa música a prezos económicos. Aberto todos os días (agás luns), de 18 a 3 h. Non se admiten tarxetas de crédito. ❸

O BARQUIÑO: un barco reconvertido nun restaurante. Ideal para despedidas de solteira ou reunións de amigas. Despois da cea, o mellor é o espectáculo dos seus "go-go boys" vestidos de uniforme. Só para mulleres. Está permitido fumar. Aberto de mércores a domingo, de 20 a 3 h. Admítense tarxetas de crédito. ❹



B. Agora ponte de acordo cos teus tres compañeiros. Cal elixides?

- Eu quero ir ao Azafrán.
- Ai non! Ai non vou porque hai que levar gravata. Mellor imos á Bodega.

C. E na vosa vila/cidade, a que restaurante lle gustaría ir a toda a clase? Poñédevos de acordo.

9. DE VISITA POR GALICIA

A. 4D-2 é un extraterrestre que está pasando unha tempada en Galicia. Le estes fragmentos dun texto que escribiu sobre algunhas festas. Sabes a cal delas se refire en cada caso?

1. Aquí todo o mundo anda disfrazado polas rúas desta vila que é moi pequena. O máis curioso é que pola mañá están esperando na praza da vila por uns señores vestidos cunhas roupas rarísimas de moitas cores, con axóuxeres nas costas e coa cara tapada cunhas caretas. Logo, empezan a pegarlle cuns vimbios nas costas a todo aquel que se lle cruza no camiño. E pola tarde saen ás rúas outros señores que botan formigas enriba de todos os que atopan por diante.

2. A xente está esperando a que os "invasores", que veñen moi ben caracterizados nun barco viquingo enorme, desembarquen no peirao. Logo, fan unha especie de pelexa para defenderse dos ataques dos viquingos; despois empezan a botarse uns aos outros viño tinto por riba e, como é polo verán e vai moita calor, pois todo o mundo está en traxe de baño ou con pouca roupa, e acaban todos mollados e cheos de viño. Ademais, participa case toda a xente da vila, uns de invasores e outros de invadidos e, claro, hai moitos turistas porque é unha festa moi divertida e dura todo o día!



3. Pois nesta vila o que fan é botar ás rúas un boi e todo o mundo vai correndo con el, levándoo dun lugar a outro. É unha festa que dura nove días e ten unha orixe medieval. Agora fan distintas actividades: un xantar medieval, actividades especiais para rapaces, carreiras de bois, en fin... case todo o mundo participa nela. E todo iso nunha vila preciosa do interior de Galicia.

B. Agora escribe ti o que saibas sobre algunha festa típica de Galicia ou doutro lugar.

10. ESTILOS DE VIDA

Cales destas cousas se fan normalmente na túa casa? E na casa do teu compañeiro? Pregúntallo e completa o cadro.

	NA MIÑA CASA		NA SÚA CASA	
	Si	Non	Si	Non
Cear antes das nove				
Cociñar con aceite de oliva				
Celebrar as festas importantes con toda a familia				
Ver a tele durante as comidas				
Escoitar a radio polas mañás				
Comer pan coas comidas				
Almorzar na cociña				
Deitarse despois das doce da noite				

- *Na túa casa ceades antes das nove?*
- *Pois si; e na túa?*

11. AS NORMAS DA CLASE

A. En parellas, tedes que elaborar dez normas da clase. Tede en conta os seguintes aspectos.

A roupa, os descansos, os deberes, a asistencia, a comida, a puntualidade, os dereitos e os deberes do alumnado e do profesor, o comportamento...

- *Están prohibidos os exames sorpresa.*

B. Agora imos dividir a clase en dous grandes grupos. Cada un ten que poñerse de acordo para elaborar as 10 normas da clase e, deseguida, presentárllelas aos demais. Unha vez expostas as normas dos dous grupos, tedes que elaborar unha única lista, que podedes colgar na parede da clase.

12. O QUE MÁIS ME GUSTA DO MEU TRABALLO

A. Fíxate nestas persoas e le o que din. Onde cres que traballan? Por que?

Arturo

O que máis me gusta do meu traballo

"O mellor é que adoito saír ás seis da tarde e que non traballo as fins de semana. Tamén me gusta tratar coa xente e vender. Outra cousa boa é que, cando fago unha venda importante, cobro unha comisión e o meu salario duplícase ou triplícase."

O que menos me gusta do meu traballo

"Non me gusta levar traxe, pero no meu traballo é obrigatorio. Tampouco me gusta viaxar, pero ás veces teño que ir ás feiras ou a outras cidades para visitar clientes. En ocasións, estou máis dunha semana sen ver a miña familia. Iso é o peor do meu traballo."





Roberto

O que máis me gusta do meu traballo

"Unha das cousas que máis me gustan do meu traballo son as vacacións. Temos máis de dous meses no verán, dúas semanas no Nadal e unha máis en Semana Santa. Tamén me gusta traballar con nenos. É moi gratificante."

O que menos me gusta do meu traballo

"O peor é que moitos pais pensan que somos os únicos responsables da educación dos seus fillos cando, en realidade, só compartimos con eles esa responsabilidade."



Elisa

O que máis me gusta do meu traballo

"Gústame tratar coa xente. Encántame a roupa e todo o que está relacionado coa moda. Ademais, lévome moi ben coas miñas compañeiras."

O que menos me gusta do meu traballo

"No meu traballo é obrigatorio levar uniforme e non me gusta nada. O horario tampouco me gusta moito. Empezo ás 10 e teño que facer unha pausa de 2 a 4:30. Vivo bastante lonxe do traballo, así que normalmente quedo polo centro da cidade, xanto e, ás veces, vou a un ximnasio para aproveitar o tempo. Adoito chegar á casa ás 9 ou ás 9:30 da noite. E, por riba, traballo case todos os sábados. Pero o peor é que o salario tampouco é gran cousa. Por iso aínda vivo con meus pais."

B. Coñeces moitas persoas que teñen traballos semellantes? No teu país, encontras diferenzas respecto a estes traballos? Coméntao cos teus compañeiros.

- No meu país os profesores non teñen dous meses de vacacións...



UNIDADE 6

Mensaxes

Nesta unidade imos transmitir mensaxes e desenvolver estratexias de comunicación.
Para iso, imos aprender:

◆ *a desenvolvernos por teléfono* ◆ *a tomar e a deixar recados por teléfono* ◆ *a transmitir mensaxes:* ***díxome que****...*/***preguntoume se****...* ◆ *algunhas estratexias de comunicación* ◆ *verbos que resumen a intención dunha mensaxe (****preguntar****,* ***recomendar*** *etc)* ◆ *a voz pasiva*

1. UNHA CARTA, UNHA NOTA...

A. Que fas en cada un destes casos? Explícallelo aos teus compañeiros.


1. Queres dicirlle boa noite á túa parella que está de viaxe.
2. Queres ofrecerte nunha empresa para traballar.
3. Queres dicirlle á persoa coa que compartes o piso que vas organizar unha cea esta noite na casa.
4. Queres informar os teus clientes dos novos prezos dos teus produtos.
5. Queres mandar unhas flores e unha felicitación.



Mandar unha carta



Escribir unha mensaxe electrónica



Enviar unha mensaxe a través do móbil

Carlos Crespo Lariño
Rúa da Fonte, 8
36214 Vigo

Feliz aniversario

Enviar unha tarxeta



Escribir unha nota

- *Eu cando estou fóra e quero dicirlle "Boa noite" ao meu mozo, envíolle unha mensaxe ao móbil.*

B. Cal dos seguintes textos cres que é a carta, a mensaxe do móbil, a mensaxe electrónica, a tarxeta e a nota? Escríbeo no recadro correspondente.

1 Querida mamá:
Feliz aniversario! Un bico moi forte.
O teu fillo, Pedro

2 Prezados clientes:

Como cada ano por estas datas, envíolles a nova listaxe de prezos dos nosos produtos para o vindeiro ano. Recordámoslles que as novas cifras foron axustadas segundo o que falamos na última reunión.
Un cordial saúdo.

Celia Rocha
FASTELT
Rúa Laila, 50
29824 Vilagarcía de Arousa
www.fastelt.es

3 Onde te metes? Nunca te vexo... Esta noite veñen cear Xoán, Inés e Rosa. Ceas con nós? Falamos logo. Se non podes vir, chámame.

Xocas

4 ELECTROSAR
Avda. de Betanzos, 48
15001 Santiago de Compostela

Estimados señores:

Escríbolles coa intención de presentarme e mostrarlles o meu interese en traballar nesta prestixiosa empresa. Como poden ver no currículo adxunto, licencieime na Universidade de Vigo e dende entón traballei en varias empresas do sector.

Gustaríame moito formar parte do cadro de persoal desta compañía, xa que a súa empresa é considerada unha referencia no ramo da telefonía.

Quedo á súa disposición para poder falar con máis detalle sobre a miña experiencia profesional nunha entrevista persoal. Á espera das súas noticias, reciban un cordial saúdo.

Atentamente,
Alberte Piñeiro

5 Boa noite, cariño.

C. Cal dos anteriores tipos de texto escribes ti con máis frecuencia? Coméntao cos teus compañeiros.

- *Antes escribía moitas cartas, pero agora envío moitas mensaxes...*

2. AO TELÉFONO

A. Le estas transcricións de conversas telefónicas e complétaas coas frases que faltan.

A.
- Si?
- ○ Ola, está Manolo?
- Si, son eu.
- ○ Ai, perdoa. Son Mónica. Que tal?
- Ola Mónica! Que tal?
- ○ ....

B.
- Diga?
- ○ Ola, quería falar con María.
- De parte de quen?
- ○ De Xosé.
- ....

C.
- Industrias Castro, bo día.
- ○ Bo día. Podería falar co señor Castro?
- De parte de quen, por favor?
- ○ De parte de Antonio Rivas.
- Un momentiño, por favor.

(...)
- ○ Sr. Rivas, pásoo co señor Castro.
- ....

D.
- Dígame?
- ○ Boa tarde. Podería falar coa señora Ribeiro?
- Síntoo, pero non está. Quere deixar algún recado?
- ○ ....

E.
- Dígame?
- ○ Co señor Sousa, por favor?
- Síntoo, pero creo que se equivoca. Aquí non vive ningún señor Sousa.
- ○ Non é o 986 567 878?
- Non, non, equivócase.
- ○ ....

Un momento, agora se pon.

De acordo, moitas grazas.

Nada, chamábate para saber que fas o domingo. É que...

Si, dígalle que chamou Adela Vázquez, por favor.

Ah, pois perdoe.



B. Agora, escoita e comproba.

C. En que situacións se poden dar estas conversas?

- *Eu creo que Mónica quere...*



3. FOI INVENTADO POR...

A. As frases de abaixo falan de distintos medios empregados nos procesos de comunicación entre as persoas hoxe en día. Estás de acordo co que din? Coméntao co teu compañeiro.

1. O teléfono **foi inventado** en 1876 e hoxe en día **é considerado** o medio máis seguro e eficaz de comunicación.
2. As cartas convencionais **son** cada vez máis **suplantadas** polas mensaxes electrónicas.
3. O correo electrónico **foi desenvolvido** para facilitar o envío e o recibimento de todo tipo de documentos dixitais.
4. Internet **foi conectada** por primeira vez en 1969. Na actualidade **é** moi **utilizada** como fonte de información.
5. Os ordenadores **son empregados** como un dos materiais docentes máis importantes en todas as áreas da educación.

B. As formas verbais en grosa están na voz pasiva. Obsérvaas e completa un cadro coma este no teu caderno.

Suxeito	Participio
o correo electrónico	desenvolvido

C. Agora, en parellas, facedes frases parecidas coas seguintes palabras.

sms **máquina de escribir**
libro electrónico **telegrama**

- Eu creo que a máquina de escribir tamén foi suplantada polo ordenador.

4. COMO DIS?



A. Vas escoitar unhas conversas. Que cres que ocorre en cada unha delas? Completa o cadro.

	Non sabe como dicir algo	Non entendeu ben ou non está seguro de que o entendeu
1		
2		
3		
4		
5		
6		
7		
8		
9		

B. E ti, que fas ou como reaccionas cando non sabes como se di unha palabra que necesitas en galego?

5. RECADOS

A. Afonso contoulle estas cousas a un amigo. Podes relacionalas co texto orixinal?

1. Esta mañá vin a Helena e preguntoume se vou á festa de Luísa.
2. Luísa envioume unha mensaxe electrónica para invitarme á súa festa de aniversario.
3. Chamoume Sofía. Quería saber o que vou levar á festa de Luísa.
4. Hoxe atopeime con Pedro e díxome que non vai á festa de Luísa porque pasa a fin de semana en Ourense con Mari.
5. Sabes que me contou Pilar? Que Mari e Pedro casan en Ourense e que por iso non van á festa.

A
Ola Afonso:
Só catro liñas para dicirche que o sábado é o meu aniversario e fago unha festa na casa. Espérote a partir das 10, vale? Non faltes.
Bicos.

B
● Ola Afonso, que tal?
○ Ola, que sorpresa! Como che vai?
● Moi ben... oíches, vas á festa de Luísa?
○ Ah, si! É verdade. Cando é? O sábado, non?
● Si, o sábado pola noite.

C
● Afonso!
○ Home, que tal?
● Ben, e ti?
○ Ben, ben. Por certo, vas á festa de Luísa?
● Non, non podo. Paso a fin de semana en Ourense con Mari.

D
● A que non sabes as últimas noticias? Mari e Pedro casan... en Ourense! Por iso non van á festa.
○ Non me digas!

E
● Diga?
○ Está Afonso?
● Si, son eu.
○ Ola, son Sofía.
● Ola, Sofía! Que tal?
○ Pois moi ben. Oíches, ti que vas levar á festa de Luísa?
● Non sei, supoño que unha torta de queixo ou algo así.

B. Agora imaxina que Afonso che fixo estas preguntas. Como llo contas a outra persoa?

- Apetéceche ir á festa?
- Quen vai ir á festa?
- Onde é a festa?
- Como vas ir á festa?
- Xavi vai ir á festa?
- Que levas á festa?

Ao teléfono

RESPONDER

- **Diga?/Dígame?**
- **Si?**
- Madeiras San Miguel, **bo día**.

PREGUNTAR POR ALGUÉN

- Ola, **está** Xosé?
- Si, son eu./Non, non está.

- Ola, **quería falar con** César.

- Ola, bo día. **Podo falar con** Cándida Sabarís?
- Síntoo, pero xa marchou.
- **A que hora a podo encontrar**?
- Creo que hoxe xa non vai volver.

- Bo día. **Podería poñerme co** señor Fidalgo?
- Un momento, por favor.

- **A señora García/Maura García**, por favor?
- Síntoo, pero equivócase.
- Non é o 981 673 894?
- Non, síntoo.
- Desculpe.

IDENTIFICAR A PERSOA QUE CHAMA

- **De parte de quen**, por favor?
- **De** Pedro.

PASAR UNHA CHAMADA

- Un momento, **agora o poño/paso con** el/ela.
- Un momento, **agora se pon**.

COLLER UNHA MENSAXE

- **Quere/s deixar algunha mensaxe/algún recado**?
- **Si, dígalle/dille que chamou** Xavier.

Transmitir mensaxes doutros

UNHA INFORMACIÓN

Díxome que...
Contoume que...
Comentoume que...

- *Xoán **díxome que** non pode ir á festa.*

UNHA PREGUNTA

Preguntoume se...
Preguntoume que/onde/por que/como/cando/canto...

- Es galego?
- **Preguntoume se son** galego.
- Cando marchades de vacacións?
- **Preguntoume cando marchamos** de vacacións.

UNHA INTENCIÓN

Para transmitir unha mensaxe, tamén podemos empregar verbos que resumen a intención do falante.

dar as grazas (a alguén por algo)	**propoñer (algo a alguén)**
despedirse (de alguén)	**protestar (por algo)**
felicitar (a alguén por algo)	**recomendar (algo a alguén)**
invitar (a alguén a algo)	**recordar (algo a alguén)**
pedir (algo a alguén)	**suxerir (algo a alguén)**
preguntar (por alguén)	**saudar (a alguén)**

- *Xulio chamou para **invitar a** Ricardo **a** cear.*
- *Chamou Vicente para **despedirse do** teu irmán.*
- *Pasou o teu pai e **preguntoume por** ti.*

Estratexias de comunicación

CANDO NON ENTENDEMOS ALGO

Pode/s repetirmo, por favor?
Como dis?
Non entendo o que queres dicir.
Perdoe/a, pero non o/te entendín ben.
Entón, quere/s dicir que...
Que significa...?

CANDO NON SABEMOS COMO DICIR ALGO

É algo/unha cousa/un obxecto... que serve para/que se parece a/que se pode encontrar en...
É como... pero máis/menos...
É o contrario de...
Como se di?

CANDO NON SABEMOS SE NOS ENTENDERON

Non sei se me explico.
Sabe/s o que quero dicir?

A voz pasiva

A voz pasiva fórmase coas formas do verbo **ser** (no tempo verbal que necesitamos) e o **participio** do verbo de cuxa acción queremos falar. O participio concorda en xénero e número co suxeito.

ser + participio

- *Esta ponte **foi construída** na época dos romanos.*
- *Os resultados **serán divulgados** na páxina web da empresa.*

Cando mencionamos a persoa que realiza a acción verbal, denominada axente, introducímola coa preposición **por**.

- *Esta canción **foi composta por unha afamada poetisa.***

Empregamos a voz pasiva:
– cando nos interesa poñer en evidencia o suxeito pasivo ou a propia acción verbal.

- *Este documento **foi asinado** por todos os presentes.*

– cando non se coñece, non se quere ou non interesa expresar o axente da acción verbal.

- *A nova escola **será inaugurada** antes da fin deste curso.*

6. QUE ESCRIBIMOS?

A. Vas escribir un texto. Primeiro pensa nun número do 1 ao 5 e, despois, noutro do 6 ao 10. Xa tes o motivo da túa mensaxe e o seu destinatario. Agora elixe a canle máis adecuada e escríbeo.

MOTIVO	DESTINATARIO	CANLE
1. Queres enviar unha felicitación	6. A un/unha bo/a amigo/a	Unha carta
2. Queres dicir que chamou súa nai	7. Ao director da empresa	Unha mensaxe de móbil
3. Queres comunicar que vas casar este ano	8. A un familiar	Unha tarxeta
4. Estás estudando nun país estranxeiro e queres enviar un saúdo	9. A alguén que vive contigo	Unha nota
5. Queres pedir traballo	10. A un/unha amigo/a que vive moi lonxe	Unha mensaxe electrónica

B. Intercambia o teu texto co dun compañeiro. Explícalle que tipo de texto é, quen é o seu destinatario e cal é a súa finalidade. Despois de lelo, tendes que tentar melloralo entre os dous. Fixádevos na corrección léxica e gramatical, na estrutura e en se é adecuado.

- Paréceme que "prezado señor" non é moi adecuado aquí, non?
- o Ti cres? Eu non estou segura.

7. OLA, SON HELENA



Hoxe Helena falou por teléfono con tres persoas. Escoita as conversas e completa os cadros.



	Con quen fala	Para que chama Helena	Que lle di a outra persoa
1.	Emilia	Para felicitala polo seu aniversario	Dálle as grazas por chamar e convídaa a ...
2.			
3.			

8. CHAMADAS

A. Imos traballar en grupos de tres (A, B e C). Cada grupo prepara estas dúas conversas telefónicas.

A	- A e B son amigos e viven xuntos. - Chama o voso amigo C porque quere falar con B. - A responde ao teléfono. - A e C tamén se coñecen.
B	- B é o recepcionista nunha empresa na que C é o director. - A chama por teléfono porque quere falar con C para pedirlle unha cita.

B. Agora ides representar as dúas conversas.

- Diga?
- Ola son Bego, está Gladys?
- Si, un momento, agora se pon.

9. TABÚ

A. Imos xogar ao tabú. Primeiro dividimos a clase en dous grupos (A e B). Cada grupo ten que preparar dez tarxetas coma estas; é dicir, cun verbo ou un substantivo e, ao lado, tres palabras moi relacionadas.

Neve: branco, frío, inverno
Sol: calor, verán, raio
Leituga: verde, verdura, ensalada
Ler: libro, lentes, literatura
Comer: boca, mastigar, dentes
Carne: animal, comer, vexetariano
Paraugas: chover, chuvia, mollarse
Música: instrumento, canción, CD

B. O grupo A escolle unha das tarxetas e entrégalla a un membro do grupo B que ten que conseguir que o seu grupo adiviñe a palabra en grosa. Coidado! Non se pode usar ningunha das tres palabras relacionadas. Tampouco se poden empregar xestos, nin sons, nin palabras noutro idioma, pero si o dicionario. O grupo que a adiviña, gaña un punto.

- É como a chuvia, pero un pouco máis sólida. Cae do ceo, normalmente en decembro, xaneiro…
- Neve!
- Si!

10. FOI VISTA POR ÚLTIMA VEZ…

Aquí tes as notas que un xornalista recolleu sobre un suceso. Axúdalle a redactar un texto no que se informe do acontecido. Lembra que o que vai en grosa debe ser o suxeito na frase. Logo, compara o teu texto cos dos teus compañeiros. Fixéstelo moi parecido?

– Viron a **Sabela Fontán** por última vez o 2 de xaneiro.
– Saíu da súa casa ás 9.00 h.
– Almorzou no bar da esquina, onde falou co camareiro e con outro cliente.
– Colleu o autobús diante do bar, ás 9.30 h.
– Ninguén recorda en que parada baixou.
– Nunca chegou á súa oficina.
– Atoparon no autobús **a súa axenda e o seu móbil**.
– A policía empregou **cans adestrados** na súa busca.
– Rexistraron **a súa casa** en busca de pistas.
– A súa familia non recibiu **ningunha chamada telefónica** ata o momento.
– Aínda non localizaron **o seu mozo**.
– A policía vai interrogar **algúns sospeitosos** esta tarde.

- Sabela Fontán foi vista por última vez o día 2 de xaneiro cando…

11. TEÑO UNHA MENSAXE PARA TI

A. Escribe unha nota para o compañeiro que che diga o profesor. Podes informalo de algo, invitalo a algo, agradecerlle, pedirlle ou preguntarlle algo. Despois entrégalle a nota ao teu profesor.

Ola Carlos
A que ti tes un libro de poesía galega? É que teño que facer un traballo para a semana que vén. Podes emprestarmo?
Grazas.
Xandra

B. O teu profesor vaiche dar unha nota que un compañeiro teu escribiu para outra persoa. Tes que transmitirlle a mensaxe ao seu destinatario.

- Carlos, teño unha mensaxe para ti de Xandra. Pídeche un libro de poesía galega e pregunta se…

12. QEROT

A. Le este artigo sobre as mensaxes de móbil. Existe na túa lingua un código especial para os SMS?

- Si, eu, para escribir "porque"...

OS SMS



Quen de nós se separa hoxe en día do seu móbil? Quen non recorre ás "chamadas perdidas" para lembrarlle algo a un amigo ou simplemente para dicirlle, sen gastar diñeiro en chamadas, que estamos pensando nel? E, sobre todo, quen non usa o servizo de mensaxes curtas –o chamado SMS– para enviar mensaxes cun custo mínimo? Pero claro, a mensaxe curta ten que ser precisamente curta... e iso deu lugar ao nacemento dun código de escritura baseado en abreviaturas non sempre convencionais e aos chamados emoticonos: :.), :.(etc.

Este sistema de abreviaturas pode pór en dificultades os non iniciados, xa que as súas regras son moitas e moi diversas: suprímense os artigos, os acentos e case todas as vogais, por exemplo: **msx** = *mensaxe*. Para gañar espazo substitúese o *ch* polo *x* e o *qu* polo *k*. Ademais, utilízase a identidade fonética entre o son das letras, símbolos e números: **1** = un; **xq** = *porque*...

O problema é que este código está tan difundido entre os sectores máis mozos da poboación que comezou a estenderse máis aló da pantalla do móbil: algúns profesores universitarios tiveron que advertirlles aos seus estudantes de que non ían corrixir exames escritos "en SMS". Por que se difundiu ata eses extremos esta curiosa forma de escritura rápida? Como se explica a súa persistencia cando a maioría dos móbiles contan co sistema T9 de "texto preditivo"? Talvez a resposta sexa que usar esa linguaxe non é só unha cuestión de economía, senón de identificación co grupo. Non é necesariamente –como afirman moitos profesores– un fenómeno de empobrecemento da linguaxe. Moitos rapaces saben escribir correctamente, pero usan este código para comunicarse entre eles. É un modo máis de estreitar lazos, de marcar o tránsito xeracional.

B. A continuación, tes algún dos textos que participaron no concurso de mensaxes de móbil que anualmente organiza o Concello do Porriño. En parellas, tentade escribir o texto completo de cada unha delas.

Cantos carcters pra dicir o q sinto x ti?Pra q me deixan 160 s me abondan 5? Chegame unha simple plabra q a vcs custa tnto dicir e tn pouco pnsar como QEROT

Chovia.Como nin ia xover?Aqui smpr xove!Como m gusta a xoiva. E tan nosa...O 50%do sangue galego deb ser xoiva.Aquel dia tamn xovia. Soubn q tod rematara pq scampou

Lmbrat d pcha-la fiestra cndo saias voand pola noit, nn vaia sr k t arrpints d elxir sr lbre e volvas sprtar pola maña na msma indfernza.

chgarei contr as 7 do seran, e boa hora non teras qeixa, avis a papa e dill a comadroa q non me zoup moi fort...vemonos axina.

Ei meu! Faime caso! Xa sbes k as persoas fanme lmbrar k vivo na realidad e non na fantasia ds meus pnsamentos...

C. Agora escribe unha ou varias mensaxes en SMS para mostrárllelas aos teus compañeiros e ao teu profesor.



UNIDADE 7

Vai e dille...

Nesta unidade imos contar chistes e escribir a sinopse dun filme. Para iso, imos aprender:

◆ *a relatar en presente* ◆ *a resumir un argumento* ◆ *a contar chistes* ◆ *algúns conectores para relatar* ◆ *a forma e os usos dos pronomes de complemento directo e indirecto*

1. CLÁSICOS

A. Aquí tes algunhas obras moi coñecidas da literatura universal. Seguro que escoitaches falar de moitas delas, porque todas foron adaptadas ao cine. Liches algún destes libros? Viches os filmes?

Robinson Cruose, de Daniel Defoe.

Soldadiño de chumbo, de H.C. Andersen.

Frankenstein, de Mary W. Schelley.

A volta ao mundo en 80 días, de Jules Verne.

O enxeñoso fidalgo Don Quixote da Mancha, de Miguel de Cervantes.

Romeo e Xulieta, William Shakespeare.

Asasinato no Orient Express, de Agatha Christie.

Quo vadis?, de Henryk Sienkiewicz.

Bailando con lobos, de Michael Blake.

Harry Potter, de J.K. Rowling.

2001: A Space Odissey, de Arthur Clarke.

O señor dos aneis, de J.R.R. Tolkien.





- *Eu lin O señor dos aneis.*
- *Eu non, pero vin a película...*

B. Sabes de que xénero son as películas anteriores?

unha película	de amor/de aventuras/de ciencia ficción de debuxos animados/de acción/de terror do oeste policial/histórica
unha comedia	
un drama	




- *A volta ao mundo en 80 días é de aventuras, non?*

C. Lembras o argumento dalgunha? Cóntallelo aos compañeiros.

- *Si, Quo vadis? é un filme histórico, no que...*

D. Cales son as túas películas favoritas? De que xénero son?

- *A miña é Casablanca, que é fundamentalmente unha película de amor..*



2. QUE POÑEN HOXE?

Imaxina que hoxe, de 20 a 22 h, tes un anaco para ver a tele. Esta é a programación dalgunhas canles. Que che gustaría ver? Por que? Que tipo de programa é? Coméntao cos teus compañeiros.

un programa **de** actualidade / **de** entrevistas / **de** humor / **de** entretemento

un programa musical
un concurso
un magazine
un documental
un informativo
unha película
unha serie
unha retransmisión deportiva
debuxos animados

2Canle — Segunda Canle

20:10
Zapping
Programa que ofrece unha recompilación das imaxes máis curiosas da semana.

21:00
O campo da festa: "O forasteiro"
Neste episodio, un misterioso personaxe chega á Serreira e esperta a curiosidade dos veciños. Todo vai cambiar cando se descobre que é un antigo amigo de Berta.

21:30
Ai, que me esmendrello!
De luns a venres, o dúo Os Miluchos protagoniza este espazo de humor, con diálogos e escenas moi divertidas.

TeleGA — TeleGa

19:50
Cine familiar: *O rei da granxa*
Tristán é un neno de dez anos que está pasando as vacacións de verán nunha granxa cos seus avós. Un día encontra unha esfera procedente doutro planeta que ten o poder de controlar a morte das persoas.

21:40
Os puntos sobre os is
Programa presentado por Concha Delgado, Xoselu Vázquez e Teresa Ríos no que, cada día, un ou varios convidados responden todo tipo de preguntas. No programa de hoxe, Teresa Ríos estrea unha sección propia na que analizará aspectos da actualidade.

TRAVEL — Travel

20:00
Viaxes mensuais
A volta ao mundo que realiza o equipo do programa pasa este mes por Grecia, onde Susan Wolf asiste ao festival do fogo en Anastenería. Pola súa banda, Ray James percorre o río Grande, dende o canón de Santa Elena ata o Golfo de México.

20:35
Cidades en taxi: Venecia
Se viaxamos nun taxi de madeira, iso significa que estamos en Venecia. Non hai nada mellor que moverse en góndola polos canais para descubrir as marabillas desta incrible cidade.

21:00
Un millón para o máis sabio
Tres novos concursantes compiten para chegar á final. Só un deles conseguirá gañar o millón de euros.

A Terceira — A Terceira

20:00
Só música
Programa que repasa a actualidade musical nacional e internacional. O programa de hoxe contará coas actuacións en directo dos gañadores dos Grammy latinos, ademais dunha entrevista exclusiva con Britney Spears.

20:30
A hora de...
O invitado de hoxe é o contador de contos Xián Carballo, que ofrecerá o mellor do seu último espectáculo.

21:00
Fútbol
Final da Copa do Rei
Real Club Celta - Valencia.

TeleCINE — Telecine

20:00
Película: *O barrio é meu*
Cameron Davids só ten 11 anos, pero no seu barrio de Nova York todos o admiran. É o mellor alumno da escola, xoga ao fútbol e ao baloncesto mellor ca ninguén e, ademais, é un excelente xogador de xadrez. Pero Cameron non se conforma. Quere converterse en presidente dos Estados Unidos.

21:30
Magacine: Hora a hora
Programa sobre cine presentado por María Aspas, no que se presentan as novidades da carteleira. O programa de hoxe inclúe unha extensa reportaxe sobre Chano Piñeiro.

Actualidade — Actualidade

19:05
Mundo rosa con Rosa
De luns a venres, Rosa Saldaña repasa a actualidade social, con entrevistas, reportaxes e o mundo dos famosos.

20:30
Economía actual
Programa de actualidade económica.

21:00
Telexornal serán

21:30
Cara a cara
Espazo de entrevistas presentado por Carlos Botello. O invitado de hoxe é o cociñeiro Paco Feixó.

- A min gustaríame ver o programa dos Miluchos.
- Que é?
- É un programa de humor.
- Pois eu, o documental sobre Venecia. A ver se algún día podo ir...

3. A LENDA

A. Este é o resumo dunha antiga lenda lucense. Leo e fíxate no que vai en grosa. Son os pronomes complemento directo (CD). Deseguida, escribe no cadro de abaixo a que se refiren en cada caso.

Aras, un cabaleiro moi mozo, encontra un día a Aldara, unha belísima doncela que vive nun castelo con seu irmán Egas e seu pai Froiaz. Cando se ven, namóranse inmediatamente e deciden casar. Cóntanlles a nova aos seus pais, que comezan cos preparativos para o casamento.

Non obstante, moi pronto teñen que interrompe**los** porque un serán se bota en falta a Aldara no castelo. Pai, irmán, criados e escudeiros, e tamén o seu namorado acompañado das súas xentes, buscan a rapaza por montes e fragas, por pallozas e rueiros. Despois de moitos días de infrutuosa procura, imaxinan que xa está morta por algún xabaril, algún oso, ou mesmo devorada polos lobos e dan por definitiva a súa perda.

Moito tempo despois, cando Egas vai de caza unha mañá, ve unha fermosa cerva branca. Pensa usar todas as frechas que ten para rematar o animal, pero non **as** necesita porque arma o seu arco e dun disparo único e certeiro consegue face**lo**. Como non é posible transporta**lo** ata o castelo porque pesa moito, córtalle unha das patas dianteiras e léva**a** como un trofeo pola súa fazaña. Busca o seu pai, pero cando lla vai mostrar, ambos ven arrepiados como, no canto da pata, o que Egas saca da bolsa é unha man fina, branca e suave: unha man de doncela fidalga. E nun dos dedos daquela man reloce un precioso anel de ouro cunha pedra rubia. Pai e fillo lembran que aquel é o anel de Aldara.

Con ánimo dorido, corren monte arriba cara ao lugar onde xace a cerva morta. Alí atopan, tendido no chan, o cadáver da rapaza manco dunha man. É a bela e triste lenda de Aldara, a moza encantada por un mouro, que só despois de morrer consegue recuperar o seu corpo de doncela.

PRONOMES CD

<table>
<tr><td>unha cousa, persoa ou animal (masculina singular)
o
transporta**lo**
.....................</td><td colspan="2">unha cousa, persoa ou animal (feminina singular)
a
léva**a**
.....................</td><td>unha frase ou unha parte do discurso
o
consegue face**lo**
.....................</td></tr>
<tr><td colspan="2">unha cousa, persoa ou animal (masculina plural)
os
interrompe**los**
...........................</td><td colspan="2">unha cousa, persoa ou animal (feminina plural)
as
non **as** necesita
...............................</td></tr>
</table>

B. Observa agora as formas subliñadas no texto. Son os pronomes complemento indirecto (CI). A que fan referencia en cada caso? Escríbeo.

PRONOMES CI

unha cousa, persoa ou animal (singular) **lle** córta**lle** unha das patas dianteiras *ao animal*	unha cousa, persoa ou animal (plural) **lles** cóntan**lles** a nova ....

C. Lembra que os pronomes CD e os CI contraen cando aparecen xuntos. A forma **lla**, por exemplo, é a contracción de **lle** + **a**. Búscaa no texto e di a que ou a quen se refire cada un dos pronomes.

D. Fíxate no tempo verbal que se emprega no texto para resumir a lenda. É o mesmo que se utiliza na maioría dos resumos de filmes, programas e series da páxina anterior. É así tamén noutra(s) lingua(s) que coñeces?

4. UN CHISTE

A. Le este chiste relacionado cun estereotipo. Enténdelo? Faiche graza? Cres que os estereotipos se axustan á realidade? Coméntao co resto da clase.



Resulta que participan nun concurso de tiro con arco un inglés, un suízo e un galego. Comeza o inglés e pon unha persoa cunha mazá na cabeza a 20 metros. **Nisto**, tira a frecha e dálle á mazá. Ante os aplausos dos asistentes, di todo orgulloso: "I am Robin Hood". **Cando** lle toca ao suízo, este pon a persoa coa mazá a 30 metros. Tamén dá na diana e, coa loanza da multitude, afirma todo seguro: "I am Guillermo Tell". **Por fin** é a quenda do galego. **Como** quere facelo aínda máis difícil, pon a persoa coa mazá a 40 metros. Dispara a frecha e, se a persoa non se agocha, dálle na cabeza. Asombrado ante os murmurios do público, só consegue dicir: "I am sorry".

B. Fíxate agora nas palabras que están noutra cor. Son conectores e serven para enlazar ideas, acontecementos etc. Poderías colocar os conectores adecuados nestas frases?

1. .... hoxe teño unha cita co médico, non poderei ir á clase.
2. Cheguei do traballo e puxen a tele. .... veu Alba e saímos tomar unha copa.
3. Tentei falar co director moitas veces e non puiden, pero hoxe .... conseguín reunirme con el.
4. Atopei a Merche o outro día, ... volvía da xuntanza de veciños.
5. Pois cóntoche o que me pasou onte. .... fun á casa de Ana e...

Falar de xéneros

UN FILME

un filme/unha película	**de** amor/**de** aventura/**de** ciencia ficción **de** debuxos animados/**de** acción/**de** terror **do** oeste policial/histórico

un musical/un documental/un drama/un thriller
unha curta/unha comedia

UNHA OBRA DE TEATRO

un musical/un drama **unha comedia/unha traxedia**

UNHA NOVELA

unha novela	**de amor/de aventuras/de ciencia ficción/** **de misterio/de terror**

un conto/un relato curto

UN PROGRAMA DE TELEVISIÓN

un programa	**de** actualidade/**de** entrevistas/**de** humor/**de** deportes musical/infantil

un concurso/un magazine/un documental/un informativo...
un filme/unha serie/unha retransmisión deportiva...
debuxos animados

Relatar en presente

Cando resumimos obras de ficción, contamos chistes ou relatamos anécdotas, podemos empregar o presente de indicativo.

- É unha película boísima. **Trata** da historia dunha rapaza moi tímida que **traballa** nun café e que un día **coñece** un...
- **Están** tres formigas debaixo dun carballo e nisto **cae** un coco...
- Sabes que me pasou onte? Pois nada, **saio** da clase e **atopo**...

Conectores

Podemos utilizar diferentes tipos de conectores para organizar un relato.

– para introducir unha nova información ou comezar o relato.

resulta que

– para darlle secuencia á acción.

nisto/logo/de pronto/de súpeto/entón
finalmente/por fin/ao final

- *A rapaza está nunha tenda e **entón** entran uns atracadores. **Nisto** pasa por alí un coche de policía e...*

– para introducir unha referencia temporal.

cando

- ***Cando** cheguei á casa, atopei todo revolto.*

– para explicar as causas dos acontecementos.

como **porque**

Pronomes de complemento directo e de complemento indirecto

Cando un elemento xa se mencionou ou está claro polo contexto, para non repetilo usamos os pronomes de obxecto directo e de obxecto indirecto.

COMPLEMENTO DIRECTO (CD)

O complemento ou obxecto directo é a persoa, cousa ou animal que recibe de maneira directa a acción expresada polo verbo.

● Aínda non lin o novo **libro de Manuel Rivas**
○ Non **o** lin, pero din que está moi ben.
● Hoxe Rosa contoume **uns chistes moi bos**.
○ Si, sempre **os** conta cando está contenta.
● Laura? Vin**a** onte, pero estaba apurada e apenas falamos.
● E **estas revistas**?
○ Déixa**as** no salón, por favor.

Cando van despois do verbo, os pronomes de obxecto directo (**o/a/os/as**) poden presentarse noutras formas, dependendo da terminación do verbo que os precede.
– Se o verbo remata en -**r** ou -**s**, estas grafías desaparecen e os pronomes adquiren as formas *lo(s)/la(s)*:
- *O abrigo é precioso. Vou merca**lo** agora mesmo.*

– Se o verbo remata en ditongo, adquiren as formas ***no**(**s**)/**na**(**s**)*:
- *Non perdín as lentes. Deixei**nas** na mesiña do salón.*

O pronome de CD **o** tamén pode substituír toda unha frase, unha parte do discurso ou o atributo de verbos como **ser**, **estar** ou **parecer**.
- *<u>Tocoume a lotería</u>, pero ninguén **o** sabe.*
- *Sonia agora é <u>moi simpática</u>, pero antes non **o** era.*

COMPLEMENTO INDIRECTO (CI)

O obxecto indirecto é a persoa, cousa ou animal destinataria final da acción do verbo.

● Ana sabe que estás aquí?
○ Non, aínda non **lle** dixen nada.

● Fun á casa de **meus pais** e levei**lles** un regalo.

En galego case sempre empregamos os pronomes de CI incluso antes de mencionar o elemento ao que se refiren.

● Que **lle** mercaches <u>a Paula</u> polo seu aniversario?

Cando os pronomes de complemento indirecto **lle** e **lles** aparecen xunto aos de CD (**o/a/os/as**), contraen.

CI	CD	CONTRACCIÓNS
lle	**o a os as**	**llo, lla, llos, llas**
lles		**llelo, llela, llelos, llelas**

● Contáches**lle o chiste** a Xoana?
○ Si, contei**llo** esta mañá.
● Xa **lles** dixeches aos nenos **que marchamos mañá**?
○ Aínda non. Podes dicír**llelo** ti?



5. QUE FAS CANDO...?

Como actúas nestas situacións? Coméntao co teu compañeiro. Facedes o mesmo?

Cando empezo un libro e me parece horrible…

Cando vexo unha película e me gusta moito…

Cando me emprestan libros ou música…

Cando teño un problema grave…

Cando alguén me conta un segredo…

Cando alguén me empresta cartos…

Cando teño unha dúbida de galego…

Cando un amigo íntimo me pide diñeiro…

Cando me fai graza un chiste…

Cando non me gusta a parella dun amigo ou amiga...

Cando non sei unha palabra en galego…

Cando atopo algo que non é meu…

Cando non sei como ir a algún lugar da cidade na que estou…


ás veces	recomendo	lle	o	aos meus amigos
normalmente	pregunto	lles	a	aos meus compañeiros
sempre	conto		os	os meus pais
non	digo		as	o meu profesor
nunca	digo a verdade			a alguén na rúa
	devolvo			a ninguén
	acabo			a todo o mundo
	busco			
	comento			
	volvo ler/ver			
	deixo			
	pido consello			

6. NON O PILLAS?

A. Le os seguintes chistes, parécenche graciosos? Coñeces algún? Cóntallelo aos teus compañeiros.



SABES CAL É O CÚMULO DUN XARDINEIRO?
TER UNHA FILLA QUE SE CHAME MARGARIDA E QUE O MOZO A DEIXE PLANTADA.



SABES COMO SE DESCUBRIU A MÚSICA? POIS ÍA UN HOME CO SEU FILLO NO TREN. O NENO ERA MOI TEIMOSO E VIAXABA NESTE MEDIO DE TRANSPORTE POR PRIMEIRA VEZ. ENTÓN, PREGUNTOULLE AO PAI:

– VAI PARAR PAPÁ?
– VAI PARAR PACHÍN.
– VAI PARAR PAPÁ?
– VAI PARAR PACHÍN.

B. Por que non facedes un concurso de chistes na clase?

7. E ENTÓN VAI E DILLE...

Entre todos imos inventar unha historia. O profesor decidirá por quendas quen de vós a continúa. En cada intervención debedes empregar como mínimo un dos seguintes conectores. Un de vós tomará notas e ao final lerá a historia completa. Este é o comezo.

cando   logo   como   porque   ao final

Era xullo e ese día ia moitísima calor. Resulta que espertei despois da sesta con moita sede. Fun á cociña beber un vaso de auga e...

8. UNHA BROMA




A. Vas escoitar unha historia. Marca a imaxe que mellor lle acaia.

1



2



B. E a ti fixéronche algunha vez unha broma? Fixeches ti algunha? Cóntallelo aos teus compañeiros.

- Eu unha vez estaba na casa durmindo moi tranquilo. De súpeto, cando eran as tres ou as catro da mañá, soa o teléfono e resulta que...

9. GUIONISTAS

A. Imaxinade que ides facer unha película. En parellas, elixide un destes títulos ou outro que vos guste e preparade un resumo detallado da historia, de dez liñas como mínimo.

AMOR NAS AULAS

CANTANDO BAIXO O SOL

2026, ODISEA NA AULA

ARREPÍO NA CLASE DE GALEGO

A ALUMNA QUE SABÍA DE MÁIS

PROFESORES A PIQUES DUN ATAQUE DE NERVIOS

TODO SOBRE A MIÑA CASA

AS GALEGAS PREFÍRENOS LOUROS E DO PAÍS

- Gústache algún destes títulos?
- Non sei, se cadra o de *As galegas*...
- Si, pode ser, e de que pode ir?
- Pois da historia dun rapaz alemán que vén pasar unhas vacacións a Galicia e nunha festa...

B. Para a produción da película, tendes que decidir os seguintes puntos.

Que actores e actrices necesitades

En que localizacións gravaredes as escenas

Quen será o director ou a directora

Que música usaredes como banda sonora



C. Agora tendes que presentarlle a vosa película ao resto dos compañeiros.

- Escribimos o guión dunha película de amor e aventuras galegas que se titula *As galegas prefírenos louros e do país*.
- E vai dun rapaz alemán, fillo de emigrantes que vén pasar o verán a Galicia para coñecer a súa familia e...

10. VIVIR DO CONTO

A. Sabes o que é un contacontos? Le o seguinte texto e as opinións dalgúns dos contadores.

Contar historias e contar contos é case tan vello como a humanidade mesma. Por iso, a tradición galega sempre foi rica na transmisión oral dos relatos. Escritores como Fole, Dieste, Ferrín ou Casares recuperaron a memoria colectiva e cultivaron o conto, reproducindo a miúdo o xénero oral que, de avós a netos, foi transmitindo infinitas historias.

Pero na actualidade estase a percorrer o camiño inverso e a recuperar a tradición de contar historias oralmente: son os contacontos. Para rapaces ou adultos, cómicas ou serias, reais ou fantásticas, as historias dos contacontos chegaron a teatros, centros culturais, salas de festas ou á televisión. Os monólogos, narrativos ou dramatizados, recuperan a mellor tradición de contar cousas. Así é como contadores como Quico Cadaval, Paula Carballeria, Rober Bodegas ou Carlos Blanco nos fan a miúdo rir, soñar ou viaxar, a nenos e a adultos, coas historias de hoxe, coas historias de sempre.

Fátima Fernández
"A finalidade dun contacontos é transmitir imaxes auditivas, para que o espectador se sinta como se está lendo un libro. Os que escoitan teñen que vivir a historia por dentro como se fosen os protagonistas."

Quico Cadaval
"A inspiración para os meus contos é a tradición familiar. Aínda lembro os contos da miña avoa e as historias que me contan os mariñeiros de Ribeira."

Paula Carballeira
"O humor hai que levalo a todas as partes, incluso cos máis cativos para motivalos coas cousas. É difícil vivir dos contacontos porque é inestable, pero é moi gratificante porque estás en contacto co público."

Celso F. Sanmartín
"Comecei de casualidade e continúo porque é unha actividade de amor, sentido e paixón pola lingua, pola oralidade, pola comunicación, por pensar que non se perda un verdadeiro tesouro de historias e contos."





B. No lugar onde vives tamén hai contacontos ou algún xénero semellante? Se es galego, asististes algunha vez a un espectáculo de contacontos? Gustouche? Coméntao co teu compañeiro.



UNIDADE 8

Basta xa!

Nesta unidade imos redactar un manifesto a favor da igualdade entre mulleres e homes.
Para iso, imos aprender:

◆ *a expresar desexos, reclamacións e necesidades* ◆ *a valorar situacións e feitos:* ***paréceme moi ben/mal... que*** *+ presente de subxuntivo* ◆ ***querer/pedir/esixir/necesitar*** *+ infinitivo,* ***querer/pedir/esixir/necesitar que*** *+ presente de subxuntivo,* ***que*** *+ presente de subxuntivo* ◆ *a propoñer solucións:* ***deberían/deberíase/habería que*** ◆ ***cando*** *+ subxuntivo* ◆ *o presente de subxuntivo* ◆ *o pospretérito*

1. TEMAS QUE PREOCUPAN

A. Cales imaxinas que son os tres problemas que máis preocupan no teu país? Márcao no cuestionario da dereita e, logo, coméntao co teu compañeiro.

- *Eu coido que á xente o que máis lle preocupa é...*

B. Unha empresa realizou un estudo para determinar cales son os problemas que máis inquietan os galegos. Preocupan as mesmas cousas onde ti vives? Se es galego, compartes a información da enquisa?

Cuestionario

Aquí tes unha serie de problemas sociais. Marca os tres que consideres máis preocupantes.


- ☐ Os atracos, os roubos e a inseguridade cidadá
- ☐ O tráfico e o consumo de drogas
- ☐ O paro e a dificultade para encontrar o primeiro emprego
- ☐ O custo da vida, os prezos e os salarios
- ☐ A presión fiscal e os impostos
- ☐ O mal uso do diñeiro público e a corrupción
- ☐ O terrorismo
- ☐ A contaminación e a conservación do medio
- ☐ A inmigración
- ☐ Outros...

Que nos preocupa aos galegos?

Unha enquisa sobre os problemas que máis lles preocupan aos cidadáns galegos mostra que para seis de cada dez galegos é preocupante a situación económica e que o desemprego é o problema máis grave do país. O custo da vivenda ocupa o segundo lugar, mentres que o déficit de infraestruturas e a xestión política representan a terceira preocupación para a sociedade galega.

Os menores de 24 anos son os que amosan máis inquietude polo medio, mentres que os maiores de 65 anos o fan polo problema do desemprego, a inseguridade cidadá e o tráfico e consumo de drogas. As persoas con estudos universitarios danlle máis importancia á cuestión do desemprego que o resto dos galegos.

Gráfico de opinión



Nota: a suma total é superior ao 100% porque os entrevistados podían escoller máis dunha opción.

C. Cal é o tema ou os temas que máis lles preocupan a estas persoas?



Sabela Gómez Silva
34 anos. Peiteadora
"Eu non sei como consegue vivir unha familia cos salarios que temos e o cara que está a vida. Na miña casa somos tres: o meu home, o meu fillo e mais eu. Traballamos os dous pero, aínda así, ás veces case non chegamos á fin de mes. Logo din que a xente non quere ter fillos. Pois a min paréceme normal: está todo carísimo."



Asunción Bravo Carballeira
66 anos. Pensionista
"Eu vivo nun barrio e cada vez dáme máis medo saír á rúa. Dende a miña casa, a miúdo vexo xente que se xunta para traficar e consumir droga. Ás veces aparece a policía, pero case nunca pasa nada. Moitos comercios e algunhas persoas xa se mudaron para outra zona. O outro día, a unha veciña quitáronlle o moedeiro no mercado. Non hai dereito! Isto antes non pasaba."

D. E a ti, que problema che preocupa máis? Coméntao cos teus compañeiros.

- *Para min o problema máis grave que hai é...*

2. MANIFESTACIÓNS



A. Hoxe nunha cidade galega hai tres manifestacións. Un reporteiro foi falar cos manifestantes para saber cales son as súas reclamacións. Que piden en cada unha delas? Escoita e márcao.

1
- ☐ Queren que baixen os prezos das vivendas.
- ☐ Queren ocupar as casas que están baleiras.

2
- ☐ Piden que o Goberno legalice os inmigrantes sen papeis.
- ☐ Cren que o Goberno debería buscarlles traballo e vivenda aos inmigrantes.

3
- ☐ Esíxenlle ao Goberno que free o despoboamento do rural.
- ☐ Queren que estimulen o aumento da produción dos labregos.

B. Paréceche xusto o que piden? Coméntao cos teus compañeiros?

- *Eu creo que hai que estimular a actividade produtiva do rural, que é unha fonte de riqueza.*
- *Pois a min non me parece moi realista porque...*

C. Tres expertos deron a súa opinión sobre un dos temas da actividade A. Sobre cal? Con que afirmación estás máis de acordo?

- ☐ 1. É un problema cada vez máis grave e unicamente se solucionará cando o Goberno peche as fronteiras.
- ☐ 2. Este problema só se resolverá cando os países desenvolvidos axuden realmente os máis pobres.
- ☐ 3. Hai que permitir a entrada de estranxeiros no país, pero só cando existan garantías de que van ter traballo.

- *A min paréceme que a primeira proposta non é unha boa solución, pero...*

3. REIVINDICACIÓNS

A. A que colectivos cres que pertencen estas reivindicacións?

- ☐ Asociación de xubilados
- ☐ Grupo feminista
- ☐ Grupo pacifista
- ☐ Asociación de desempregados
- ☐ Asociación de veciños

Por unha vida digna: <u>esiximos que nos suban</u> as pensións.

<u>Non máis</u> despedimentos!

Traballamos as mesmas horas. <u>Queremos ter</u> o mesmo soldo.

<u>Que non nos mintan!</u> <u>Basta de</u> mortos a cambio de petróleo!

<u>QUEREMOS QUE CONSTRÚAN</u> UN PARQUE... NON UN APARCADOIRO!

B. Que teñen en común as frases anteriores? Fíxate nas estruturas subliñadas. Nunhas emprégase o infinitivo e noutras o subxuntivo. Por que pensas que se usa un ou outro?

C. Sabes como se forma o presente de subxuntivo? Tenta completar as formas que faltan.

	falar	comprender	subir
(eu)	fale	....	suba
(ti)	....	comprendas	....
(el/ela/vostede)	fale	....	suba
(nós)	....	comprendamos	....
(vós)	faledes	....	subades
(eles/elas/vostedes)	....	comprendan	....

D. As seguintes formas verbais son irregulares e corresponden á primeira persoa do presente de subxuntivo. Sabes cal é a súa forma de infinitivo?

1. faga *facer*	5. poida............	9. vaia..............
2. sexa	6. estea............	10. teña ....
3. queira...........	7. pida..............	11. traia ....
4. vexa	8. saiba	12. diga............

4. POLOS ANIMAIS

A. Le esta entrevista e busca no texto os argumentos cos que estás de acordo. Márcaos e, logo, coméntaos cos teus compañeiros.



Xonás López é presidente de APDA, unha asociación para a defensa dos animais. Acaba de publicar un libro titulado *Atacados e indefensos*.

"A xente segue maltratando os animais"

En Galicia aínda hai casos de malos tratos aos animais?
Creo que melloramos moito nos últimos anos, pero aínda hai moita xente que se comporta dunha forma cruel cos animais. Unha proba disto é que os galegos botan do seu fogar unha media de 12.000 mascotas ao ano.

A súa asociación fai moitas denuncias?
Pois si, e parécenos unha vergoña que, a estas alturas, algunhas persoas traten os animais así, pero aínda ocorre. Cada ano denunciamos aproximadamente douscentos casos de familias que abandonan o seu can ou o seu gato. É inconcebible que fagan iso con animais indefensos. Deberiamos ter leis máis duras para todas as persoas que cometen estes crimes.

Cal é a postura da súa asociación respecto ás corridas de touros?
Aínda que en Galicia non haxa unha gran tradición taurina, algunhas festas patronais inclúen na súa programación unha corrida. Denunciámolas algunhas veces, así como algúns encerros de vaquiñas ou burros, nos que moitos afeccionados confunden xogos con malos tratos e fan sufrir os animais. E xa non falo das pelexas de cans ou galos, que son prácticas moi comúns nalgunhas vilas ou aldeas. É lamentable que, no século XXI, exista aínda unha exhibición de crueldade coma esta. Deberíase aprobar de inmediato unha lei para prohibir estes actos.

Pero hai algúns datos positivos, non cre? Ultimamente prohibíronse varias festas populares nas que se maltrataban os animais.
É verdade que a situación actual é moito mellor que a de hai cinco anos, por exemplo. É lóxico tamén que as leis muden e que se prohiban costumes tan primitivos. Non obstante, aínda hai actos de malos tratos a animais para os que non existe ningún tipo de penalidade. Pensamos que habería que prohibilos todos xa. De todos os xeitos, non pedimos tanto: só queremos que as leis e a sociedade respecten os animais.

B. As expresións resaltadas van seguidas de indicativo ou de subxuntivo? En todos os casos? Intúes por que?

C. Agora, procura no texto as expresións que serven para propoñer solucións.

Presente de subxuntivo
VERBOS REGULARES

	estudar	comer	escribir
(eu)	estud**e**	com**a**	escrib**a**
(ti)	estud**es**	com**as**	escrib**as**
(el/ela/vostede)	estud**e**	com**a**	escrib**a**
(nós)	estud**emos**	com**amos**	escrib**amos**
(vós)	estud**edes**	com**ades**	escrib**ades**
(eles/elas/vostedes)	estud**en**	com**an**	escrib**an**

ALGÚNS VERBOS IRREGULARES

	dar	ir	estar
(eu)	dea	vaia	estea
(ti)	deas	vaias	esteas
(el/ela/vostede)	dea	vaia	estea
(nós)	deamos	vaiamos	esteamos
(vós)	deades	vaiades	esteades
(eles/elas/vostedes)	dean	vaian	estean

	haber	poder	saber
(eu)	haxa	poida	saiba
(ti)	haxas	poidas	saibas
(el/ela/vostede)	haxa	poida	saiba
(nós)	haxamos	poidamos	saibamos
(vós)	haxades	poidades	saibades
(eles/elas/vostedes)	haxan	poidan	saiban

A maioría dos verbos que presentan unha irregularidade na primeira persoa do presente de indicativo teñen esa mesma irregularidade en todas as persoas do presente de subxuntivo.

facer – **faga**	saír – **saia**	ver – **vexa**
pór – **poña**	ter – **teña**	vir – **veña**
dicir – **diga**	oír – **oia**	ter – **teña**

Expresar desexos e reclamacións
Querer/pedir/esixir... + infinitivo

- **Traballamos** as mesmas horas. **Queremos ter** o mesmo salario!
  (MESMO SUXEITO)

Querer/pedir/esixir... que + presente de subxuntivo

- **Esiximos que** o presidente **nos reciba**!
  (SUXEITOS DISTINTOS)

Que + presente de subxuntivo

- **Que se acaben** as guerras!

Expresar necesidade
Necesitar + infinitivo

- Non máis despedimentos! **Necesitamos traballar** para vivir!

Necesitar que + presente de subxuntivo

- **Necesitamos que se instalen** novas industrias na zona.

Valorar situacións e feitos

É **Paréceme**	**(i)lóxico** **(in)xusto** **incrible** **normal** **importante** **unha vergoña** **unha tolería** **...**	**que** + presente de subxuntivo infinitivo
Está **Paréceme**	(**moi**) **ben/mal**	**que** + presente de subxuntivo infinitivo

- ***É unha vergoña que haxa*** *fame no mundo.*
- *Si,* ***paréceme incrible que*** *non se solucione ese problema.*
- ***Non me parece lóxico ter*** *que pagar por todo.*

Cando + subxuntivo
Para introducir unha información referida ao futuro, podemos empregar **cando** + presente de subxuntivo.

- *As enerxías alternativas desenvolveranse* ***cando se acaben*** *as reservas de petróleo.*

Pospretérito
VERBOS REGULARES

	estudar	comer	escribir
(eu)	estud**aría**	com**ería**	escrib**iría**
(ti)	estud**arías**	com**erías**	escrib**irías**
(el/ela/vostede)	estud**aría**	com**ería**	escrib**iría**
(nós)	estud**ariamos**	com**eriamos**	escrib**iriamos**
(vós)	estud**ariades**	com**eriades**	escrib**iriades**
(eles/elas/vostedes)	estud**arían**	com**erían**	escrib**irían**

VERBOS IRREGULARES

	dicir	facer
(eu)	**dir**ía	**far**ía
(ti)	**dir**ías	**far**ías
(el/ela/vostede)	**dir**ía	**far**ía
(nós)	**dir**iamos	**far**iamos
(vós)	**dir**iades	**far**iades
(eles/elas/vostedes)	**dir**ían	**far**ían

Propoñer solucións e reivindicar
Para propoñer solucións e reivindicar podemos empregar o pospretérito do verbo **deber** + infinitivo.

- *O Goberno* ***debería baixar*** *os impostos.*
- ***Deberiamos ter*** *leis para evitar estes delitos.*
- ***Deberíase modificar*** *a nova lei.*
- ***Deberíanse prohibir*** *as corridas de touros.*

Tamén podemos empregar o pospretérito de **haber** + **que** + infinitivo.

- ***Habería que prohibir*** *as corridas de touros.*

5. NOTICIAS

A. Imaxina que estes titulares de xornal se publicaron hoxe e que son reais. Que opinas? Coméntao cun compañeiro.

1. Prohíbense os exames nas escolas públicas.
2. A partir de mañá estará prohibida a caza.
3. O Goberno elimina varios impostos para as parellas con fillos.
4. Entra en vigor a nova lei que permite fumar en calquera lugar público.
5. Nova ecotaxa: os turistas deberán pagar 100 euros por entrar en Galicia.
6. Os países produtores acordan subir o prezo do café para potenciar o seu desenvolvemento.
7. Prohíbeselles o matrimonio aos menores de 21 anos.
8. Dende hoxe os cidadáns de todo o mundo poden entrar en España sen pasaporte.

- Paréceme moi ben que se prohíba a caza, non podo entender que alguén o considere un deporte.
- Si, a min tamén me parece estupendo. É unha actividade moi cruel.

B. En parellas, escribide un titular imaxinario e lédeo en voz alta. Logo, os vosos compañeiros van comentalo.

6. QUEN QUERE QUE O PROFESOR...

Busca na clase alguén que responda afirmativamente as seguintes preguntas.



Quen quere que o profesor...	Nome
1. o corrixa máis	
2. explique máis gramática	
3. sexa menos esixente	
4. poña máis deberes	
5. escriba máis cousas no encerado	
6. fale máis amodo	
7. pregunte máis cousas	
8. poña máis cancións na clase	

- Queres que o profesor te corrixa máis?
- Non, eu creo que xa nos corrixe abondo.

7. TRES DESEXOS

A. Imaxina que a túa fada madriña che concede tres desexos. Escríbeos nun papel e entrégallo ao teu profesor.

- quero falar galego correctamente.
- quero que a xente á que quero viva cen anos.
- quero que me conceda outros tres desexos.

B. O teu profesor vai ler os desexos dos teus compañeiros. Sabes quen os escribiu? Despois, decidide entre todos se son realizables ou non.

- Quero que rematen as guerras.
- Iso escribiuno Pedro.
- Moi ben!
- Pois a min paréceme imposible que pase iso. Creo que sempre haberá guerras.
- Pois eu creo que...

C. Cando cres que se poderán cumprir os teus desexos? Exprésao usando **cando** + subxuntivo.

- Eu creo que as guerras acabarán cando gobernen as mulleres.


8. CARTA AO DIRECTOR

A. A redacción dun xornal local galego recibiu esta mensaxe electrónica. Lea. Cres que Carlos Paradela ten razón? Como cres que debería actuar o concello?

- *Eu creo que o concello debería...*

B. En grupos de tres, decidide que problemas credes que ten a cidade/vila na que estades. Que solucións propoñedes? Explicádellelo aos vosos compañeiros.

- *Pensamos que un dos maiores problemas da cidade é a contaminación. Cremos que habería que promover o transporte público. Ademais, o concello debería crear...*



Vivo no centro histórico, ao lado da Catedral, xusto nunha das rúas máis emblemáticas da cidade. Como seguramente saben, nesta zona hai un gran número de bares e pubs. Teño a mala sorte de vivir nun primeiro piso e levo varios anos durmindo mal por culpa do ruído.
Os veciños témonos queixado repetidas veces ao Concello, pero ata o momento non se tomaron medidas para solucionar este problema. Os bares continúan abertos todos os días ata as 4 da madrugada e, despois, cando pechan, a troula continúa na rúa.
É que ninguén vai facer nada ao respecto? Teremos que ir vivir a outro sitio para poder durmir?
Carlos Paradela



9. HOMES E MULLERES

A. Dividide a clase en dous grupos. Cada grupo ten que reflexionar sobre se hai igualdade entre homes e mulleres nos diferentes ámbitos da sociedade. Escribide algúns exemplos.

NO TRABALLO ....

NA POLÍTICA ....

NA SEGURIDADE ....

NA CASA ....

OUTROS: ....

B. Poñédevos de acordo e decidide cales son as catro principais inxustizas. Despois escribídeo.

- *A nós parécenos inxusto que...*

C. Imaxinemos que hoxe é o Día Internacional da Muller e que vós pertencedes a un colectivo para a igualdade. Escribide o voso manifesto e preparade unha pancarta.

- *O noso manifesto consta de catro puntos. En primeiro lugar, pensamos que no traballo existe unha gran diferenza de salarios e responsabilidades entre homes e mulleres. Por iso, queremos que se cambien algunhas leis. O Goberno debería...*

D. Agora, lédelles o manifesto aos vosos compañeiros.

10. AS VOCES DA LIBERDADE

A. Oíches falar algunha vez da canción protesta? Que sabes dela? E do grupo musical Voces Ceibes? Le o seguinte texto e a entrevista cun dos seus fundadores para coñecer algo máis.

O ano de 1968 foi un grito á liberdade en todo o mundo: a primavera de Praga, o maio de París e as protestas contra a guerra de Vietnam. En Galicia, tamén na primavera dese ano, uns mozos subían ao escenario do auditorio da Facultade de Medicina e iniciaban os novos rumbos da canción galega: eran Voces Ceibes.

Como noutros puntos de España, a canción protesta impúñase para denunciar a falta de liberdade. Voces Ceibes recolleu ese testemuño e foi un canto á liberdade. Benedicto, Vicente Araguas e Xerardo Moscoso reuníronse para cantar en galego e ser a voz dos problemas sociais que desolaban Galicia no tardofranquismo. Inspirados en textos propios e do poeta de referencia, Celso Emilio Ferreiro, inauguraron a Nova Canción Galega que lles abriría a porta a grupos como Fuxan os Ventos, A Roda, Milladoiro ou a cantautores como Celso Emilio Batallán, Emilio Cao ou Suso Vaamonde.

B. Coñeces algunha das persoas que se nomean no texto? O teu profesor pódeche dar máis información. Sabes dalgunha expresión artística parecida que denuncie problemas sociais ou reivindique determinados valores?



Benedicto García Villar, cantautor e fundador de Voces Ceibes.

As súas influencias musicais son diversas pero, de que bebeu máis: da canción francesa, dos cantau tores norteamericanos ou quizais dos cantantes en catalán?
Un pouco de todo. Despois de cantar en latín no colexio comecei a cantar en catalán os temas de Raimon. Dunha maneira totalmente casual, este cantautor catalán actuou no colexio maior no que residía cando estudaba Telecomunicacións en Madrid. Quedei absolutamente impactado. Comecei entón a cantar en catalán. Un grupo de compañeiros suxeriume que, do mesmo xeito que interpretaba en catalán, podía facelo en galego. Ese foi o motivo que me levou a escribir o tema *O home*, en galego. Era unha elección dobremente contestataria, cantar e facelo en galego.

Con todo, na súa obra translócese unha influencia e, sobre todo, unha grande admiración por Zeca Afonso.
Evidentemente. José Afonso foi un ídolo para min. Traballei con el só dous anos, pero foi o meu mestre non só musical senón tamén espiritual e ideolóxico. Era un home dunha sensibilidade fóra de toda norma. Vivir ao seu lado era sempre motivo de algo interesante. Estreou en Santiago o tema *Grândola, Vila Morena* en abril 1972, na Facultade de Económicas. Estaba no escenario con el, porque naquela época o acompañaba coa voz e a guitarra. O público estaba moi receptivo e ocorréuselle cantala a pesar de que non estaba previsto no programa. Agarroume polo brazo, do mesmo xeito que fan os coros alentexanos, e fíxome acompañalo. Logo viría a historia e a decisión dos militares de sacar o 25 de abril en Radio Renascença, curiosamente a radio da Igrexa, o tema do Zeca, á hora prevista como sinal do levantamento.

Outra persoa que cita como clave na súa música foi Celso Emilio Ferreiro. Que significaron os poetas galegos, tamén Lois Diéguez e Manuel María, para Voces Ceibes?
No meu caso Diéguez foi moi importante. Cantei temas dun cancioneiro que me mandou Manuel María con coplas feitas a máquina por eles dous. Púxenlle música a tres das asinadas por Lois Diéguez, *Loitemos, No Vietnam* e *A voz do pobo,* que formaban parte do primeiro disco. Foron ademais, en certo sentido, os abandeirados de Voces Ceibes. Habería ademais que nomear, aínda que non era letrista, a Xesús Alonso Montero, que tamén estivo detrás animando.

Que tiñan contra vostede os gobernadores civís?
Gustabamos moito (ri). O feito de cantar en galego o que cantabamos era como meterlles o dedo nun ollo. Pero hai un informe da policía do 1970 onde o autor, que era da [Brigada Política] Social, por suposto, demostra ter unha enorme simpatía polo grupo. Na relación que fixo do resto de cantores da época que non pertencían a Voces Ceibes citou a Juan Pardo ao que lle criticaba, por oposición, "a mala calidade" e o feito de ser "comercial".

En 1975 cantaban para 5000 persoas nun pavillón. Que dano lles fixo a vostedes a Transición?
Foi moi dura. Fomos todos vítimas do desencanto. Desincháronse todas as estruturas en que actuaramos e atravesamos momentos moi duros. Despois esmoreceu todo.

Coa perspectiva que dan os anos, que importancia lle daría a Voces Ceibes dentro da historia da música do país?
Facendo unha lectura seria e non excesivamente pasional, aquilo foi necesario para que agora gocemos dunha pluralidade de intérpretes e de formacións, tanto de canción de autor como de estilos máis contemporáneos. Fomos ademais os primeiros en cantar en galego, en dar os primeiros pasos na normalización do idioma no eido da música e iso non o pode negar ninguén.

Fragmentos dunha entrevista de Mar Barros para o diario A nosa terra



UNIDADE 9

O turista accidental

Nesta unidade imos contar anécdotas reais ou inventadas.
Para iso, imos aprender:

◆ *recursos para contar anécdotas* ◆ *recursos para mostrar interese ao escoitar un relato* ◆ *a falar de causas e de consecuencias:* ***como*, *porque*, *así que*...** ◆ *o antepretérito* ◆ *a combinar os tempos de pasado nun relato (pretérito/copretérito/antepretérito)*

1. VACACIÓNS

A. Completa este cuestionario sobre a túa maneira de viaxar. Podes marcar máis dunha opción. Logo, compara as túas respostas coas dun compañeiro e toma nota das súas.

1 Cando decides facer unha viaxe, que fas?
- ☐ Vou a unha axencia de viaxes e comparo prezos.
- ☐ Busco en Internet e organízoa eu.
- ☐ Preguntolles a amigos ou coñecidos.
- ☐ Sempre vou de vacacións ao mesmo sitio.

2 Cando preparas unha viaxe, queres...
- ☐ planificalo todo con moita antelación.
- ☐ que outra persoa organice a viaxe. Ti só te apuntas.
- ☐ ter algunhas cousas organizadas, pero non todo.
- ☐ poder decidir as cousas sobre a marcha e improvisar.

3 Prefires viaxar...
- ☐ cun grupo numeroso.
- ☐ coa familia.
- ☐ cos amigos.
- ☐ só/soa

4 Que é o que máis che gusta facer nas túas vacacións?
- ☐ Perderme polas rúas; descubrir como vive a xente.
- ☐ Saír de noite e coñecer a vida nocturna.
- ☐ Descansar cerca do mar ou na montaña...
- ☐ Visitar museos, igrexas, monumentos...

5 Que tipo de aloxamento prefires?
- ☐ Un campamento na natureza.
- ☐ Un apartamento alugado.
- ☐ Unha casa rural.
- ☐ Un hotel.

6 Que adoitas comprar nas túas viaxes?
- ☐ Produtos típicos (artesanía, alimentos, bebidas, roupa...).
- ☐ Música.
- ☐ *Souvenirs*.
- ☐ Nada, non me gusta comprar.

7 O que nunca falta na túa maleta é...
- ☐ un bo libro.
- ☐ un ferro de pasar.
- ☐ unha cámara.
- ☐ un estoxo de medicamentos.

8 Que che gusta comer cando viaxas?
- ☐ Como as cousas típicas, pero só en bos restaurantes.
- ☐ O mesmo que no meu país.
- ☐ Probo a comida do lugar e como de todo.
- ☐ Sempre levo a comida da casa.

• Eu, cando quero preparar unha viaxe, normalmente vou a unha axencia de viaxes, e ti?
○ Pois eu non, eu prefiro...

B. Agora, interpreta as respostas do teu compañeiro e tenta explicarlles aos demais como é.

independente · intelectual · aventureiro/a · organizado/a · previsor/a · imprudente · curioso/a · valente · raro/a · tradicional · prudente · deportista · orixinal · familiar

• Eu creo que Brian é moi aventureiro, sempre improvisa as súas viaxes.

C. Fíxate nestas ofertas de viaxes e escolle unha para ti. Logo, xustifica a túa elección perante o resto da clase.

MARROCOS: cidades, deserto e Atlas.




Prezo desde: ~~519,00~~ → **419,00€**

Máis detalles: **www.superchoio.com**

Ven coñecer as cidades máis importantes e percorrer as montañas do Atlas e o deserto do Sáhara. Será unha experiencia inesquecible. Marrocos é un país fascinante, unha mestura de cultura milenaria e modernidade.

PARÍS: a cidade da luz.



Prezo desde: ~~399,20~~ → **349,00€**

Máis detalles: **www.superchoio.com**

París, cidade da luz e do amor, ofrece glamour en cada esquina: os seus cafés, que lembran con nostalxia os anos da Belle Époque, marabillas arquitectónicas como Nôtre Dame ou a Torre Eiffel, o Sagrado Corazón de Montmartre, o Museo do Louvre...

MENORCA: a illa paradisíaca.




Prezo desde: ~~250,00~~ → **199,00€**

Máis detalles: **www.superchoio.com**

Menorca é unha illa tranquila onde o visitante encontra un paraíso de placidez. A beleza das súas calas fai da illa un lugar idóneo para unhas agradables vacacións lonxe do ruído e do estrés da vida cotiá.

A PATAGONIA: espectáculo natural.



Prezo desde: ~~1480,00~~ → **1280,00€**

Máis detalles: **www.superchoio.com**

Situada no extremo sur do continente americano, A Patagonia ofrécelles aos seus visitantes paisaxes espectaculares de bosques, lagos, fervenzas e glaciares.

• Pois eu prefiro a viaxe á Patagonia porque...

2. BOA VIAXE?

A. Vermundo.com é unha páxina web sobre viaxes. Algúns usuarios contan nela as súas experiencias. Leas e, logo, completa o cadro.

http://www.vermundo.com

VERMUNDO

- Quen somos?
- Experiencias
- Servizos
- Ofertas
- O noso club
- Foro
- Revista
- Ligazóns

O ano pasado contratei unha viaxe a Roma a través da axencia Voatours. Reservaramos un hotel de catro estrelas no centro (nos folletos parecía moi bonito), pero cando chegamos leváronnos a un de dúas estrelas que estaba a uns 15 quilómetros do Coliseo. Ademais, as condicións do hotel eran realmente lamentables: non había calefacción e os cuartos daban a unha rúa moi ruidosa. Cando volvemos á casa, fixémoslle unha reclamación á axencia, pero non quixeron asumir ningunha responsabilidade.
Xián

Nunha viaxe de negocios a Estocolmo, a compañía aérea Airtorp perdeu a miña equipaxe. Cando fun reclamar, descubriron que, por erro, enviaran a miña maleta á China, pero prometeron enviarma á mañá seguinte ao hotel. Eu tiña unha reunión importantísima ao día seguinte. A maleta nunca chegou, nin aquel día nin nunca, de modo que tiven que ir á reunión coa mesma roupa da véspera e sen afeitar. Ademais, non recibín ningunha indemnización.
Manuel

En agosto, fomos de lúa de mel a Zanzíbar. Non nos gustan as viaxes organizadas, pero aproveitamos unha oferta. Todo funcionou de marabilla: as excursións saíron todas puntuais, o guía era encantador e tivemos moi bo tempo. Do hotel, ningunha queixa; reformárano meses antes e todo estaba como novo. Ademais, o servizo era excelente.
Bieito

Como viaxe de fin de curso, queriamos facer unha ruta por Marrocos, así que contratamos unha viaxe con Surman-Tours. Tratábase, en teoría, dunha viaxe organizada especificamente para nós cun guía. Unha vez alí, encontrámonos cun autobús vello e incómodo, e con trinta persoas máis. O guía non falaba moi ben o noso idioma e, por riba, o terceiro día púxose enfermo e tivemos que facer o resto da viaxe sós. Foi horrible.
Lola e Maite

Hai dous anos, o meu mozo e eu fomos de vacacións a Nova York. Chegamos co tempo xusto ao aeroporto e xa empezaran a embarcar. Como había *overbooking*, a compañía decidiu cambiar de sitio a algúns pasaxeiros. Ao final, fixemos a viaxe en primeira clase e non en turista. Foi a viaxe máis cómoda da miña vida.
Montse

QUE PASOU?	A QUEN?
1. A viaxe estivo moi ben organizada.	
2. O aloxamento non era como lles prometeran.	
3. Perdéronlle as maletas e nunca as recuperou.	
4. Tiveron sorte co hotel.	
5. Tiveron mala sorte co guía.	
6. As condicións reais da viaxe non eran as que anunciaban os folletos.	
7. Estiveron a piques de perder o avión.	
8. Tiveron boa sorte co voo; puxéronos nunha clase superior.	
9. Fixeron unha reclamación, pero non recibiron ningunha compensación.	

B. E ti, estiveches nalgún dos lugares que se mencionan nos textos? Tiveches algún problema parecido algunha vez?

- ● Eu, unha vez por problemas nos enlaces dos voos, estiven viaxando dous días...
- ○ Arre demo...
- ■ Pois eu...

3. EQUIPAXE EXTRAVIADA


CD 44

A. Vas escoitar unhas amigas que comentan unha anécdota. Marca que frase a resume.

- ☐ Nunha viaxe a Xapón perdéronse as súas maletas e nunca as recuperou.
- ☐ Nunha viaxe a Xapón perdéronse as súas maletas e durante uns días tivo que poñer a roupa das súas amigas.

B. Aquí tes a transcrición da conversa, onde aparecen destacados en laranxa os distintos recursos que utiliza unha das interlocutoras para mostrar interese no que escoita. Relaciona cada un destes recursos coa explicación máis axeitada da esquerda.

- Fai preguntas e pide máis información.
- Reacciona expresando sentimentos: sorpresa, alegría...
- Repite palabras da outra persoa.
- Dá a razón ou mostra acordo.
- Remata as frases da outra persoa.

● A min, unha vez perdéronme as maletas nunha viaxe.
○ Ai, si? Que rabia, non?
● Pois si... Era unha viaxe de fin de curso, da universidade. Decidiramos ir a Xapón e ben, cando chegamos, todo o mundo recolleu as súas maletas e eu, pois, esperando, esperando e nada.
○ Vaia leria!
● E dicía: "Non sei, agora sairán." Pero non. Fun preguntar e resulta que as maletas foran noutro avión... a Cuba!
○ A Cuba?
● Si, si.
○ E que fixeches?
● Ben, pois... A verdade é que non podía facer nada, de xeito que ao final fun ao hotel cos demais e a esperar. Tardaron tres días en devolvermas.
○ Tres días? Que me dis!
● E claro, eu tiña toda a roupa nas maletas. Así que os primeiros días tiven que pedirlles cousas ás miñas amigas: camisetas, traxes de baño, roupa interior... de todo, sabes?
○ Xa, claro. Iso ou andar espida.
● Menos mal que ao final chegou a maleta porque, filliña, como ningunha das miñas amigas ten o meu talle...
○ Pois menos mal, porque ías todo o día disfrazada, non?

C. Volve ler a anécdota e fíxate agora nos recursos subliñados. Serven para organizar o relato. Clasifícaos na columna correspondente.

Comezar	Rematar	Manter a atención ou a quenda de palabra	Falar de causas e consecuencias

D. Coñeces outras expresións para reaccionar, conectar, comezar, rematar e manter a atención? Entre todos, podedes facer unha listaxe no encerado.

4. ANTES OU DESPOIS

A. Le as seguintes preguntas. Logo, observa os pares de frases e marca a opción correcta en cada caso.

	SI	NON
1. Viron a Marcos?		
A. Cando chegou Marcos, **fomos** ao cinema.		
B. Cando chegou Marcos, **foramos** ao cinema.		
2. Viaxaron xuntos?		
A. Cando nos coñecemos, **fixemos** moitas viaxes.		
B. **Fixeramos** moitas viaxes cando nos coñecemos.		
3. Andrés e Inés casaron en España?		
A. Cando Andrés volveu a España, **casou** con Inés.		
B. Cando Andrés volveu a España, **casara** con Inés.		

B. Fíxate nos dous tempos verbais que están en grosa nas frases anteriores. Entendes cando empregamos un ou outro? Agora, le estas frases e marca cal dos dous tempos é máis adecuado en cada caso.

1. Ao principio non o recoñecín porque non o **vin/vira** dende a escola.
2. Cando saímos do teatro, **fomos/foramos** cear.

C. Fíxate de novo nas frases anteriores. Cando nun relato queremos marcar que unha acción é anterior a outras que xa mencionamos, empregamos o antepretérito. Sabes como se forma este tempo? Completa o cadro.

(eu)	....	fora
(ti)	viras	....
(el/ela/vostede)	....	....
(nós)	....	....
(vós)	virades	....
(eles/elas/vostedes)	....	foran

Narrar acontecementos pasados

ANTEPRETÉRITO

Empregamos o antepretérito para indicar que unha acción pasada é anterior a outra xa mencionada.

VERBOS REGULARES

	estudar	**comer**	**escribir**
(eu)	estud**ara**	com**era**	escrib**ira**
(ti)	estud**aras**	com**eras**	escrib**iras**
(el/ela/vostede)	estud**ara**	com**era**	escrib**ira**
(nós)	estud**aras**	com**eramos**	escrib**iramos**
(vós)	estud**aramos**	com**erades**	escrib**irades**
(eles/elas/vostedes)	estud**aran**	com**eran**	escrib**iran**

VERBOS IRREGULARES

estar	**pór/poñer**	**ir/ser**	**ter**	**facer**
estivera	puxera	fora	tivera	fixera
estiveras	puxeras	foras	tiveras	fixeras
estivera	puxera	fora	tivera	fixera
estiveramos	puxeramos	foramos	tiveramos	fixeramos
estiverades	puxerades	forades	tiverades	fixerades
estiveran	puxeran	foran	tiveran	fixeran

23.30 h

*Cando **chegamos** ao hotel, non puidemos cear porque xa **pecharan** a cociña.*


23.00 h

PRETÉRITO

Empregámolo para relatar accións pasadas.

COPRETÉRITO

Nun relato, emprégase para falar das circunstancias que rodean a acción, presentándoas como feitos non rematados. Observa que, nun relato, o copretérito non é independente. A narración avanza pola secuencia de accións referidas en pretérito. O copretérito engade información sobre as circunstancias.



Referencias e relación temporais no pasado

Aquel día/mes/ano
Aquela semana/mañá/tarde/noite
Ao día/mes/ano seguinte
Á semana/mañá/tarde/noite seguinte
O día/mes/ano anterior
A mañá/tarde/noite/semana anterior

- ***Aquel día*** *estivemos estudando ata tarde porque a**o día seguinte** tiñamos un exame moi importante.*

Recursos para contar anécdotas

Cando contamos unha anécdota, utilizamos numerosos recursos. Quen a conta intenta captar e manter a atención do seu interlocutor. Este adoita cooperar dando mostras de atención e de interese.

COMEZAR UNHA ANÉCDOTA

Para comezar a narrar a historia, podemos empregar **resulta que**.

- **Resulta que** un día estabamos en Lugo e queriamos saír...

Para situar unha anécdota no tempo, empregamos:

Un día/Onte... **Unha vez/noite...**
Hai uns meses/anos... **O outro día/A outra tarde...**

- ***Unha vez*** *quedei dúas horas pechada nun lavabo.*

REMATAR UNHA ANÉCDOTA

Para rematar unha anécdota, presentando o resultado do relatado anteriormente, adoitamos empregar recursos como:

- **Ao final** fomos en tren porque non quedaban prazas no avión.
- **Total, que** marcharon todos e tiven que pagar eu a conta.

MOSTRAR INTERESE AO ESCOITAR UNHA ANÉCDOTA

Adoitamos reaccionar facendo preguntas, pedindo detalles.

E que fixeches? E logo? Que pasou? E como terminou logo?

Dando a razón ou mostrando acordo.

Claro. Normal. Lóxico. Xa.

Ou con expresións de sorpresa, alegría...

Ah, si?
Non!
Menos mal!
Non me digas!
Que rabia/horror/leria/pena/ben/mal/estraño! (Non?)
Que mala/boa sorte! (Non?)

Tamén podemos mostrar interese mediante o riso, repetindo as palabras do noso interlocutor ou acabando as súas frases (normalmente con outra entoación).

Falar de causas e consecuencias

Para presentar a causa, usamos **como** e **porque**.

- **Como** non tiña cartos, quedamos na casa.
- Quedamos na casa **porque** non tiñamos cartos.

Para presentar as consecuencias, empregamos **así que** ou **de xeito que**.


- Estabamos esgotados, **así que** decidimos non saír.
- Non reservei con tempo, **de xeito que** quedei sen praza.



5. METER BAZA

A. Anabel Portas fala e fala sen parar. Fíxate no seu "monólogo" e decide onde e cando podes intervir. Estes recursos pódenche axudar. Despois compárao co teu compañeiro e, finalmente, practicade o diálogo. Se cadra teredes que engadir ou modificar algo.

Non me digas! Por que? Ai si? Non! Que mala sorte! Que? E que pasou? Menos mal! E logo? Xa. E como terminou logo? E que fixeches?



B. E a ti pasouche algo similar algunha vez? Coméntao cos teus compañeiros.

6. CONTA, CONTA...

Imos traballar en parellas. Pregúntalle ao teu compañeiro se lle pasou algunha destas cousas. En caso afirmativo, que outras cousas podes preguntarlle?

1. Perder un avión/un tren…
2. Esquecer as chaves dentro da casa/do coche…
3. Namorarse a primeira vista.
4. Coñecer unha persoa famosa.
5. Atopar algo de valor pola rúa.
6. Ter que durmir na rúa.
7. Ir a unha comisaría de policía.
8. Pasar moito medo.
9. Ter unha experiencia paranormal.

Cando foi?	Onde estabas?	Con quen?
Por que?	Que fixeras antes?	
A onde ías?	Que pasou ao final?	

- Perdiches algunha vez un avión?
- Si, perdín varios.
- E a onde ías?

7. POIS A MIN, UNHA VEZ...

En grupos de tres, elixide cada un unha anécdota e contádellela aos vosos compañeiros coa axuda dos recursos de abaixo. Os outros escoitan e reaccionan.

resulta que **porque** **total, que** **e entón** **ao final** **así que** **como**

Anécdota 1

Hai un tempo/nun parque/ **ver** unha moza e un mozo pelexando/a rapaza estaba moi asustada/ **chamar** á policía/**estar rodando** unha película

Anécdota 2

O outro día/**levar** só 8 €/**decidir** mercar un billete de lotería/**gañar** un premio de 800 €/ **invitar** os amigos a unha churrascada/**pasalo** moi ben

Anécdota 3

Unha vez/**encontrar** alguén nun tren/**empezar** a falar e preguntarlle pola súa vida/**pensar** que o coñecía/a outra persoa **mirarme** con cara rara/ **parecerse** moito a un amigo meu/**confundir** cun amigo

8. A VIAXE DE PETRUNIA

En 1750, o barco no que ía Petrunia Taylors naufragou preto das Illas Blablebí. Ela foi a única supervivente. Vinte anos despois rescatárona e volveu ao seu Londres natal. En parellas, fixádevos nos deseños e completade as frases.

Na illa (de 1750 a 1770)



En Londres (a partir de 1770)

- Chegou a Londres e case non recordaba nada; pasara máis de vinte anos fóra da casa.
- Como……………………………………………………………… ……………, publicou o primeiro mapa das Illas Blablebí.
- Chegou a Londres cunha gran fortuna porque na illa ………………………………………………………………
- Como……………………………………………………………… ……………………………………………, publicou o primeiro curso de inglés para blablebís.
- Converteuse na primeira profesora de blablebí en Gran Bretaña porque na illa……………………………………………… ………………………………………………………………
- Organizou un partido político de mulleres sufraxistas …… …………………………………………………………………

9. VACACIÓNS INFERNAIS

Imos imaxinar unha vacacións desastrosas. En parellas, mirade o programa desta viaxe a Xustinópolis (un lugar imaxinario) e escribídelle unha carta de reclamación á axencia de viaxes, na que expliquedes que todo saíu mal e nada como estaba previsto no programa.

DÍA 1

- 09.00 Traslado en autobús ao aeroporto
- 12.00 Saída no voo 456
- 17.00 Chegada e traslado ao hotel en coche típico da zona
- 18.30 Cóctel de benvida no hotel Tartaruga Feliz (4 estrelas)
- 21.00 Cea ao aire libre
- 23.00 Baile karaoke na piscina do hotel

DÍA 2

- 08.00 Almorzo
- 10.00 Excursión en camelo
- 12.00 Visita comentada ás ruínas de Raíña
- 14.00 Comida no oasis de Miras. Degustación pratos típicos
- 17.00 Paseo polas dunas de Fraguas
- 19.00 Regreso ao hotel en furgoneta
- 21.00 Cea

DÍA 3

- 09.00 Almorzo
- 10.00 Actividades lúdicas: ximnasia acuática con instrutor, masaxes con barro quente do deserto de Fraguas
- 12.00 Paseo a cabalo polo deserto
- 14.00 Comida: degustación comidas da zona: dátiles, formigas, escorpións… Tarde libre

DÍA 4


- 09.00 Almorzo
- 10.00 Excursión ás praias de Lama (recoméndase levar antimosquitos)
- 14.00 Comida na praia
- 17.00 Visita en helicóptero ao gran canón de Santa Cruz para ver os seus abraiantes solpores.
- 20.00 Cea despedida no hotel
- 09.00 Recollida no hotel para traslado ao aeroporto

- Nós decidimos ir na nosa lúa de mel a Xustinópolis. Todo saíu mal dende o principio. Contrataramos un hotel de catro estrelas e, en realidade,…

10. ESCULTURAS QUE VIAXAN

A. Paco Leiro é un dos artistas plásticos máis universais, con esculturas en distintas cidades do mundo. Queres coñecer máis sobre a súa vida e obra? Le o seguinte texto.





Paco Leiro naceu en Cambados en 1957 e é un dos artistas plásticos galegos con máis repercusión internacional. Aínda que reside en Nova York, nunca deixou de reflectir nas súas obras a pegada galega, tanto polo manexo de materiais propios, como a madeira, o ferro ou granito do país, como pola súa temática: mestura do máis vangardista das correntes contemporáneas coas tradicións autóctonas.

O oficio nunca lle foi estraño ao escultor do Salnés, xa que procede dunha familia de artesáns. Precisamente na súa terra natal, en Cambados, expuxo en 1975 por primeira vez e nos anos 80 colaborou co proxecto Atlántica, onde se renovou a plástica galega.

En 1976, presentou os seus traballos na sala Toisón de Madrid, cidade onde pronto se comezaron a valorar as súas esculturas e pinturas, de xeito que dende 1986 segue a ser un habitual das mostras de ARCO na cidade.

Así foi que a importante Galería Malbourogugh en Nova York o fichou en 1990 e, desta maneira converteuse, dada a súa xuventude, nun caso singular no mundo da arte contemporánea.



Actualmente combina a exposición en galerías e museos con esculturas situadas en lugares públicos de cidades como Biarritz, Santander, Santiago de Compostela, Ferrol ou Vigo. Entre elas, destaca a da Illa das Esculturas, na foz do río Lérez, *O Astronouta* de Valdemoro (Madrid) e *O Sereo* en Vigo.

En 2008 chegoulle tamén o recoñecemento institucional galego e gañou o Premio Nacional da Cultura Galega na modalidade das Artes Visuais.

B. Coñeces algunha escultura semellante ás de Leiro? Que cres que tentan expresar as obras das imaxes? Coméntao co teu compañeiro.



UNIDADE 10

Todos somos poetas

Nesta unidade imos escribir unha poesía.
Para iso, imos aprender:

◆ *algúns xéneros literarios* ◆ *a expresar finalidade* ◆ *a modificar e restrinxir os substantivos* ◆ *algúns adverbios e expresións adverbiais* ◆ *as oracións finais* ◆ *as oracións adxectivas*

1. XÉNEROS LITERARIOS

A. Aquí tes catro textos literarios. Sabes a que xénero pertence cada un deles? Coméntao co teu compañeiro.

B. Gustaríache continuar lendo algún destes textos? Cal? O teu profesor pódeche dar máis información.



O lordanas
(fragmento)

O que vos vou contar pasou en Lugo, polos derradeiros anos do século pasado. Ouvinllo a meu padriño, xa fai moito tempo. Meu padriño sabía moitas historias de medo. Ouvírallo unha tépeda noite do mes da sega, cando estábamos sentados na aira, alá en Fingoi, unha aldea que está a carón de Lugo.

(...)

Por aquiles anos era enterrador un home que lle chamaban o Lordanas. E todos os lugueses lle chamaban ó cimeterio a Horta do Lordanas. Meu padriño decía que tiña moi boa saúde, que era moi dado ás bulras, e que Dios o castigara por se mofare dos difuntos. Mais só os difuntos teríalles sen cuidado, coido eu...

Ánxel Fole
(1903-1986)

Unha primavera para Aldara
(fragmento)

SACHA: Que os homes, prioresa, un porque de máis bebeu, outro porque de menos bailou, non hai un ao que lle pareza a muller boa.
XENEBRA: A muller debe obedecer o seu home e facerlle a vida agradábel mais tamén espera recibir del amoroso trato e non paus a eito...
SACHA: Logo a muller está para que o home mande nela?
XENEBRA: Non tal. O home manda de feito, amparado na súa forza e na súa superioridade no mundo mais non ten que ser así. Non imaxino que Nosa Señora desexase tan triste destino para as súas fillas: ser gobernadas sempre por calquera baldreu remollado en viño...

Teresa Moure
(1969)

1. un poema
2. un conto
3. unha obra de teatro
4. unha novela

Resistencia
(fragmento)

Aquel verán comezou desaborido coma tantos outros. Dinís non acertaba a lembrar cómo empezara, nin tampouco cómo continuara antes dela. A dicir verdade, non recordaba nada. A infancia facíalle brincadeiras na memoria. Todo permanecía reducido a un fato de traballos que substituíran os seus xogos de neno e mancáranlle o lombo aínda sen acabar de medrar. Tiña vagas imaxes de cativos tras dunha pelota e falcatruadas ó abeiro do piñeiral, mais non conseguía localizalos no tempo. Todo o que retrocedía máis alá dos dezaseis anos sucumbía ó atractivo do embelecemento do pasado, unha tentación abondo seductora para quen no seu currículo amosaba poucas victorias e unha morea de derrotas.

Rosa Aneiros
(1976)



As praias
(fragmento)

Cando o vento regresa dun insomnio mariño
e roza a pel da infancia, a nudez embriagada
no límite da auga.
Cando unha estrela branca precipita o desexo
no tacto estremecido do tempo.
Cando un claror nevado xira nos corazóns
e acende a transparencia no mundo.
¡As praias!
Ese asombro no pálpito da carne,
unha voz azulada que treme no silencio.

Miguel Anxo Fernán Vello
(1958)

C. Agora le este cuestionario sobre gustos e hábitos de lectura. Respóndeo individualmente e, logo, coméntao co teu compañeiro. Cal dos dous é máis afeccionado á lectura?

- Eu non leo moitos libros, pero adoito ler o xornal todos os días.
- Pois eu tento ler, como mínimo, un libro ao mes.

TEST

1. Leo...
- ☐ todos os días
- ☐ case todos os días
- ☐ ás veces
- ☐ moi pouco

2. Leo normalmente...
- ☐ pola noite
- ☐ no autobús/tren
- ☐ as fins de semana
- ☐ nas vacacións

3. Gústame...
- ☐ a poesía
- ☐ a novela
- ☐ o teatro
- ☐ o conto

4. Leo...
- ☐ de todo un pouco
- ☐ novelas e poesía
- ☐ revistas e xornais
- ☐ cómics

5. Elixo un libro...
- ☐ polo tema
- ☐ pola portada
- ☐ polo título
- ☐ porque está de moda
- ☐ porque mo recomendaron

6. Comezo unha lectura...
- ☐ por pracer
- ☐ por obriga
- ☐ para aprender
- ☐ para non aburrirme

7. Cando empezo un libro...
- ☐ sempre o remato
- ☐ se non me gusta, déixoo
- ☐ nunca o acabo
- ☐ ....

8. Prefiro ler...
- ☐ en silencio
- ☐ con música de fondo

9. O meu autor favorito é...

2. SELECCIÓN DE POEMAS

A. Aquí tes algúns poemas de diferentes autores. Podes inventar un título para cada un deles?

1

Un outono e un verán
Discuten alporizados
Entre eles decidirán
Por quen serei gobernado

Traballo de fogueteiro
Nas verbenas dos patróns
Que se presentan tardeiros
Nunha ideal estación

Teño as nubes por paisaxe,
Lentas nubes, preguiceiras;
Con elas vou de viaxe
Cara ás terras estranxeiras.

Un estoupido e máis nada.
Cheiro a pólvora mollada

RAMIRO FONTE
(1957-2008)

2

Nas Cíes descubrimos a pericia das aves
e a medida celeste onde reside a luz
Bañámonos nas ondas
a compartir sulagos con dóciles palmípedas
e cunchiñas de nacre
Era o verán
Chegaban ventos fríos do primeiro cuadrante
Os ventos tersos do Nordés
Con labios exaltados bicábasme nas tempas
E querías que fora a raíña dos mares
ou deslizabas verbas secretas nos oídos.

LUZ POZO GARZA
(1922)

3

O teito é de pedra.
De pedra son os muros
i as tebras.
De pedra o chan
i as reixas.
As portas,
as cadeas,
o aire,
as fenestras,
as olladas,
son de pedra.
Os corazós dos homes
que ao lonxe espreitan,
feitos están
tamén
de pedra.
I eu, morrendo
nesta longa noite
de pedra.

CELSO EMILIO FERREIRO
(1912-1979)

4

Xa non quero ser a gorxa amargurada da angustia.

Quero botar fóra a incerteza. A tristura lonxe do peito
e camiñar ergueita polas congostras do tempo.
Fiandeira dun meigo fío de ledicia.

Un paxaro íntimo revoa, canta dentro de min.
Pula por saír ao mundo, cobizoso de rotas,
e de acadar estrelas en colleita desvelada.

É un paxaro soterrado, en desacougo. Unha aziña agromando
cada intre na tremelante maturidade dos soños.

PURA VÁZQUEZ
(1918-2006)

B. Estes son os títulos dos poemas. Parécense ás túas propostas?

Ave inqueda · **Longa noite de pedra**
Illas Cíes · **Setembro**



C. Escoita agora os poemas. Con que sentimentos relacionas cada un? E o teu compañeiro?

	1	3	3	4
alegría				
amor				
desesperación				
ironía				
nostalxia				
tristeza				

- Para min este poema expresa...

D. Cal che gusta máis? Por que?

- Gústame moito o de Celso Emilio Ferreiro...
- Pois a min o de Pura Vázquez, paréceme moi íntimo...

3. ESCRIBO PARA...

A. Que che suxiren os seguintes versos do poeta ourensán Baldo Ramos? Coméntao cos teus compañeiros.

Escribo *para non darlles a razón ós que me ignoran.*
Escribo *para non sentir que estou acompañado.*
Escribo *para andar os pasos*
dos que me leron nos seus versos.
Escribo *para renunciar a vivir*
como os que viven sen renunciar
ó que non pretenden.
Escribo *para non ter desculpa no xuízo final*
se é que hai un final e nos enxuízan daquela.
Escribo *para lembrarme*
dos que xa non poden lembrarse de nós
porque alguén lles impide
atopar palabras coas que calar para sempre.
Escribo *para atopar esas palabras que nos alivien.*
Escribo, en fin, *para entenderme*
cos que están lonxe de nós
coma deles mesmos.

- Pois a min, suxírenme algo de nostalxia ou melancolía...

B. As oracións que van en itálico en cada verso expresan finalidade. Obsérvaas ben. Que teñen en común? Discúteo co teu compañeiro e logo aclarádeo co voso profesor.

C. E ti, fas algunha destas actividades? Emprega *para* e fala da súa finalidade.

Estudar idiomas **Viaxar** **Pintar**
Facer deporte **Compoñer versos/cancións**
Cantar **Ler** **Danzar**

- Pois eu estudo inglés para facer un posgrao en Nova York.
- E eu compoño versos para...

4. CELSO EMILIO FERREIRO

A. Le esta biografía de Celso Emilio Ferreiro. Cres que tivo unha vida interesante? Que lugares consideras que foron máis importantes na súa vida? Coméntao cun compañeiro.



Celso Emilio Ferreiro Míguez nace en Celanova (Ourense), en 1912. Estuda nun colexio escolapio, onde **pronto** recibe unha boa formación cultural.

En 1934, participa na constitución da Federación de Mocidades Galeguistas e dirixe a revista *Guieiro*, en Ourense. En 1936 é mobilizado na Guerra Civil e queda detido varios días no mosteiro de Celanova. **Despois do** conflito, estuda Maxisterio e Dereito na Universidade de Santiago de Compostela, pero **non** remata a segunda carreira. En 1935, publica *Cartafol de poesías*, o seu primeiro libro. En 1948, funda en Pontevedra a colección Benito Soto e en 1936 establécese en Vigo como procurador. **Alí** colabora en varios xornais e revistas e publica, en 1954, *O soño sulagado*. **Asemade**, dirixe a colección de poesías "Salnés", na que, en 1962, edita *Longa noite de pedra*, a obra que o converte na máxima figura da poesía civil en Galicia e marca un fito na historia da literatura galega. **Talvez** por ser a que mellor reflicte a reivindicación social da época.

En 1966 emigra a Caracas, onde organiza as actividades culturais da Hermandade Gallega e **tamén** publica, entre outros, *Viaxe ao país dos ananos* (1968) e *Cantigas de escarnio e maldicir* (1968).

En 1973, regresa a España e instálase en Madrid, onde se dedica **exclusivamente** á actividade literaria e xornalística. **Así**, cumpre un importante papel na divulgación e no fomento da lingua e da cultura galega. Desta época datan *Cimiterio privado* (1973) e *Onde o mundo se chama Celanova* (1975). Morre en Vigo, en 1979, cando xa é considerado un auténtico mito vivo para as novas xeracións. En 1989 dedícanlle o Día das Letras Galegas.

B. Fíxate nos adverbios e locucións adverbiais que aparecen en grosa na biografía. Con que tipo de información das que se listan abaixo cres que están relacionadas en cada caso? Discúteo co teu compañeiro.

modo **tempo** **lugar** **dúbida**
negación **afirmación** **intensidade**

5. AS NOVELAS QUE PUBLICA ESTA EDITORIAL...

A. Observa as oracións que van en grosa. Que teñen en común? Coméntao cos teus compañeiros.

Este rapaz, **que acaba de chegar do estranxeiro,** gañou o concurso de poesías.
As novelas **que publica esta editorial** son as máis vendidas.
O escritor **cuxa obra foi premiada** deu clases no meu instituto.
A poesía, **que é un xénero minoritario**, é a base de moitas cancións.
O lugar **onde se celebra o festival de teatro** está en obras.

B. Agora, empregando as partículas das parénteses, presenta a información de cada par de frases nun único enunciado, como no exemplo. Logo, compara o teu enunciado co do teu compañeiro. Fixéstelo parecido?

Estes gastos leváronas á ruína. Estes gastos eran innecesarios. *(que)*

Estes gastos, que eran innecesarios, leváronas á ruína.

1. Esta señora non me cae nada ben. Vin esta señora no café onte. *(a cal)*
2. Os microautos son cómodos de conducir. A venda dos microautos incrementouse. *(cuxa)*

Adverbios e locucións adverbiais

Os adverbios son palabras invariables que expresan diferentes matices capaces de complementar ou modificar o sentido dun verbo, dun adxectivo, doutro adverbio ou mesmo dun enunciado completo.

- *Chamáronme **onte** para un novo traballo.*
- *Era **moi** falador, pero traballaba **pouco**.*
- ***Francamente**, decepcionounos **moito** a túa actitude.*

A información circunstancial que adoitan achegar os adverbios pode ser dos seguintes tipos:

Tempo: *onte, antonte, hoxe, mañá, cedo, tarde, logo, despois, agora, antes, nunca, xamais, asemade* etc.
Lugar: *aquí, alí, alá, acolá, dentro, fóra, preto, lonxe, diante, detrás, alén* etc.
Modo: *así, ben, mal, gratis, amodo, adrede, paseniño, devagar, felizmente* etc.
Dúbida: *talvez, quizais, seica, disque* etc.
Negación: *non, nin, sequera, tampouco* etc.
Afirmación: *si, certo, certamente, abofé, tamén* etc.
Cantidade ou intensidade: *case, máis, menos, tan, dabondo, moito, moi, bastante* etc.

As locucións adverbiais son combinacións fixas de dúas ou máis palabras que funcionan do mesmo xeito ca os adverbios: **a cada canto**, **a miúdo**, **ao carón**, **aos poucos**, **ás agachadas**, **ás presas**, **así mesmo**, **de certo**, **de momento**, **de repente**, **se callar** etc.

- *Mercáronlle o agasallo **ás agachadas**.*
- ***Se callar** perderon o avión e xa non chegan hoxe.*

! Coa colocación do sufixo -**mente** ao final dalgúns adxectivos femininos ou neutros pódese formar unha ampla serie de adverbios de modo: **soa**/**soamente**; **rápida**/**rapidamente**; **difícil**/**dificilmente** etc.
- *Respondeu **correctamente** todas as preguntas.*

Expresar finalidade

Para explicar a finalidade dunha acción, empregamos as oracións finais, que xeralmente se introducen con **para (que)**.

- *Saín **para mercar o que me pediches**.*
- *Abre as ventás **para que entre** un pouco de aire.*

Ademais de **para** (**que**), as oracións finais tamén se poden introducir por outros nexos como **a que**, **a fin de** (**que**), **co propósito de** (**que**), **co obxecto de** (**que**), **con tal de** (**que**).

- *Fago calquera cousa **con tal de que** veñas.*
- *Só veu **a fin de** falar contigo.*

INFINITIVO/SUBXUNTIVO

Cando a oración principal e a final teñen o mesmo suxeito, o verbo da final vai en infinitivo. Cando os suxeitos son distintos, o verbo da final vai en subxuntivo e o nexo é **para que**.

- Vou chamar a Pedro *para **explicarllo** todo.*
  (eu) (eu)

- Vou chamar a Pedro *para que mo **explique** todo.*
  (eu) (Pedro)

Oracións adxectivas ou de relativo

Empregamos as oracións adxectivas para restrinxir, completar ou modificar o sentido dun substantivo. Funcionan como adxectivos e permítennos ligar unha oración ao substantivo ao que se refiren (antecedente), para evitar a súa repetición.

Oración 1 — Oración 2
A festa durou toda a noite. A festa reuniu moita xente.
Oración de relativo
A festa, **que reuniu moita xente**, durou toda a noite.

Xeralmente, as oracións adxectivas introdúcense por pronomes ou adverbios relativos, polo que tamén se denominan oracións de relativo.

que: As persoas *que saben idiomas* poden solicitar este posto.
quen: O director, *quen asinou o documento*, deixa a empresa.
cuxo: A obra, *cuxo autor é anónimo*, estreouse no Gran Teatro.
cal/cales: O artigo, *o cal aínda non lin*, foi moi criticado.
onde: A zona *onde viven* ten uns xardíns preciosos.

Segundo a relación que establece co antecedente, as oracións adxectivas poden ser especificativas ou explicativas.

Son **especificativas** cando permiten distinguir un ou varios elementos dentro dun conxunto.

*Os nenos **que levan disfrace** participan no festival de Entroido.*
(= os outros nenos non participan, só estes)

Son **explicativas** as oracións adxectivas que só engaden unha información sobre o antecedente, pero non son necesarias para distinguilo. Van entre comas na escrita e márcanse na fala por unha pausa.

- *Ana, **que chegou onte de Chile**, pensa marchar outra vez pronto.*

! ***Quen*** emprégase con referente humano e singular, só en oracións explicativas.

- *O técnico do equipo, **quen** asumiu toda a culpa, dimitiu onte.*

Cal/cales emprégase sempre co artigo determinado.

- *O templo, **o cal** estivo pechado por obras de mellora, volve abrir de novo as súas portas ao público.*
- *A escritora, **a cal** recibiu varios premios, vai publicar outro libro.*
- *Os pasaxeiros, **os cales** xa se atopan a salvo, pasaron momentos de angustia tras o accidente.*
- *As fábricas da zona, **as cales** lle dan traballo a moita xente, tiveron grandes perdas nos últimos meses.*

Cuxo indica posesión e concorda en xénero e número co substantivo que acompaña, non co seu antecedente.

O home
***cuxo** emprego*
***cuxa** familia*
***cuxos** fillos*
***cuxas** obras*

6. PALABRAS

A. As palabras poden ter connotacións moi subxectivas. Escribe unha palabra en galego que che pareza…

BONITA ....

FEA ....

TRISTE ....

ALEGRE ....

SERIA ....

ESTRAÑA ....

ELEGANTE ....

ROMÁNTICA ....

B. Compara a túa listaxe coa do teu compañeiro. Coincides nalgunha palabra?

- Ruliña paréceme unha palabra moi romántica
- Pois a min paréceme…



7. RIMA

A. Aquí tes un poema de Modesto Fraga, unha das voces da poesía galega actual. Fíxate na rima que ten cada un dos versos e trata de facer un esquema segundo o modelo dos catro primeiros versos.

Aquel verán dixeches que me amabas. A
Non era amor, mais ti falabas delo. B
Falábasme do amor do noso selo B
e que era a min soamente a quen buscabas. A

Aquel verán dixeches que me amabas. ....
Que ansiabas de entre o amor o máis sinxelo: ....
percorrer cos teus beizos o meu pelo ....
e tocarme coma só ti me tocabas. ....

B. En parellas, seriades quen de completar o poema con dúas estrofas máis? Tentádeo seguindo este esquema.

Aquel verán dixeches que ....
.... ,
....

Aquel verán dixeches que ....
.... ,
....

C. Comprobade agora a vosa versión coa de Modesto Fraga. Cal vos gusta máis?

… Aquel verán dixeches que me amabas.
Que non tiveras antes quen te amara,
nin quen te amara tanto ti tiveras.
Aquel verán dixeches que me amabas.
Dixeches que deixándome perderas
o día en que pra sempre te marchabas.

8. LECTURA DE POEMAS

Escolle algún dos seguintes poemas, asóciao a algún sentimento ou a unha emoción e recítao coa entoación que creas conveniente. Os teus compañeiros teñen que adiviñar se estás triste, contento, namorado…

Prefiro ser a filla do pirata,
a nena imposíbel que non peitea os cabelos,
a mesma que salta e corre
ou vence un exército.
A que rexeita belezas improbábeis
e se rende ante a liberdade
para botarse a voar,
sen lastre, sen présa, sen bagaxe.
A que esculca nos ollos dos que pasan
e descobre almas e covas,
pozos e estrelas
con que facerse ao mar.

Marta Dacosta

Confesión aberta

Moitas veces abro os ollos preguntando
o porqué da miña pluma na tempestade
do mundo, a razón de arroxar versos sumerxidos
en xacintos ou en nardos cando outros lanzan
balas mortas, flores de lume en loita
e balbordo de ruxidos e violencias
que asolan e destrúen a cousa certa, cáncaro vivo
ou estatua de anxo sorrindo con pólvora
amarga na dozura súa, anémona aberta ao vento
frío da anguria e petitorios denegados en Reims
naqueles días de mil novecentos catorce, entre repiques
de campá e carriza nos retratos e vida negra,
caduceo roto nun escuramente perdurable
mundo, racimo de toxos e címbalos destruídos.


Martín Veiga

Podías ser luz vir doutra fiestra
Arder coma unha rosa
A trincada do can na area fina
Na terra truncada polo mar
E faro ferido polo lóstrego
Os teus labios os teus labios os teus labios.

Rafael Lema

9. CADÁVER EXQUISITO


A. En grupos de cinco (A, B, C, D, E), imos construír un cadáver exquisito. Cada un de vós ten que escribir unha palabra sen que a vexan os vosos compañeiros: A escribe un nome; B, un adxectivo; C, un verbo; D, un adverbio; e E ten que construír con esas palabras un verso facendo as concordancias necesarias de xénero, número e engadindo os elementos necesarios (artigos, preposicións…) para darlle coherencia ao texto.



B. Despois de escribilo pensade nun título para o voso cadáver exquisito.

C. Agora un representante de cada grupo lerá o poema en voz alta. Cal é o que máis lle gusta á clase?

Oda á falsidade
Aí, guapo, canta sen ordenador…



10. CANCIÓN DE AMIGO

A. Le o seguinte poema de Álvaro Cunqueiro. Que sentimentos che suxire? Coméntao co teu compañeiro. Como imaxinades a pomba?

No niño novo do vento
hai unha pomba dourada,
meu amigo!
Quén poidera namorala!

Canta ó luar i ó mencer
en frauta de verde olivo.
Quén poidera namorala,
meu amigo!

Ten áers de frol recente,
cousas de recén casada,
meu amigo!
Quén poidera namorala!

Tamén ten sombra de sombra
i andar pirmeiro de río.
Quén poidera namorala,
meu amigo!

Álvaro Cunqueiro

B. Que significado cres que ten a palabra **amigo** no texto? Le o texto da dereita, que che axudará a entendelo.

C. Se queredes, podedes buscar en Internet algunha das versións musicadas que existen e escoitala na clase.



Entre a abundante produción narrativa, teatral e poética de Álvaro Cunqueiro atópase o libro de poemas *Cantiga nova que se chama Riveira* (1933). A el corresponde o coñecido poema "No niño novo do vento" que Luis Emilio Batallán fixo célebre ao musicalo. No devandito libro, Cunqueiro segue unha orientación vangardista e cultiva unha poesía de signo neotrobadoresco, que recupera a esencia da lírica galego-portuguesa medieval. Neste caso, recupera as cantigas de amigo, onde unha namorada se dirixe ao seu amante. Adoitan ter unha estrutura sinxela, caracterizada polo lema que se repite ao final de cada unha das estrofas.



Máis exercicios

UNIDADE 1
Volver empezar

1. A. Separa as seguintes expresións en dúas columnas: as que indican cantidade de tempo e as que indican un punto no tempo.

1998 o 1 de marzo de 2006 moito tempo
o inicio de curso o luns a voda da miña prima
cheguei a Galicia bastante tempo
non fago deporte máis de dous anos
casei uns anos un par de semanas
empecei a estudar galego

CANTIDADE DE TEMPO	PUNTO NO TEMPO	
hai/dende hai	**dende**	**dende que**
un par de semanas		

B. Escolle tres expresións das anteriores e escribe frases sobre ti.

....

....

....

....

2. Escribe as seguintes informacións sobre ti.

1. Algo que fas dende hai tempo.
   Fago pilates dende hai sete anos.
2. A última vez que cambiaches de casa. ....
   ....
3. Unha cousa que acabas de facer. ....
   ....
4. Algo que queres deixar de facer. ....
   ....
5. Unha cousa que empezaches a facer hai pouco. ....
   ....

3. Completa as frases con estas expresións.

dende hai **hai** **dende** **dende que**

1. Traballa na nosa empresa .... 7 anos.
2. Acabou a carreira de económicas .... 9 anos.
3. Acabou o doutoramento .... pouco.
4. .... está ao mando do seu departamento, conseguiu duplicar os beneficios.
5. Está pouco disposto a viaxar .... casou.
6. .... dous anos que estuda alemán.
7. Vive en Valencia .... 2006.
8. .... fixo o curso, gañou seguridade.

4. Mira este anuncio de traballo e escribe cinco frases describindo o candidato ideal (cousas que fixo, durante canto tempo etc.).


IMPORTANTE ESCOLA DE IDIOMAS PRECISA CONTRATAR PROFESOR DE GALEGO

Requisitos:
- Experiencia
- Formación (licenciado en Filoloxía Galega)
- Idade: entre 25 e 35 anos
- Coñecemento de Internet
- Formación en didáctica das linguas

1. Hai cinco anos que traballa dando clases de galego.
2. ....
   ....
3. ....
   ....
4. ....
   ....
5. ....
   ....

5. A. Completa coas perífrases adecuadas: **acabar de/ comezar a**+ infinitivo, **levar/seguir**+ xerundio.

Regina Felix: a turista accidental.



Cheguei a Galicia no 1999. Vin só pasar unha vacacións e .... (vivir) aquí case 11 anos. En Galicia Regina traballou como profesora de portugués, bolseira de investigación e de redactora nunha editorial. O seu galego é moi bo, aínda que afirma que foi pouco tempo a clases de galego, aprendeu de maneira autodidacta, ... (estudar) pola súa conta e lendo moito. Ten moitos amigos galegos e unha vida montada aquí. En outubro .... (traballar) nun novo proxecto editorial e .... (pensar) en preparar unhas oposicións. Ademais .... (coñecer) un mozo que lle gusta moito.

B. Escribe un texto similar ao anterior con información sobre ti.

6. A. Encaixa na columna máis axeitada as palabras en plural que aparecen nas actividades 4 e 5 da unidade.

Engádeselles *-s*	Elimínaselles o -l e engádeselles *-is*	Engádeselles *-es*	Non se modifican

B. Fai agora o plural das seguintes palabras.

xabón .... fácil ....
xel .... adeus ....
pastel .... verán ....
lapis .... cadril ....
robot .... ollomol ....
xoves .... elevador ....

UNIDADE 2
Momentos especiais

1. Como eran estas persoas ou cousas?

O meu primeiro mestre/a miña primeira mestra?

A miña primeira mestra chamábase dona Clotilde, era moi agarimosa, sempre levaba os labios pintados de vermello e...

Un xoguete que tiña de pequeno/a

....

Un amigo ou amiga da infancia

....

Unha peza de vestir que me gustaba moito

....

Un amor na escola

....

Un adulto polo que sentía admiración

....

Un lugar de vacacións que me gustaba

....

2. O seguinte texto é o principio dun relato de misterio. Temos os feitos (por iso os verbos están en pretérito), pero agora tes que pensar frases en copretérito para describir as circunstancias que se indican. Despois escribe o texto completo e continúa a historia.

Aquel día, Arturo saíu da casa ás 6.00 h da mañá. Pasou ao lado do quiosco de prensa e foi cara á estación do tren. Comprou un billete, sentou nun banco e esperou a chegada do tren. Ás 6.14 h chegou o tren, subiu, pero non

se puido sentar. Baixou na estación da Praza Central. Á saída, encontrouse cunha muller alta que lle deu un paquete. De alí, Arturo dirixiuse cara a unha parada de taxis. Chegou un taxi ás 7.30 e colleuno...

Describe:

1. O tempo que ía aquel día ás 6.00 h.
2. O quiosco (estaba aberto, pechado…).
3. O ambiente da estación de tren nese momento.
4. Por que Arturo non se puido sentar no tren.
5. O aspecto e o contido do paquete.

3. Continúa as seguintes frases.

1. O outro día estaba na casa e, de súpeto, ...

   ....

2. O sábado á noite quería saír, pero ao final ....

   ....

3. Compreille un regalo a Estevo porque era o seu aniversario,

   pero ....

   ....

4. Estaba escoitando música e, de súpeto, ...

   ....

5. Mentres os meus amigos estaban na clase..............................

   ....

6. Ía no autobús á escola e ....

   ....

7. Era de noite e non había ninguén na rúa. Un coche parou ao

   meu carón e ....

   ....

8. Cando vivía na outra vila, non tiña moitos amigos porque

   naquela época ....

   ....

9. Estaba sentado nun banco da praza. Non había ninguén,

   pero entón ....

   ....

10. Ao principio as clases de cociña non me gustaban moito,

    pero despois...

    ....

4. Imaxina que che pasou algo sorprendente. Escribe unha carta explicándoo. Aquí tes unha serie de elementos que che poden axudar, pero se o necesitas podes modificalos, usar outros ou cambiar as persoas. Utiliza tamén os marcadores temporais necesarios.

CIRCUNSTANCIAS
Chovía/Ía sol
Non tiña cartos
Era moi guapo/a, feo/a, raro/a...
Tiña moita fame
Eu estaba namorado/a
Ninguén na miña familia o sabía
Estaba enfermo/a
Atopábame mal
Tiña moito sono
Quería ir (a)/volver (a)...

ACONTECEMENTOS
Cheguei tarde a...
O teléfono soou
Alguén chamou á miña porta
Non espertei
Apareceu un...
Tiven que...
Atopei unha carteira/un can...
Durmín no bus/nun tren/...
Caín en...
Alguén...

5. Escolle un dos seguintes titulares e escribe a nova correspondente ou escribe ti algún.

A selección galega de fútbol proclámase gañadora no Mundial 2010

Dimite o presidente do Goberno por acusacións de corrupción

Atópase nunha praia da Costa da Morte un tesouro

Unha moza consegue escapar da morte grazas á intervención do seu can

6. Aquí tes os principais acontecementos da historia de Cuba e da historia da familia Mourente Penas, coloca os verbos no tempo axeitado.

No 1492, Cristobal Colón (descubrir) .... a illa de Cuba.

No 1560, a illa (converter) .... nun punto comercial estratéxico.

No 1850, (producir) .... enfrontamentos entre o exército español e independentistas cubanos.

Manuel Mourente (saír) .... con 4 anos xunto cos seus pais da aldea de Botos, Lalín, con destino a Vigo para coller un barco que o (levar) .... a Cuba.

No 1895, (comezar) .... a guerra entre España e Cuba.

Herminia Pazos, filla de emigrantes galegos, (coñecer) .... a Manuel Mourente nun baile na Habana.

No 1898, Estados Unidos (entrar) .... na guerra.

Un ano antes da entrada de Estados Unidos na Habana, Herminia e Manuel (casar) ....

No 1899, Estados Unidos (asumir) .... o goberno de Cuba durante catro anos.

No 1899 a familia Mourente Penas (ter) .... un membro máis, o último fillo, xunto con outro fillos e dúas fillas.

No 1940, (aprobarse) .... unha nova constitución.

No 1952, Fulgencio Batista (dar) .... un golpe de estado.

No 1965, un grupo de mozos liderado por Fidel Castro (internarse) .... na Serra Maestra e (formar) .... un núcleo do exército rebelde.

No 1965, o menor dos netos Mourente Penas súmase ao batallón de mozos que (internarse) .... na Serra Maestra.

No 1959, tras derrotar as forzas de Batista, o exército rebelde (entrar) .... na Habana.

No 1962, J.F. Kennedy (ordenar) .... o bloqueo a Cuba.

No 1970, dúas netas de Mourente Pazos, xunto cos seus maridos, saen da illa rumbo a Miami nun barco ilegal.

No 1980, o Goberno cubano (autorizar) .... a emigración cara a Estados Unidos.

O bisneto máis vello de Herminia e Manuel (marchar) .... para EEUU onde (vivir) .... coas súas tías e (estudar) .... artes.

No 1991, a URSS (pon) .... fin a súa alianza política, militar e económica con Cuba.

No 2006, Raúl Castro, irmán do dirixente Fidel Castro, (poñerse) .... á fronte do Goberno.

No 2007, todos os membros da familia Mourente Pazos (reunirse) .... na Habana.

7. Ordena os fragmentos deste texto e coloca os conectores que precises.

A. Á saída do parque detívoos a policía porque viu que ían nun coche en mal estado.
B. A señora asustouse moito e decidiu subir rapidamente a fiestra do coche, pero ao facelo pillou a trompa do elefante.
C. Un dos policías foi buscar un deses aparellos para facer controis de alcoholemia.
D. O animal comeuna, pero quería máis e meteu a trompa no interior do coche para servirse.
E. O home, que aínda estaba moi nervioso, tomou dúas copas de augardente para calmarse e de alí a pouco decidiron volver para casa.
F. Unha parella foi pasar a tarde a un parque natural, onde os animais están en liberdade e os visitantes poden velos dende os seus coches.
G. O home soprou confiado, pero despois da augardente deu positivo.
H. Chegaron á zona de elefantes e pararon para observalos de cerca. Un dos animais acercouse a eles, e a muller, nun acto de agarimo e ignorando o cartel que dicía "prohibido darlles de comer aos animais", ofreceulle unha mazá dende o coche.
I. Puxéronlle unha multa e retiráronlle o carné de conducir.

K. Este, enfadado, empezou a darlle golpes ao coche, asustando os ocupantes e deixando o vehículo bastante deteriorado.

L. Como compensación, apareceu un garda do parque nun *jeep* e conseguiu calmar e rescatar a parella.

1.... 2.... 3.... 4.... 5.... 6.... 7.... 8.... 9.... 10.... 11....

8. A túa amiga Aldara está nerviosa e preocupada porque dentro dunha semana ten que viaxar a Nova York para participar nun congreso. Imaxina que che escribe esta mensaxe electrónica, pero esqueceu colocar todos os signos de puntuación. Colócaos.

Ola
Que tal todo Ben espero eu neviosísima Xa só quedan tres días para a viaxe de Nova York Aiiiii
Xa o teño todo preparado a conferencia o visado o billete Pero teño a impresión de que algo vai saír mal aquí no aeroporto ou ao chegar a Nova York Non sei e como o meu inglés non é moi bo seguro que non entendo nada e non me entenden Ademais nunca estiven nunha cidade tan grande nin participei nun congreso internacional Seguro que me poño nerviosa e me equivoco en algo ou que me falta un papel un dato ou algo
En fin o único bo é que despois da miña conferencia teño dous días para gozar un pouco da cidade e estar tranquila xa che contarei
Bicos
Aldara

UNIDADE 3
Busque e compare

1. Completa as formas do imperativo afirmativo.

	IR	FACER	VIR
Ti	....	....	....
Vós	....	....	....
Vostede	....	....	....
Vostedes	....	....	....

2. Completa coas formas do imperativo negativo.

	LAVAR	BEBER	CONSUMIR
Ti	....	....	....
Vós	....	....	....
Vostede	....	....	....
Vostedes	....	....	....

	ESTAR	ENTENDER	SAÍR
Ti	....	....	....
Vós	....	....	....
Vostede	....	....	....
Vostedes	....	....	....

3. Completa os lemas dos anuncios coa forma adecuada do imperativo dos verbos que aparecen entre parénteses.

1. Esta fin de semana .... (**facer-ti**) historia
2. ....(**buscar-vostede**), ... (**comparar-vostede**) e se atopa algo mellor............................ (**comprar-vostede**).
3. .... (**descubrir-vostede**) o equilibrio. Viñamor, un ribeiro para descubrir.
4. .... (**renovar-ti**) con Telegal e .... (**conseguir-ti**) un móbil de última xeración.
5. Non .... (**perder-ti**) esta oportunidade, ... (**vir-ti**) coñecernos.
6. ....(**sair-ti**) da cama agora mesmo que xa chegas tarde á clase.
7. Non .... (**dubidar-vostede**), ... (**voar-vostede**) con Cheapair.
8. .... (**desconectar-ti**), ...(**despreocuparse-ti**). Hai outra maneira de ver a vida. Con café Tintico.

4. Pensa nas recomendacións que poidan servir de lema publicitario para estes produtos e servizos.

Produto/servizo	Imperativo afirmativo	Imperativo negativo
un ximnasio	Fai deporte, móvete	Non quedes na casa
un refresco		
unha impresora		
unha bañeira		
un café		
un curso de galego		
un cd de música		
un destino turístico		
un microondas portátil		

5. Unha escola de idiomas vai lanzar unha campaña personalizada e planea enviar miles de cartas e mensaxes electrónicas para promover o estudo de diferentes linguas. Escribe o texto que empregará para informar e animar os posibles futuros estudantes.

Queres aprender galego?

6. Coloca os pronomes de CD e CI onde sexa oportuno.

1. .... (**dixo**, **a min**) que leves ti os nenos á escola.
2. Esta camisa (**gusta** , **a min**) .... moito, non sei se (**comprar**, **a camisa**) .... agora ou esperar ás rebaixas.
3. Non insistas, xamais (**contarei**, **a ti**) .... o segredo que me confesou a túa nai.
4. Non hai maneira de que (**faga**, **a min**) .... caso.
5. Algo (**comentou**, **a ela**) .... María sobre o teu caso.
6. Quen sabe que (**dixeron**, **a el**) .... para estar tan enfadada.
7. Non saber por que (**pasou**, **a ela**) .... Iso é o peor que ten.
8. Fun á oficina do consumidor e ningúen (**explicou**, **a min**) .... que tiña que facer.
9. Nada do que dis (**serve**, **a min**) .... para solucionar este problema.
10. Preguntáchesllles cando veñen (**levar**, **a ti**) .... á festa.

7. Emprega o ordinal necesario en cada frase.

1. É o ....(12.º) aniversario de Violeta.
2. Tes que estudar ata a .... (8.ª) lección.
3. Celébrase o .... (20.º) aniversario da publicación das súas memorias.
4. Manuela é a .... (7.ª) neta que ten miña nai.
5. O .... (13.º) concerto desta tempada presentará obras dos máis ilustres compositores do século XIX.

UNIDADE 4
Mañá

1. Conxuga os seguintes verbos en futuro.

	MANTER	DESFACER	CONTRADICIR
(eu)	....	....	....
(ti)	....	....	....
(el/ela/vostede)	....	....	....
(nós)	....	....	....
(vós)	....	....	....
(eles/elas/vostedes)	....	....	....

2. Completa a frase coa forma do futuro correspondente de cada un dos verbos do cadro.

poder	haber	chegar	aprobar	terminar
deitarse	poñer	ir	falar	subir

1. Calcúlase que na India .... uns 1600 millóns de habitantes no ano 2075.
2. Estou canso de traballar tantas horas. Mañá creo que .... co meu xefe.
3. Mira Brais, só .... o exame se estudas.
4. ● Aínda non chegaron?
   ❍ Non, acaban de chamar. Estaban saíndo da autoestrada, así que .... enseguida.
5. ● Xa sabes que vas facer estas vacacións?
   ❍ Pois seguramente .... esquiar a Suíza.
6. Se compramos o piso este ano, non .... ir de vacacións.
7. Creo que Lois .... os estudos de aquí a dous anos.
8. Esta noite supoño que .... cedo. Estou morto.
9. O ano que vén o concello .... en marcha un plan para solucionar os problemas de tráfico.
10. Moi probablemente, as temperaturas .... en todo o país nas próximas horas.

3. Responde estas preguntas cunha condición.

1. ● Que vas facer este verán?
   ❍ Se..
   ....
2. ● Que lle vas regalar ao teu mellor amigo polo seu aniversario?
   ❍ Se..
   ....
3. ● Non estás moi contento no teu traballo, non?
   ❍ Non, non moito. Creo que se..................................
   ....
4. ● Que farías se non atopas traballo?
   ❍ Se..
   ....
5. ● Que vas cear esta noite?
   ❍ Se..
   ....
6. ● Vas saír esta fin de semana?
   ❍ Se..
   ....

4. Como cres que será a túa vida dentro de dous anos? Escribe, polo menos, cinco frases.

1. ....
   ....
2. ....
   ....
3. ....
   ....
4. ....
   ....
5. ....
   ....

5. Escribe o verbo correspondente a cada substantivo.

1. o aumento: aumentar.......................................
2. a predición:..
3. a ameaza: ....
4. a explosión ....
5. o crecemento: ....
6. a contaminación: ....
7. a redución: ....
8. a venda: ....
9. a solución ....

10. a produción: ....
11. o descubrimento: ....
12. a diminución: ....
13. a supresión: ....
14. a eliminación: ....
15. o cambio: ....

6. Imaxina como será o mundo dentro de 50 anos. Escribe frases relacionadas cos seguintes aspectos.

1. A familia: o concepto de parella será moi diferente. A sociedade aceptará outras opcións.
2. Os coches:
3. As casas:
4. O transporte:
5. O ocio:
6. O traballo:
7. A moda:
8. A ecoloxía:
9. A educación:
10. A política:

7. Escribe frases sobre o teu futuro completando as frases. Lembra que podes usar o presente, **ir** + infinitivo e o futuro.

1. Ao rematar este exercicio ....
....
2. Dentro de tres horas ....
....
3. Pasadomañá ....
....
4. O sábado pola noite ....
....
5. O domingo pola mañá ....
....
6. Ao rematar o curso ....
....
7. O próximo Nadal ....
....
8. Dentro de dez anos ....
....

UNIDADE 5
Iso non se fai

1. Que cousas se poden facer na túa clase de galego? Responde as preguntas.

	SI	NON
Está prohibido usar o móbil?		
Pódese comer?		
É obrigatoria a asistencia?		
Está permitido quitar os zapatos?		
É obrigatorio facer os deberes?		
Pódese chegar tarde?		
É obrigatorio estar calado?		
Está permitido o uso do dicionario?		
Pódese falar outra lingua que non sexa galego?		

2. Escribe unha posible norma para cada un dos seguintes lugares.

1. Un museo: está prohibido tocar as obras de arte.
2. Un ximnasio: ....
3. Un supermercado: ....
4. Unha escola: ....

5. Un hospital: ....
6. Un teatro: ....
7. Unha piscina: ....
8. Unha oficina: ....
9. Unha fábrica: ....
10. Un hotel: ....

3. Escribe dez normas que ti cres que son importantes para construír un mundo mellor.

1.
2.
3.
4.
5.
6.
7.
8.
9.
10.

4. Pensa en que cousas fai a xente do teu país e escribe un pequeno parágrafo sobre cada un dos seis ámbitos seguintes. Tenta empregar estes cuantificadores.

(case) todo o mundo
moita xente
a maioría de...
non moita xente
pouca xente
(case) ninguén

1. MATRIMONIO

2. RELIXIÓN

3. VACACIÓNS

4. TRABALLO

5. COMIDA

6. OCIO

5. Completa as seguintes frases con información sobre o teu país. Podes empregar expresións como **é normal**, **é (pouco) habitual**, etc.

1. Cando é o aniversario dun amigo, ...
....
2. Se te invitan a unha festa, ...
....
3. Se casa un familiar, ...
....
4. Se visitas a alguén que está nun hospital, ...
....

5. Se te instalas nunha casa nova, ...

....

6. Se aprobas un exame, ...

....

7. Se morre o familiar dun amigo, ...

....

8. Se un amigo ten un fillo, ...

....

9. Se un compañeiro de traballo deixa a empresa, ...

....

6. Escribe un texto sobre o que máis che gusta e o que menos dun dos seguintes temas.

a túa cidade/vila **o teu traballo** **o teu país** **a túa clase de galego**

7. A. Le os comentarios de varias persoas sobre a súa infancia e adolescencia. Reacciona segundo a túa propia experiencia.

1. Cando tiña 15 anos, os meus pais non me permitían chegar á casa despois das 8 da tarde.

   ....

   ....

2. Os meus pais deixáronme ir de vacacións só ao estranxeiro cando tiña 18 anos.

   ....

   ....

3. Ata os 4 anos, meus pais non me deixaron durmir na casa dos amigos.

   ....

   ....

4. Cando ía á escola non podía levar o móbil á clase.

   ....

   ....

B. Que outras cousas non che permitían facer cando eras neno/a ou adolescente?



....

....

....

....

....

....

....

8. Armando Bulla e Benigno Bo son dous estudantes moi diferentes. Cales das seguintes cousas cres que fai cada un? Escríbeas debaixo da imaxe correspondente conxugando os verbos en presente de indicativo.

- mastigar chicle na clase
- quitar os zapatos na clase
- suspender os exames
- tomar apuntamentos
- aprobar todas as materias
- usar o móbil
- faltar á clase
- consultar o dicionario
- boquexar
- copiar nos exames
- participar na clase
- chegar tarde
- ser puntual
- prestar atención
- despistarse cando o profesor está explicando

ARMANDO BULLA



....

....

....

....

....

....

....

....

BENIGNO BO



....

....

....

....


....

....

....

....

9. A. Christian Hass é un rapaz alemán que vai vir pasar unha tempada a Galicia nun programa de intercambio. Escríbelle unha mensaxe na que lle contes cales son os costumes propios dos galegos en xeral e da túa casa en particular sobre os seguintes ámbitos (horarios de traballo, lecer e comidas, afeccións do tempo libre, como se relaciona a xente…). Trata de empregar expresións de impersonalidade.



B. Se vives fóra de Galicia, escríbelle a mensaxe explicándolle os hábitos do lugar.

UNIDADE 6
Mensaxes

1. Completa estas conversas telefónicas cos seguintes elementos.



1. ● Ola, bo día. .... o señor Garrido, por favor?
   ❍ ....
   ● De Margarida.
2. ● ....
   ❍ Ola, boa tarde. Coa señora Crespo, por favor?
   ● Un momentiño.
   ❍ Síntoo, neste momento ...., pero se quere ....
3. ● Ola, ... Xaime?
   ❍ Si, ...
   ● Ola son Antón, que tal?
4. ● Ola quería falar co señor Antelo, por favor.
   ❍ Síntoo, pero equivócase, aquí non vive ningún señor Antelo.
   ● ....

2. Que verbo resume o contido de cada frase?

recomendar, despedirse, felicitar, propoñer, pedir, protestar, invitar, saudar, recordar, agradecer

1. Dixéronme que tiveches un fillo. Parabéns! ....
2. Queres vir ao cine mañá? ....
3. Ola, como che vai? ....
4. Adeus, deica mañá! ....
5. Tedes que ir ver esa peli, está xenial! ....
6. Desculpe, pero é que ten a música moi alta. ....
7. E se imos a Bueu en lugar de ir a Cangas? ....
8. Moitas grazas polo regalo. ....
9. Dásme unha folla de papel? ....
10. Xa o sabedes, mañá temos un exame. ....

3. Que che dixeron? Escríbeo. Hai varias opcións.

1. Un policía pediume o pasaporte.
   O policía: pode amosar o seu pasaporte por favor?
2. Antonio invitoume a ir con el de vacacións a Porto.
   Antonio: ....
3. Miguel chamoume para felicitarme polo meu aniversario.
   Miguel: ....
4. Xan díxome que desta vez vai estudar moito, que quere aprobar os exames.
   Xan: ....
5. Os meus pais preguntáronme se vou ir velos polo Nadal.
   Os meu pais: ....
6. Otto pasou pola casa para despedirse, marcha mañá.
   Otto: ....

7. Alicia contoume que de pequena viviu uns anos en Alemaña


Alicia: ....

8. A nai do meu mozo chamou para preguntarme cando casamos.

A nai do meu mozo: ....

4. Laura recibiu unha mensaxe electrónica do seu mozo que está nos Estados Unidos e cóntallo a Marga, unha amiga. Le a conversa e tenta escribir a mensaxe do mozo.

- ● Hoxe recibín unha mensaxe do meu mozo.
- ❍ Ai si, e que che conta?
- ● Pois que está moi contento no seu traballo, e que lle gusta moito Kansas, e propúxome ir pasar con el as vacacións.
- ❍ Ai que ben, non?
- ● Pois si. Faime moita ilusión.
- ❍ E que máis che contaba?
- ● Pois, nada, cousas persoais, así…
- ❍ Así que?
- ● Así... boh! De amor filla, que estamos moi namorados, e pregúntame se o boto en falta, se o quero e tal…
- ❍ Ai oh, pois si que estades perdidiños, eh?



5. Imaxina que che dixeron estas cousas hai poucas horas e que agora llelo contas a outras persoas. Como o dis?

1. Carlos: "Tes que visitar o Museo de Arqueoloxía, é moi interesante."

....

....

2. Xan: "Déixasme o teu coche para a fin de semana?"

....

....

3. Elvira: "Queres vir cear comigo e con Alex mañá pola noite?"

....

....

4. Un veciño: "Podes axudarme a subir estas bolsas?"

....

....

5. A panadeira: "E ti, mociña, non es de aquí, verdade?"

....

....

6. Lucía: "Coñecín un rapaz moi riquiño."

....

....

7. Ánxela: "Grazas por acompañarme ata o hotel."

....

....

8. A recepcionista do hotel: "Hai un señor esperando por vostede no bar."

....

....

9. O teu profesor de galego: "Parabéns, a túa redacción está moi ben escrita."

....

....

10. Carme: "É moi fácil, vas en autobús ata a praza de Galicia e despois méteste pola rúa da dereita. Camiñas uns douscentos metros e xa atopas o museo."

....

....

6. Describe as seguintes cousas sen mencionar o seu nome. Podes falar da súa cor, forma, dicir para que serven, poñer un exemplo etc.

Móbil:

Armario:

Ordenador:

Nadar:

Falar:

7. Fai as modificacións necesarias nestes titulares de novas e convérteas en pasivas.

1. Os meteorólogos anunciaron un temporal para esta fin de semana.
   Un temporal foi anunciado polos meteorólogos para esta fin de semana.
2. O presidente do Goberno saudou os traballadores durante a súa visita ás instalacións da nova factoría.
   ...
3. Na pasada noite, uns turistas americanos avistaron dous ovnis en Fisterra.
   ...
4. Salvamento Mariño recolleu os náufragos do barco galego no Mar do Norte.
   ...
5. As institucións europeas premian unha escola galega polas súas instalacións ecolóxicas.
   ...

8. Completa agora a información que se pide para cada unha das seguintes palabras.

	Con que lugar a asocias?	De que material está feito?	Para que serve?
Calcetín	Cun caixón no meu armario	De algodón, de la...	Para ter os pés quentes
Tesoiras			
Desaparafusador			
Mangueira			
Espello			
Lámpada			
Semáforo			

UNIDADE 7
Vai e dille…

1. Con que palabras asocias este tipo de películas?

1. De ciencia ficción: naves espaciais, extraterrestres, futuro…
2. De misterio: ……
3. De aventuras: ……
4. De guerra: ……
5. De terror: ……
6. Do oeste: ……
7. Histórica: ……

2. Cal é o teu programa de televisión favorito? Como se chama? De que vai? Por que che gusta? Escríbeo.

……

3. Na túa vida diaria, que adoitas…

1. recomendar?: ……
2. devolver?: ……
3. contar?: ……
4. deixar?: ……
5. pedir prestado?: ……
6. enviar?: ……

4. Escribe que cousas do exercicio anterior fixeches ultimamente.

A semana pasada recomendeille a un compañeiro de clase un programa de humor na TVG que se chama Airgalicia, é moi gracioso.

5. Imaxina que unha tía de Venezuela che deixou como herdanza todas estas cousas. Que vas facer con elas? Con cales vas quedar? Cales vas vender ou regalar? A quen? Por que? Escríbeo.



O loro: voullo dar á miña irmá, encántanlle os animais.

O gato: ....

A televisión: ....

O vestido de noiva: ....

A cama: ....

O cadro de Laxeiro: ....

O coche: ....

Os discos: ....

O reloxo de ouro: ....

A perruca: ....

A guitarra: ....

A máquina de escribir: ....

A casa na praia: ....

6. Completa os seguintes diálogos cos pronomes necesarios.

1. ● Ao final, onte fuches comprar .... o regalo ás nenas?
   ❍ Non, non tiven tempo, comprei .... esta mañá nun descanso do traballo.
2. ● É incríbel, a Miguel van .... ascender.
   ❍ En serio? Pero se só leva aquí 3 meses!
3. ● Acabo de decatarme de que este ano hai eleccións.
   ❍ Ai si, pois debes ser o único que non .... sabía. Din .... cada día no telexornal.
4. ● Sabes que .... pasa a Xosé? Está un pouco raro, non?
   ❍ É que á súa muller teñen que operar .... e está preocupado.
5. ● Hai algún videoclub por aquí cerca?
   ❍ Si, hai un cerca e as pelis están moi ben, tes que devolver .... no mesmo día as de estrea, pero as outras podes ter .... ata tres días.
6. ● Non peguei ollo en toda a noite, estou medio morto!
   ❍ Pois, non .... parece. Tes moi boa cara.
7. ● Ti sabes por que discutiron Eva e Sara esta mañá?
   ❍ Seica Sara .... prestou unha película hai tempo e Eva aínda non .... devolveu. E xa é a terceira vez que .... pide.

UNIDADE 8
Basta xa!

1. Clasifica en regulares e irregulares estas formas verbais conxugadas en presente de subxuntivo. Pensa primeiro no seu infinitivo correspondente.

viva
empecen
oias
vexamos
durmas
saiamos
digan
bebades
traduzas
faledes
saiban
vaian
escriban

REGULARES	IRREGULARES

2. Conxuga os seguintes verbos en presente de subxuntivo.

	eu	ti	el/ela/vostede	nós	vós	eles/elas/vostedes
facer	faga	....	faga	....	....	....
ser	sexa	....	....	....	....	....
querer	queira	....	....	....	queirades	....
xogar	xogue	xogues	....	....	....	....
poder	poida	....	....	....	....	....
estar	estea	....	....	esteamos	....	....
pedir	pida	....	....	....	....	....
saber	saiba	....	saiba	....	....	....
ir	vaia	....	....	....	....	....
coñecer	coñeza	....	....	....	....	....
ter	teña	....	....	....	....	teñan
poñer	poña	....	....	....	....	....

3. Completa as frases expresando unha reivindicación. Recorda que podes usar un substantivo, un infinitivo ou unha frase con **que** + presente de subxuntivo.

1. Os ecoloxistas queren (que) ....

   ....
2. As feministas esixen (que) ....

   ....
3. Os estudantes reclaman (que) ....

   ....
4. Os xubilados necesitan (que) ....

   ....
5. Os pacifistas piden (que) ....

   ....
6. Os desempregados queren (que) ....

   ....

4. Pensa no teu país, cidade ou vila e completa as frases.

1. Paréceme horrible que ....

   ....
2. É inxusto que ....

   ....
3. Non é lóxico que ....

   ....
4. É fantástico que ....

   ....
5. Paréceme ben que ....

   ....
6. Paréceme inxusto que ....

   ....

5. Como cres que se poderían solucionar os seguintes problemas? Escribe as túas propostas. Podes usar as estruturas **debería/n**, **debería/deberíanse**, **deberiamos**, **habería que** ou outras.

O desemprego
A contaminación
As guerras
A fame
O terrorismo
A inseguridade cidadá
As drogas

6. A. Le o seguinte texto e di cales son os temas que máis lle preocupan a Raúl.

Raúl Oliveira Pazo,
23 anos, estudante de Psicoloxía

"Eu remato a carreira este ano e non sei que vou facer despois. Vivo cos meus pais, aínda que me gustaría vivir só. Pero é que atopar traballo é cada vez máis difícil, especialmente se non tes experiencia. Mercar un piso é imposible e os poucos pisos de aluguer que hai son carísimos. O Goberno debería construír máis vivendas para a mocidade."



B. E a ti? Escribe no teu caderno un texto similar sobre o tema que che preocupe. Tamén podes tomar como modelos os textos da actividade 1. C da unidade.

7. Hai algo que ti queiras reivindicar ou algo polo que te queiras queixar? Agora tes a oportunidade de facelo. Escribe unha carta ao xornal cunha reclamación ou cunha reivindicación.



8. Cando cres que acontecerán estas cousas? Escríbeo

1. Haberá paz no mundo cando ....

....

....

2. Acabará a fame no mundo cando ....

....

....

3. Haberá máis traballo cando ....

....

....

4. As grandes cidades serán máis seguras cando ....

....

....

5. Os homes e as mulleres terán os mesmos dereitos cando ...

....

....

UNIDADE 9
O turista accidental

1. Escribe que cousas se poden…

organizar	
percorrer	
perder	
facturar	
reservar	
descubrir	

2. Aquí tes unha anécdota desordenada. Ordénaa segundo este esquema.

- ☐ Empeza a contar a anécdota.
- ☐ Conta con máis detalles a anécdota.
- ☐ Conta o final.
- ☐ Valoran a anécdota.

1
● … acabaches comprando o libro ou non?
❍ Pois si.
● E canto che custou?
❍ Pois, en total, cobroume doce euros do libro e cinco do taxi….

2
● Doce euros? Que caro non?
❍ Si, pero polo menos foi unha experiencia curiosa, non?
● Pois si, bastante surrealista o do taxista poeta.

3
● Sabes o que me pasou onte nun taxi?
❍ Non, que?
● Que acabei comprando un libro de poesía.
❍ A quen, ao taxista? E logo?

4
- Nada, que cando estaba baixando do taxi, preguntoume: gústache a poesía? E ensinoume un libro que escribira el, e que gañara un premio e todo.
- ❍ Que dis? Un taxista poeta?
- Si, si, xúrocho, e boteille unha ollada por riba para non ofendelo e… a verdade é que eran bastante malos os poemiñas, pero deume tanta pena…

3. A. Le estas frases e marca se a acción expresada polos verbos que están en grosa é anterior ou posterior á acción expresada polo outro verbo.

	ANTES	DESPOIS
Cando chegamos á estación, o tren xa **saíra**.		
Cando chegou Pedro , **empezamos** a cear.		
Non os atopei na casa porque **marcharan** de vacacións.		
Estudou moito, por iso **aprobou** a oposición.		
Reclameille á axencia, pero non **aceptaron** ningunha responsabilidade.		
A guía que nos acompañou non **estivera** nunca en Madrid.		
Leváronnos a un hotel moi malo, pero nós **reservaramos** un de catro estrelas.		
Cando chegamos ao aeroporto xa **comezaran** a embarcar.		

B. Agora pensa en cousas que xa fixeras na túa vida en cada un dos seguintes momentos e continúa as frases.

1. Aos quince anos xa ....

....

2. Antes de estudar galego ....

....

3. Antes de empezar este curso ....

....

4. Cando acabei de estudar ....

....

5. Cando coñecín o meu mellor amigo ou amiga ....

....

4. Completa as frases coa forma adecuada do verbo.

1. ● Viches a Carla ultimamente?
   ❍ Si, (ver) .... onte.
2. ● Onte na televisión (poñer) .... un filme malísimo.
3. ● Falas moi ben alemán.
   ❍ Grazas, é que cando era novo (vivir) .... dous anos en Berlín.
4. ● Chegas tardísimo, Marta.
   ❍ Xa, é que (perder) .... o autobús.
5. ● O xoves pasado non (ir) .... á clase. Tiven que quedar na casa.
6. ● Antes non me (gustar) .... nada o peixe, agora encántame.
7. ● Lin ese libro hai anos e (encantar) ....
8. ● Pasei tres meses en Suecia, pero non (aprender) .... casi nada de sueco.
9. ● O meu irmán nunca (estar) .... en Italia, pero fala moi ben o italiano.
10. ● Tomou unha aspirina porque lle (doer) .... a cabeza.
11. ● Atopei a Félix e non o (recoñecer) .... Está moi cambiado.

5. Completa o texto cos verbos que faltan conxugados en pretérito, copretérito ou antepretérito. Fíxate en que a persoa que narra a historia emprega a primeira persoa do plural (**nós**).

asumir **haber** **chegar** **saír** **perder(2)** **ter** **conseguir** **querer**

"Hai uns meses *contratamos* unhas vacacións en Orlando coa compañía "Viaxes corvo". Cando chegamos a Amsterdam, a

nosa primeira escala, dixéronnos que .... *overbooking* .... que esperar dúas horas máis, pero ao final .... embarcar. Cando .... a Detroit, a segunda escala, ……………nosa conexión porque o voo a Orlando xa .... Por culpa dos incidentes, ... un día de estancia en Orlando e unha noite de hotel. A axencia non .... ningunha responsabilidade. Onde están os dereitos dos pasaxeiros?

6. Completa esta conversa coas seguintes frases e expresións.

Pois si que era fácil, si.

Non, non, para nada!

Non, que?

En serio, e logo?

Si, e que che preguntaron?

● Sabes que me pasou hoxe?

❍ ....

● Non o vas crer: gañei 3500 euros!

❍ ....

● Pois resulta que ía pola rúa e, de súpeto, párame un reporteiro dun programa da tele.

❍ Da tele? Seguro que non era unha broma?

● .... xusto despois chamoume un compañeiro e díxome que me vira na tele.

● Ai si, e como conseguiches os cartos?

❍ Moi fácil!, o reporteiro párame e explícame que é para un concurso e que se acerto a resposta á pregunta gaño 3500 euros.

● ....


❍ Nada, unha parvada, que cal é a capital de Perú.

● De Perú?..

❍ Si, si, facilísimo.

● Desde logo, que sorte tes filla!

7. Imaxina que acabas de volver de vacacións. Escríbelle unha pequena mensaxe electrónica a un dos teus compañeiros de clase, contándolle algún incidente ou algún problema da viaxe.



8. Completa as frases co conector que mellor acaia.

como | porque | así que | de xeito que | daquela

1. Non te chamei .... quedei sen batería no móbil.
2. .... non tiña cartos non puiden recargar o saldo do móbil.
3. Non volvo invitar a Moncho a unha festa, na última emborrachouse todo e estaba pesadísimo, ... comigo non contedes para aturalo outra vez.
4. Se queres que te levemos á casa .... tes que estar preparada á hora, non me fagas esperar.
5. Déronme unha boa indemnización .... puiden comprar outra maleta boa.

9. Continúa estas frases dun xeito lóxico.

1. Non aprobei o exame porque… ....
....
2. Como quedei só aquel verán na casa… ....
....
3. Perdemos o tren das 23.00 h, así que… ....
....

4. Non chegamos a un acordo sobre o prezo, daquela… ....

....

5. Ao final, cambiáronnos de hotel porque… ....

....

6. Como espertei tan tarde… ....

....

7. Cancelaron a excursión ao lago, así que… ....

....

8. Non me atopaba moi ben, daquela… ....

....

UNIDADE 10
Todos somos poetas

1. Coloca na grella os adverbios, atendendo á seguinte clasificación.

agora	devagar	non
alí	felizmente	nunca
amodo	hoxe	quizais
antes	logo	si
aquí	lonxe	talvez
así	máis	tamén
bastante	mal	tampouco
ben	menos	tan
case	moi	xamais
despois	moito	

tempo	
lugar	
modo	
dúbida	
negación	
afirmación	
cantidade	

2. O curso que vas rematar pertence ao nivel B1 do Marco europeo común de referencia. Aquí tes a descrición do que es quen de facer. Le só fragmentos, reflexiona sobre as túas habilidades e valóraas empregando os adverbios da listaxe anterior que consideres oportuno.

Cando escoito…
– Comprendo as ideas principais se se tratan dun xeito claro, temas cotiás que teñen lugar no traballo, na escola, durante o tempo de ocio etc.
– Comprendo a idea principal de moitos programas de radio ou televisión que tratan temas actuais ou asuntos de interese persoal ou profesional, cando o xeito de falar é relativamente lento e claro.

Cando leo…
– Comprendo textos redactados nunha lingua normal e cotiá ou relacionada co traballo.
– Comprendo a descrición de acontecementos, sentimentos e desexos en cartas ou mensaxes electrónicas persoais.

Cando escribo…
– Son quen de escribir textos sinxelos e ben construídos sobre temas que coñezo ou que me interesan.
– Podo escribir cartas ou mensaxes electrónicas persoais que describen experiencias e impresións.

Cando converso…
– Sei desenvolverme en case todas as situacións que se me presentan cando viaxo a lugares onde se fala galego.
– Podo participar espontaneamente nunha conversa que trata temas cotiás de interese persoal ou relacionados coa vida diaria (por exemplo, familia, afeccións, traballo, viaxes e acontecementos actuais).

Cando falo en público…
– Sei enlazar frases de xeito sinxelo para describir experiencias e feitos, as miñas esperanzas e as miñas ambicións.
– Son quen de explicar e xustificar brevemente as miñas opinións e proxectos.
– Sei narrar unha historia, a trama dun libro ou unha película e podo describir as miñas reaccións.

3. Agora tenta buscar un sinónimo ou unha definición para cada unha destas locucións adverbiais.

de repente: de súpeto, de pronto. ....

....

a cada tanto: ....

....

a miúdo: ....

....

ao carón: ....

....

aos poucos: ....

....

ás agachadas: ....

....

ás présas: ....

....

así mesmo: ....

....

de certo: ....

....

de momento: ....

....

se callar: ....

....

4. Escribe cinco frases empregando os seguintes nexos: **a que**, **co fin de (que)**, **co propósito de (que)**, **co obxecto de (que)**, **con tal de (que)**.

❶ ....

....

❷ ....

....

❸ ....

....

❹ ....

....

❺ ....

....

5. Completa as frases empregando o relativo que mellor lle acaia.

1. A factura .... lle entregamos serviralle para poder cambiar o produto se o desexa.
2. Os termos da operación, os .... xa foron explicados anteriormente, cumpriranse segundo o prazo establecido.
3. A produción do pintor Antón Lamazares, ... obras foron expostas en numerosos países, agora pódese visitar no Centro Galego de Arte Moderna.
4. As traballadoras escollidas para este posto, ... foron seleccionadas entre vinte e cinco candidatas, comezarán a traballar o día 1 do vindeiro mes.
5. O presunto responsable da fraude foi chamado a declarar perante o xuíz .... instrúe o caso.
6. O inspector do caso, ... fixo todas as investigacións, explicou hoxe na televisión toda a historia da fraude.
7. A cidade .... viviu o poeta conmemora o seu aniversario cun festival de música e poesía.

Resumo gramatical

resumo gramatical

Nome ou substantivo

- É o núcleo da frase nominal e, dunha forma xeral, é o que designa as cousas. Así, todo o que pode ser collido, sentido, visto, sexan seres animados, inanimados ou conceptos abstractos, denomínase nome ou substantivo.

- O substantivo é **común** cando designa seres dunha especie de forma xenérica (**home, libro, ordenador** etc.) e **propio** cando denota un ser específico, de forma individualizada (**Sanxenxo, Lisboa, Helena** etc.).

Xénero

- En galego só hai dous xéneros: masculino e feminino. En xeral, son masculinos os substantivos rematados en **-o** e femininos os rematados en **-a**, pero hai excepcións: **o fantasma, a moto, o diadema, a tribo** etc.

- Os substantivos que terminan en -**ista** ou -**e** teñen a mesma forma para o masculino e para o feminino: **o/a artista, o/a dentista, o/a estudante, o/a cantante, o/a intérprete** etc.

- Os adxectivos que rematan en -**ista**, **-e** ou -**z** tamén teñen a mesma forma para os dous xéneros: **optimista, individualista, intelixente, alegre, feliz, capaz, perspicaz** etc.

- Son **masculinos**: os nomes das letras (**o xe, o hache**); os substantivos de orixe grega terminados en **-ema** e **-oma** (**o problema, o cromosoma**); os nomes que acaban en **-me** (**o acedume, o abdome**..., agás **a servidume e a mansedume**) e os nomes das árbores froiteiras cando a froita que dan é masculina (o **plataneiro, o marmeleiro**..., agás **a figueira**).

- Son **femininos**: os nomes acabados en **-axe** (**a mensaxe, a viaxe, a equipaxe**..., agás **o traxe, o paxe, o garaxe**) e os nomes das árbores froiteiras cando a froita que dan é feminina (**a maceira, a laranxeira**..., agás **o castiñeiro**).

Formación do femenino

- En xeral, fórmase o feminino dos substantivos e adxectivos cambiando o **-o** final por un **-a** ou engadindo un **-a** ás terminacións -**r**, -**ín**, -**z** (no caso de substantivos) e vogal tónica: **alto/alta, traballador/traballadora, bailarín/bailarina, rapaz/rapaza, xuíz/xuíza, nu/núa, cru/crúa** etc.

- Os substantivos e adxectivos rematados en **-án** forman o feminino en **-á**, como **curmán/curmá, irmán/irmá, compostelán/compostelá, catalán/catalá, cidadán/cidadá, san/sa, truán/truá** *etc;* ou en -**ana**, como **folgazán/folgazana, larpán/larpana, paspán/paspana, papán/papana** *etc.*

- Os rematados en **-és**, fano en **-esa**: **fregués/freguesa, vigués/viguesa, chinés/chinesa***;* agás **cortés**, que é invariable.

- Dos substantivos rematados en **-ón**, algúns fan o feminino en **-oa**, pero tamén poden presentar outras formas: **anglosaxón/anglosaxoa, león/leoa, patrón/patroa, ladrón/ladroa** (ou **ladra**) etc.; e algúns substantivos e adxectivos fano en -**ona**: **lambón/lambona, chorón/chorona, papaleisón/papaleisona, pasmón/pasmona** etc.

- Os adxectivos xentilicios rematados en vogal tónica presentan a mesma forma para o masculino e o feminino: **o/a marroquí, o/a somalí, o/a israelí, o/a hindú** etc.

Formación especiais de xénero

- Hai palabras cuxas formas de feminino son moi peculiares*:* **heroe/heroína, tsar/tsarina, sacerdote/sacerdotisa, profeta/profetisa, poeta/poetisa, xudeu/xudía, rei/raíña, galo/galiña, príncipe/princesa, abade/abadesa, barón/baronesa, actor/actriz, emperador/emperatriz***.*

- Asemade, hai casos nos que o cambio de xénero implica un cambio de significado, aínda que algunhas veces moi sutil*:* **o río/a ría, o bolso/a bolsa, o prato/a prata, o pozo/a poza, o caldeiro/a caldeira, o horto/a horta, o leiro/a leira, o saco/a saca, o manto/a manta, o coitelo/a coitela, o peto/a peta** etc.

Número: regras de formación do plural

– Ás palabras rematadas en vogal, ditongo ou **-n**, engádeselles -**s**: **cadeira/cadeiras, marroquí/marroquís, xersei/xerseis, limón/limóns** etc.
– Ás palabras rematadas en **-r** e **-z**, engádeselles **-es**: **muller/mulleres, fogar/fogares** etc. No caso de **-z**, este cámbiase por -**c** antes de facer o plural: **vez/veces, luz/luces, capaz/capaces** etc.
– As palabras agudas rematadas en **-s** forman o plural engadindo **-s**: **deus/deuses, autobús/autobuses** etc.
– As palabras rematadas en **-s** ou **-x**, ben sexan graves, esdrúxulas ou que formen grupo consonántico, permanecen invariables á hora de formar o plural: **mércores, lapis, lux, unisex, luns**.
– As palabras rematadas en **-l**, se son graves ou monosilábicas, forman o plural engadindo **-es**: **sol/soles, difícil/difíciles, túnel/túneles** etc. Se son agudas, con máis dunha sílaba, forman o plural substituíndose o -l por -**is**: **papel/papeis, español/españois, civil/civís, caracol/caracois** etc.

O plural nas palabras compostas

- Nos compostos gráficos, que forman unha soa palabra, a flexión de plural só se fai no último elemento: **socioeconómico/socioeconómicos, cartafol/cartafoles, mapamundi/mapamundis, pasatempo/pasatempos, lavalouza/lavalouzas, beirarrúa/beirarrúas, benvida/benvidas, benfalado/benfalados, branquiazul/branquiazuis, quefacer/quefaceres** etc.



ATENCIÓN

Algúns compostos gráficos teñen unha soa forma. Nestes casos, só sabemos se están en singular ou en plural polo contexto ou polos determinantes que as acompañan: **o/os paraugas, o/os portafolios, o/os microondas, o/os tirapedras, o/os limpabotas, o/os trabalinguas, o/os abrelatas, o/os gardarríos** etc.

- Nos compostos sintagmáticos formados por substantivo + substantivo, onde o segundo elemento funciona como un modificador do primeiro, só recibe flexión de número o primeiro elemento: **home araña/homes araña, neno prodixio/nenos prodixio, palabra clave/palabras clave, café teatro/cafés teatro, porco espiño/porcos espiño, moble bar/mobles bar** etc.

- Tamén só flexiona o primeiro elemento dos compostos sintagmáticos que teñen un nexo entre as dúas bases: **sala de estar/salas de estar, ferro de pasar/ferros de pasar, paso a nivel/pasos a nivel, mesa de levante/mesas de levante** etc.

- Nas palabras compostas que se escriben con guións, só recibe flexión de plural o segundo elemento: **non-fumador/non-fumadores, político-económica/político-económicas, maníaco-depresivo/maníaco-depresivos** etc.

- Nos compostos sintagmáticos formados por substantivo + adxectivo, as dúas bases fan a flexión de plural: **garda civil/gardas civís, porco bravo/porcos bravos, pomba torcaza/pombas torcazas, pé dereito/pés dereitos** etc.



ATENCIÓN

A palabra que vai en plural faino segundo a regra de formación do plural á que pertence: **rúa/rúas, fol/foles, facer/faceres, civil/civís** etc.

Outros casos especiais na flexión de número

Hai palabras non patrimoniais que presentan a formación do plural dun modo particular.

- Aos estranxeirismos, palabras doutros idiomas que, a pesar do frecuente emprego, manteñen a súa forma orixinal, engadímoslles -**s**: **club/clubs, pub/pubs, clip/clips, robot/robots, croissant/croissants** etc. O mesmo ocorre cos poucos cultismos que se conservan na lingua: **álbum/álbums, réquiem/réquiem, tándem/tándems** etc.

- As marcas non se deben pluralizar, xa que son nomes propios. Algunhas pasaron a designar obxectos comúns e fan a flexión de número a través dos determinantes que as acompañan: *o land rover, os land rover; o kleenex, os kleenex* etc.

- Sobre as siglas, cómpre indicar que estas tampouco se pluralizan. Non obstante, atópanse na lingua algunhas siglas cuxo emprego está moi sistematizado, de xeito que se comportan como palabras comúns, e presentan incluso algunha transformación morfolóxica (como o acento gráfico). Todas elas se escriben en letras minúsculas e admiten a flexión de plural, segundo as regras para as palabras patrimoniais: **peme/pemes, ovni/ovnis, láser/láseres, radar/radares** etc.

- Hai tamén casos nos que a formación do plural deste tipo de siglas presenta opinións encontradas, como o que ocorre, por exemplo, con **CD** e **DVD**: **cd/cds, o/os CD, cedé/cedés**.

Artigo

- Existen dous tipos de artigos en galego: o determinado e o indeterminado.

Artigo determinado

- Os artigos determinados (**o, a, os, as**) utilízanse cando falamos de algo en concreto, que é único ou que xa se mencionou antes.
  - *Imos alugar* ***a*** *casa de meus pais.*
  - *Trouxeron* ***o*** *coche de sempre.*

- Tamén o empregamos cando nos referimos a un aspecto ou a unha parte dun país ou dunha rexión, coas formas de tratamento e cos títulos: **o Exipto antigo, a Galicia actual, a doutora Fidalgo, o señor González**.

- O artigo determinado contrae coas preposicións **a**, **con** e **de**, e coa conxunción comparativa **ca**, formando:

	o	a	os	as
a	**ao (ó)***	**á**	**aos (ós)***	**ás**
con	**co**	**coa**	**cos**	**coas**
de	**do**	**da**	**dos**	**das**
ca	**có**	**cá**	**cós**	**cás**

* Aínda que na escrita poida representarse de dúas formas, a única pronuncia correcta é **ó/ós**.

- Existe tamén unha segunda forma do artigo determinado (**lo, la, los, las**) que se emprega obrigatoriamente tras da preposición **por** (*Imos **polo** monte*) e do adverbio **u** (*U-los mozos que chegaron?*).

- Ademais destes contextos, a segunda forma do artigo pode aparecer nos seguintes casos:

1) Despois das formas verbais rematadas en **-r** ou **-s**:
   - *Non **compartímo-la** mesa con eles. (Compartimos + a)*
   - *Debes **deixa-los** libros no estante. (Deixar + os)*
2) Despois dos pronomes enclíticos **-nos**, **-vos**, **-lles**, e dos pronomes tónicos **nós** e **vós**:
   - ***Déuno-lo** diñeiro que faltaba. (Deunos + o)*
   - ***Vó-los** tres seguídeme. (Vós + os)*
3) Despois de **ambos/as, entrambos/as, todos/as, tras, (e) mais**:
   - ***Ámbalas** estudantes eran de Porriño. (Ambas + as)*
   - ***Entrámbolos** dous fixemos o traballo. (Entrambos + os)*
   - ***Tódolos** días facía o mesmo. (Todos + os)*
   - *Vinos **tralo** hórreo. (Tras + o)*
   - *Fomos eu e **maila** tía de Luísa. (E mais + a)*

Artigo indeterminado

- Usamos os artigos indeterminados (**un, unha, uns, unhas**) para mencionar algo por primeira vez, cando non sabemos se existe ou para identificar ou valorar alguén pola súa profesión.
  - *Queremos mercar **unha** casa en Sanxenxo.*
  - *Tes **un** cinceiro por aquí?*
  - *A súa muller é **unha** xornalista moi coñecida.*

- O artigo indeterminado contrae coas preposicións **con**, **de** e **en**:

	un/**s**	unha/as
con	**cun/cuns**	**cunha/cunhas**
de	**dun/duns**	**dunha/dunhas**
en	**nun/nuns**	**nunha/nunhas**

Casos de omisión do artigo

- En xeral, os artigos non se usan cos substantivos propios (nomes de persoas, de continentes, de países e de cidades), agás cando forma parte do nome: **A Habana, O Cairo** etc. Con algúns países, o uso do artigo é opcional: **(A) India, (O) Brasil, (O) Perú** etc.

- Tampouco empregamos o artigo cando falamos dunha categoría ou de substantivos non contables.
  - *Tes **coche**?*
  - *Merca **sal** cando vaias ao súper.*
  - *Necesito **leite** para facer a sobremesa.*

Os demostrativos

- Serven para referirse a algo con referencia á súa distancia no espazo ou no tempo respecto da persoa que fala. Están en relación cos adverbios de lugar **aquí** (preto de quen fala), **aí** (preto de quen escoita) e **alí/alá** (lonxe de ambos).

	Masculino		Feminino		Neutro
	Singular	Plural	Singular	Plural	
aquí	**este**	**estes**	**esta**	**estas**	**isto**
aí	**ese**	**eses**	**esa**	**esas**	**iso**
alí/alá	**aquel**	**aqueles**	**aquela**	**aquelas**	**aquilo**

- ***Este** avión é bastante novo, pero **aquel** estacionado alí é vellísimo.*

- As formas neutras serven para referirse a algo descoñecido ou que non queremos ou non podemos identificar cun substantivo.
  - *Que é **isto**? Non entendo nada.*
  - ○ ***Iso**? É a tradución do informe anual.*

- Cando acompañan un substantivo, os demostrativos funcionan como determinantes ou adxectivos, concordando co devandito substantivo en número e xénero.
  - ***Estas** lentes son graduadas.*
  - *As cadeiras **esas** comprámolas nas rebaixas.*

- Cando os demostrativos aparecen sós, substituíndo os substantivos, denomínanse **pronomes**.
  - ***Estes** son os que procuraba.*
  - *Gústanme **aquelas** brancas. Podo levalas?*

- Coas preposicións **de** e **en** os demostrativos contraen:

	este(s)/esta(s)	ese(s)/esa(s)	aquel(es)/aquela(s)
de	**deste(s)/desta(s)**	**dese(s)/desa(s)**	**daquel(es)/daquela(s)**
en	**neste(s)/nesta(s)**	**nese(s)/nesa(s)**	**naquel(es)/naquela(s)**

  - *Traballo naquel edificio con cristais negros.*
  - *Quen é o dono **deste** coche?*

- A mesma contracción ocorre cos demostrativos neutros:

	isto	iso	aquilo
de	**disto**	**diso**	**daquilo**
en	**nisto**	**niso**	**naquilo**

  - *Sabes algo disto?*

Os posesivos

- Os posesivos utilízanse para identificar algo ou alguén referíndose ao seu posuidor. Concordan en xénero e número coa cousa posuída e varían segundo o posuidor (eu = **miña** casa; ti = **túa** casa...).

	Masculino		Feminino	
	Singular	Plural	Singular	Plural
(eu)	**meu**	**meus**	**miña**	**miñas**
(ti)	**teu**	**teus**	**túa**	**túas**
(el/ela/vostede)	**seu**	**seus**	**súa**	**súas**
(nós)	**noso**	**nosos**	**nosa**	**nosas**
(vós)	**voso**	**vosos**	**vosa**	**vosas**
(eles/elas/vostedes)	seu	seus	súa	súas

– *Cando acompañan o substantivo, os posesivos funcionan como determinantes ou adxectivos:*
  - *Gústame o **meu** traballo.*

– *Cando van sós, substituíndo un substantivo xa mencionado ou coñecido polo interlocutor, funcionan como pronomes:*
  - *Este libro é **meu**.*

– Como determinante ou adxectivo, o posesivo vai obrigatoriamente con artigo determinado, pero en certos contextos (nomes de parentesco, en exclamacións ou vocativos, por exemplo) o artigo pode aparecer elidido:
  - *Onte falei con **meu** pai.*
  - ***Miña** muller traballa toda a tarde...*
  - ***Meu** Deus!*

– As formas do masculino singular (**meu, teu, seu, noso, voso**) poden ser usadas coa preposición **de** para indicar pertenza exclusiva (*Xa tiña moitas terras **de seu** cando casou*); ou co significado de 'por si mesmo' ou 'pola súa natureza' (*Coñézote e sei que es xeneroso **de teu***).

Os indefinidos

- Son palabras que expresan conceptos como cantidade, intensidade, identidade, existencia ou distribución dun xeito vago e impreciso.

- Os indefinidos son invariables cando só teñen unha forma**: alguén, ninguén, algo, nada, cada, cadaquén, calquera, demais** etc.; e variables cando admiten flexión de xénero e/ou número**: todo/toda/todos/todas; outro/outra/outros/outras; certo/certa/certos/certas; un/unha/uns/unhas; algún/algunha/algúns/algunhas; ningún/ningunha/ningúns/ningunhas; pouco/pouca/poucos/poucas; demasiado/demasiada/demasiados/demasiadas; abondo/abonda/abondos/abondas; varios/varias; tal/tales; ambos/ambas** etc.

- Poden funcionar como pronomes, cando substitúen o substantivo, ou como adxectivos, cando o modifican.
  - *Se chama **alguén**, dígalle que volvo axiña.* (= pronome)
  - *Podes deixarme **calquera** libro de poesía?* (= adxectivo)

Contraccións

- O indefinido **un** (e as súas variantes), cando actúa como adxectivo, presenta as mesmas contraccións ca o artigo indeterminado: **dun/dunha/duns/dunhas, nun/nunha/nuns/nunhas, cun/cunha/cuns/cunhas**. Non obstante, no seu emprego pronominal, contrae con **de** e **en**, pero non coa preposición **con.**
  - ***Cunhas** reclamacións estamos de acordo, con outras non.* (= adxectivo)
  - *Cada fin de semana sae **con unha**, non quere volver namorarse.* (= pronome)

- Asemade, **ambos** contrae coa preposición **entre**, formando **entrambos e entrambas.**

- Os indefinidos **algún** e **outro** (e as súas variantes) contraen coas preposicións **de** e **en**, da seguinte maneira:

	algún	outro
de	**dalgún, dalgunha dalgúns, dalgunhas**	**doutro, doutra doutros, doutras**
en	**nalgún, nalgunha nalgúns, nalgunhas**	**noutro, noutra noutros, noutras**

Acentuación

- De acordo coa posición da sílaba tónica, as palabras que teñen máis dunha sílaba clasifícanse en **agudas**, **graves** e **esdrúxulas** e a súa acentuación faise da seguinte forma:

– **Agudas**: son as palabras nas que a sílaba tónica é a última. Levan acento gráfico, chamado acento agudo, cando rematan en **vogal**, vogal + **n**, vogal + **s** e vogal + **ns**: **mañá, paté, refén, francés, composteláns**...

– **Graves**: son palabras nas que a sílaba tónica é a penúltima. Levan acento cando rematan en consoante que non sexa **-n** ou **-s** ou en grupo consonántico distinto de **-ns**: **difícil, álbum, carácter, tórax**...

– **Esdrúxulas**: son palabras nas que a sílaba tónica é a antepenúltima. Sempre levan acento: **médico, bágoa, cónxuxe, ávido, sílaba**...

Outras regras de acentuación

– Os **estranxeirismos** máis correntes en galego seguen as devanditas regras de acentuación: **popurrí, xampús, accésit, cámping, párkinson, cárdigan** etc.

– Os **monosílabos** non se acentúan, agás nos casos do acento diacrítico: **da, das** (contracción preposición + artigo)/**dá, dás** (formas do presente indicativo do verbo **dar**); **pe** (nome da letra)/**pé** (parte do corpo) etc.

– Cando un verbo leva pronomes complemento ou a segunda forma do artigo, o conxunto que forman considérase

unha única palabra para fins de acentuación: ***vímolos** no parque, **fixémo-la** cea, **deixóullelos** aos fillos*...
– Acentúanse as vogais **i**, **u** tónicas, se estas van precedidas ou seguidas doutra vogal, para indicar que forman parte de sílabas distintas: **ruído, saúde, oír, inclúe, día**...

ATENCIÓN

En galego **non** se acentúan:
– Os monosílabos, salvo nos casos que leven acento diacrítico ou diferencial: **son**, **voz**, **po**, **nu**, **cru**...
– As palabras agudas rematadas en ditongo decrecente, seguidas ou non de **s**: **falou**, **cantei**, **metais**, **aneis**, **anzois**...
– Os adverbios en -mente: **tranquilamente**, **rapidamente**, **facilmente**, **habilmente**...
– Os interrogativos e exclamativos: **Que** queres? **Cantos** somos? **Que** sorpresa!

Principais casos de acentuación diacrítica ou diferencial

á (*a* prep. + *a* artigo)	**a** (artigo; pron.; prep.)
bóla ('esfera')	**bola** (peza de pan)
cá (*ca* + *a*)	**ca** (conx.)
có (*ca* + *o*)	**co** (*con* + *o*)
cómpre ('é mester')	**compre** ('merque')
dá (pres. e imp. de *dar*)	**da** (*de* + *a*)
dó ('compaixón')	**do** (*de* + *o*)
é (pres. de *ser*)	**e** (conx.)
fóra (adv.)	**fora** (antepret. de *ser* e *ir*)
má ('ruín')	**ma** (*me* + *a*)
máis (adv. e. pron.)	**mais** (conx.)
nó (subst.)	**no** (*en* + *o*)
nós (pron. tónico; pl. de *nó*)	**nos** (*en*+ *os*; pron. átono)
ó (*a* + *o*)	**o** (artigo; pron.)
óso (do corpo)	**oso** (animal)
pé (parte do corpo)	**pe** (letra)
pór (poñer)	**por** (prep.)
présa (apuro)	**presa** (prendida; presada)
sé (sede eclesiástica; imp. de *ser*)	**se** (conx.; pron.)
só (adv. e adx.)	**so** (prep.)
té (infusión)	**te** (pron.; letra)
vén (pres. de *vir*)	**ven** (pres. de ver; imp. de *vir*)
vés (pres. de *vir*)	**ves** (pres. de *ver*)
vós (pron. tónico)	**vos** (pron. átono)

Signos de puntuación

Punto (**.**): representa unha pausa longa que marca o final dunha oración ou dun enunciado completo. Escríbese tamén nas abreviaturas (Sr., etc., D.) e nas cantidades numéricas para separar as cifras de tres en tres (11.758, 235.729, 8.123.460).
- *Eran as tres do mediodía e todos chegaban para o xantar.*

Coma (**,**): indica unha pausa breve no enunciado e permite separar ou enumerar varios elementos no interior dunha frase.
- *Inés, a miña veciña, conseguiu o traballo que quería.*
- *Tiñamos tres cans, un gato, un coello e dous paxariños.*

■ Tamén se emprega a coma:

– Para separar o vocativo do resto da oración.
  - ***Xulio**, dáme as lentes que atopaches.*
– Diante de expresións que indican oposición (pero, mais, aínda que, non obstante...) ou que introducen unha consecuencia (así que, con que, de xeito que, polo que...).
  - *Onte vin cedo do traballo, **pero** deiteime moi tarde.*
  - *Avarióuseme o coche, **así que** teño que ir en bus.*
– Despois de conectores como **efectivamente**, **en definitiva**, **finalmente**, **en primeiro lugar** etc.
  - ***Efectivamente,** non me chamaron para a entrevista.*
  - ***En primeiro lugar,** temos que falar do orzamento.*
– No lugar dun verbo que se omitiu porque xa foi mencionado ou porque se sobreentende.
  - *A Lucía levareille uns bombóns; a Darío, un libro.*
  - *Os socios, por esta entrada.*
– Para separar lugar e data na cabeceira ou no pé de cartas, formularios etc.
  - *Ourense, 29 de xuño de 2003.*

ATENCIÓN

– A coma nunca debe separar o suxeito e o predicado dunha oración, agás cando entre eles hai unha información adicional, un comentario ou unha explicación.
  - *Os estudantes deste centro, segundo me dixeron, poden gañar o campionato de baloncesto.*
  - *Xesús, que acaba de chegar de Suíza, vai montar un restaurante.*

– Tampouco se debe empregar a coma diante da conxunción **e**. Non obstante, recoméndase o seu emprego se a secuencia que introduce esta conxunción ten un contido distinto ao dos elementos anteriores, para evitar ambigüidades ou cando a frase é moi longa.
  - *Decidiu independizarse, deixou a vila, e a verdade é que non se soubo máis del.*
  - *Acaba de volver de Brasil, e de Arxentina non quere nin falar.*
– Nas secuencias con **nin** e **ou** só se emprega a coma se a conxunción se repite máis de dúas veces.
  - *Nin ti, nin el, nin ningún coñecedes este lugar.*
  - *Ou saes con eles, ou ves comigo, ou quedas na casa.*

Punto e coma (**;**): marca unha pausa maior ca a da coma, pero inferior á do punto. Emprégase máis frecuentemente para separar expresións que xa teñen comas, ou oracións que se relacionan por un sentido lóxico.

- *O libro era meu****;*** *o dicionario, de Pedro****;*** *e a carpeta, de Xurxo.*
- *Esta casa vale máis de cen millóns****;*** *non podemos mercala.*

Dous puntos (**:**): xeralmente separan dúas partes dunha oración. Serven para introducir unha explicación, causa, consecuencia, enumeración, cita textual e tamén aparece nos encabezamentos de cartas.

- *Hoxe cae un pedrazo horrible****:*** *ceamos todos na casa.*
- *Atopou o que tanto buscaba****:*** *a foto da moza e o reloxo do pai.*

Puntos suspensivos (**...**): empréganse cando se interrompe unha enumeración ou un enunciado porque xa se coñece o seu final. Tamén pode indicar dúbida, vacilación, temor ou sorpresa.

- *Trouxeron a merenda dos nenos: galletas, froita, leite****...***
- *E cando saíu o asasino ao escenario****...*** *apagouse a luz.*

Interrogación (**?**): colócase ao final dunha pregunta.

- *Canto levas vivindo neste barrio?*

Exclamación (**!**): colócase ao final dunha frase coa que se quere chamar a atención, mostrar sorpresa, dor ou entusiasmo e dar ordes.

- *Ponte quieto, por favor****!***
- *Que ben falas o galego****!***

Pronomes persoais

- A forma dos pronomes persoais cambia segundo a súa función na oración.

Suxeito	COD	COI	Reflexivo	Con preposición
eu	**me**	**min**	**me**	**min (comigo)**
ti	**te**	**che**	**te**	**ti (contigo)**
vostede	**o/a**	**lle**	**se**	**vostede (consigo)**
el/ela	**o/a**	**lle**	**se**	**el/ela, si (consigo)**
nós	**nos**	**nos**	**nos**	**nós (connosco)**
vós	**vos**	**vos**	**vos**	**vós (convosco)**
vostedes	**os/as**	**lles**	**se**	**vostedes (consigo)**
eles/elas	**os/as**	**lles**	**se**	**eles/elas, si (consigo)**

- Os pronomes suxeito empréganse para resaltar a persoa por oposición a outras ou cando a súa elisión pode levar a algunha confusión.
  - ***Vós*** *estudades Dereito, non?*
  - ***Ela*** *si, pero* ***eu*** *estou en cuarto de Bioloxía.*

- Tamén se usan os pronomes suxeito coas preposicións **agás, ata, entre, excepto, fóra, incluso, menos, salvo** e **segundo**.
  - *Segundo* ***ela****, todos estabamos convocados á reunión.*
  - *Entre* ***ti*** *e* ***eu*** *terminaremos o traballo esta tarde.*

- A forma **o,** ademais de complemento directo (CD) masculino singular, pode substituír partes enteiras dun texto, así como predicativos dos verbos **ser**, **estar** e **parecer**.
  - *Ao final, aprobaches os exames?*
  - *Aínda non* ***o*** *sei porque as notas saen mañá.*
  - *Suso parece moi boa persoa, non?*
  - *Pois a verdade é que non* ***o*** *é.*

- Os pronomes reflexivos empréganse:

  – Para indicar que a acción recae sobre o mesmo suxeito que a practicou:
  - *Ana cortou****se*** *cun coitelo.*
  - *Erguémo****nos*** *moi cedo todos os días.*

  – Para indicar a ausencia dun suxeito animado coñecido en accións con suxeitos inanimados:
  - *A porta* ***pechouse*** *de golpe e deume un tremendo susto.*
  - *Mira como* ***se mollou*** *o coche durante a noite*

  – Para indicar accións recíprocas (sempre co verbo en plural):
  - *Malia as súas diferenzas, os dous* ***se queren*** *moito. (el a ela e ela a el)*
  - *Os dous condutores baixaron dos coches e comezaron a* ***insultarse****. (un ao outro)*

Pronomes en construcións valorativas

- En galego moitos verbos combínanse cos pronomes de CI en construcións cuxo suxeito (subliñado nos exemplos) é o que provoca o sentimento ou a valoración. Para marcar o contraste con outras persoas ou evitar a ambigüidade, empregamos tamén as formas preposicionais cos pronomes tónicos **a min, a ti, a vostede, a el/ela, a nós, a vós, a vostedes, a eles/elas**.
  - ***(A min)*** *esta situación non* ***me gusta*** *nada.*
  - ***(A ti) fascínante*** *os espectáculos en vivo, verdade?*
  - *(A vostede) interésalle a arte?*
  - ***(A el)*** *os avións* ***danlle*** *pánico.*
  - *(A nós) moléstanos tanto barullo.*
  - ***(A vós)*** *non* ***vos parece*** *máis práctico este modelo?*
  - ***(A elas)*** *non* ***lles importa*** *esperar un pouco.*

O pronome de solidariedade

familiar	**che**	**vos**
cortesía	**lle**	**lles**

- O pronome de solidariedade corresponde á forma de pronome persoal de obxecto indirecto e emprégase cando se lle quere dar ao interlocutor unha participación afectiva ou un tratamento máis familiar ou especial. A presenza destes pronomes non produce ningunha alteración na información que transmite o enunciado.

*É****vos*** *unha situación ben delicada.*
Pois xa non ***che*** *sei nada.*
*Vai****lle*** *un frío que arrepía.*



ATENCIÓN

Os pronomes ***te*** e ***che*** corresponden á segunda persoa do singular *ti*. **Te** funciona como obxecto directo e como pronome reflexivo, mentres que **che** é a forma de obxecto indirecto e tamén do pronome de solidariedade.

- *Vímos**te** onte na entrada do cinema.* (CD)
- *Érgue**te** máis cedo se non queres perder o autobús.* (Reflexivo)
- *Deixáron**che** este paquete onte pola mañá.* (CI)
- *Este rapaz é**che** moi traballador.* (Solidariedade)

Contraccións dos pronomes de CI e CD

CI	CD	CONTRACCIÓNS	
me che lle nos vos lles	o a os as	**mo, ma, mos, mas**	• ***Estas cartas** deumas Luísa**.***
		cho, cha, chos, chas	• *Queres isto? Pois déixo**cho**.*
		llo, lla, llos, llas	• *Non o sei, vou**llo** preguntar a Luís.*
		nolo, nola, nolos, nolas	• *A chave? Entregóu**nola** a conserxe.*
		volo, vola, volos, volas	• *As publicacións enviaréi**volas** logo.*
		llelo, llela, llelos, llelas	• *Estes xoguetes léva**llelos** aos nenos do orfanato.*



ATENCIÓN

Os pronomes ***te*** e ***che*** corresponden á segunda persoa do singular ***ti***. **Te** funciona como complemento directo e como pronome reflexivo, mentres que **che** é a forma de complemento indirecto e tamén do pronome de solidariedade.

- *Vímos**te** onte na entrada do cinema.* (CD)
- *Érgue**te** máis cedo se non queres perder o autobús.* (reflexivo)
- *Deixáron**che** este paquete onte pola mañá.* (CI)
- *Este rapaz é**che** moi traballador.* (solidariedade)

Posición dos pronomes de CI e CD

■ Por regra xeral, a orde de colocación dos pronomes átonos é: verbo + CI + CD. Os pronomes colócanse sempre despois do verbo e unidos a el.

- *Tróuxo**me** todo o que lle pedira.*

■ Non obstante, hai determinados contextos nos que o pronome se coloca diante do verbo e separado deste.

– Despois de palabras que marcan subordinación (**que, aínda que, sempre que, xa que, posto que, se**...):
- *Dixo que **me** deixaría todos os apuntamentos.*
- *Déixoche a moto se **me** fas este traballo.*

– Despois de adverbios ou expresións que indican negación (**non, nunca, xamais, tampouco**...) e dúbida (**quizais, talvez, seica, disque**):
- *Nunca **o** vin por esta zona.*
- *Xamais **che** dirá a verdade.*
  *Seica **lle** deron un premio de poesía.*

– Despois dalgúns outros adverbios (**xa, aínda, mentres, tamén, sempre, ben, mal, só, axiña, logo, máis, menos, aquí, aí, alí**...):
- *Sempre **me** ducho pola noite.*
- *Querías este libro? Pois aquí **o** tes.*
- *Xa **lle** dixen que non dispoño deste material.*

– Despois dalgúns pronomes indefinidos (**algo, nada, ninguén, alguén, calquera, mesmo, bastante**...):
- *Ninguén **me** deu a resposta correcta.*
- *Algo **me** di que isto non está ben.*

– Despois de interrogativos (**que, por que, como, quen, onde, cando, canto, como**...), exclamativos (**que, como, canto**...) ou frases desiderativas:
- *Quen **che** dixo esa barbaridade?*
- *Cando **lle** daremos o regalo?*
- *Canto **me** alegro por ti!*
- *Deus **me** valla!*

■ Hai casos nos que a posición do pronome é variable:

– Diante de preposicións, o pronome pode ir despois da preposición ou despois do verbo:
- *O profesorado temos o compromiso de **lle** axudar ao alumnado./O profesorado temos o compromiso de axudar**lle** ao alumnado.*

– Nas perífrases verbais os pronomes poden colocarse despois do verbo principal, despois da conxunción ou preposición que forma parte da perífrase ou detrás do infinitivo:
- *Tes**me** que facer un favor.*
  *Tes que **me** facer un favor.*
  *Tes que facer**me** un favor.*
- *Estiven chamándo**te** toda a mañá.*
  *Estíven**te** chamando toda a mañá.*

– Nas perífrases de participio, o pronome só se coloca despois do verbo auxiliar (ou conxugado), agás nos casos de excepcións mencionados anteriormente:
- *Téño**o** visitado alí algunhas veces.*
- *Non **che** dou feito isto ata mañá.*


Preposicións e locucións preposicionais


Referencias espaciais


a: destino, distancia.	• *Imos **a** Rianxo.* • *Allariz está **a** dez quilómetros.*
ante/perante: diante de.	• *Atopámonos ante o Palacio Real.*
ata/deica: punto de chegada (deica precisa o punto de partida = de aquí/alí).	• *Camiñamos **ata** a entrada da catedral.* • *Imos **deica** Santiago.*
baixo: posición inferior.	• *Coloca as botellas **baixo** a mesa.*
contra: contacto, dirección contraria.	• *Apoiouse **contra** a parede para evitar a caída.* • *Ía **contra** o vento.*
de: procedencia (**lonxe/ preto de**).	• *Somos **de** Celanova.* • *Barrantes está **preto de** Vilanova de Arousa.*
dende/desde: punto de partida.	• *Veu andando **dende** o centro.*
en: localización, medio de transporte.	• *Ribadeo está **en** Lugo.* • *Iremos **en** tren.*
entre: localización no medio de dúas ou máis cousas.	• *Encontrei unha postal **entre** os meus libros.*
onda: proximidade; o mesmo lugar.	• *O salón de peiteados está **onda** a parada de autobús.* • *Foi **onda** as fillas e aínda non volveu.*
para: dirección.	• *Marchou **para** Suíza cando era moi novo.*
por: movemento dentro ou a través do espazo.	• *Gústame pasear **por** esta alameda.* • *O ladrón entrou **por** un burato no teito.*
sobre: localización nun espazo superior.	• *Estenda a masa **sobre** unha superficie fría.*
tras: detrás de, máis aló de.	• *A súa aldea está **tras** aquela montaña.*
xunta: ao lado de, preto de.	• *Deixei a carteira **xunta** o ordenador.*



debaixo do moble



sobre o moble
enriba do moble



detrás do moble


diante do moble


en fronte do moble


ao lado do moble


dentro do moble


fóra do moble

Referencias temporais

a + hora	• *Levántome **ás** oito.*
ata + punto límite no tempo	• *Espérote **ata** as cinco.*
antes/despois de	• *Sempre chamo a miña nai **antes** de deitarme.*
contra + hora imprecisa	• *Din que chegan **contra** o mediodía.*
de + día/noite **de** + inicio **a** + fin	• *Prefiro descansar **de** día e estudar **de** noite.* • *Traballamos **das*** 9.00 **ás** 15.00 h.*
desde/dende + punto no tempo	• *Non vexo a Xavier **dende** o inverno pasado.*
durante + tempo que dura ou no que transcorre algo	• ***Durante** o curso académico case non vén por aquí.*
en + mes/estación/ano	• *O aniversario dela é **en** xullo.*
entre + dous puntos de referencia temporal que determinan un intervalo	• *Estarei na casa **entre** as dúas e as sete da tarde.*
para + tempo exacto ou aproximado; duración	• ***Para** Nadal xa estaremos de volta.* • *Temos conversa **para** toda a tarde.*
por + parte do día	• *Nunca traballo **pola**** tarde.*
sobre + hora aproximada	• *Chegou **sobre** as dúas da madrugada.*

Outros usos

A Modo: *filete **á** prancha, linguado **ao** forno, fun **a** cabalo.*
AGÁS/EXCEPTO/FÓRA/MENOS/SALVO Exclusión: *Xa tiñamos todos algunha noción do tema, **agás** esa parella.*
ANTE En presenza de: ***Ante** tantas dificultades decidiu regresar ao seu país.*
BAIXO Influencia ou dependencia: *Non lle fagas caso porque está **baixo** os efectos do alcohol.*
CANDA Coincidencia temporal e compaña: *Iremos **canda** os outros rapaces.*

CON Compaña: *Fun ao cine* ***con*** *Mauricio.* Acompañamento: *Polo* ***con*** *patacas.* Instrumento: *Cortei as fichas* ***con*** *aquelas tesoiras.* Compoñentes: *Unha casa* ***con*** *moitos cuartos, unha cadeira* ***con*** *repousabrazos.* Modo: *Ábreo* ***con*** *coidado.*	
CONTRA En oposición a: *Non faremos nada* contra *a súa vontade.*	
DE Material: *Un abrigo* ***de*** *la.* Xénero, especie: *Un libro* ***de*** *xeografía, un álbum* ***de*** *fotos.* Pertenza ou posesión: *Esta é a casa* ***de*** *Adolfo.* Finalidade/utilidade: *Máquina* ***de*** *escribir.* Causa: *Chorou* ***de*** *susto.* Modo: *Fíxoo* ***de*** *malas maneiras.*	
ENTRE Cooperación: ***Entre*** *todos acabaremos o informe antes do previsto.* Relación ou comparación: *Non atopo ningunha diferenza* ***entre*** *un e outro.*	
PARA Finalidade: *Necesito diñeiro* ***para*** *o alugamento deste mes.* Destinatario: *Este paquete é* ***para*** *o teu irmán.*	
POR Causa: *Viaxa moito* ***polo*** *seu traballo.*	
SEGUNDO Concordancia, opinión: ***Segundo*** *as leis, isto é un delito.* Simultaneidade: ***Segundo*** *escoita a gravación, anota no caderno os puntos máis interesantes.*	
SEN Ausencia: *Eu prefiro o café* ***sen*** *azucre.*	
SOBRE Tema: *Estiven nunha mesa redonda* ***sobre*** *a situación dos discapacitados.* Valoración aproximada: *O cativo tería* ***sobre*** *catro anos.*	

Superlativos e outros gradativos

feo	caro	Rico	rápido
moi feo	**moi** caro	**moi** rico	**moi** rápido
fe**ísimo**	car**ísimo**	riqu**ísimo**	rapid**ísimo**

ATENCIÓN!

Ás veces é necesario facer modificacións ortográficas: *rico/ri**quísimo**; longo/lon**guísimo***
Para intensificar un adxectivo podemos empregar, máis frecuentemente na linguaxe coloquial, o prefixo **super-**.
- *É un aparello **superpráctico**.*

- Outros recursos para graduar:
  - *É **demasiado/excesivamente** rechamante.*
  - *É **(moi) pouco** práctico.*
  - *É **un pouco** caro.*
  - ***Non** é **nada** interesante.*

ATENCIÓN!

Pouco emprégase soamente con adxectivos de significado positivo; mentres que **un pouco** só se usa con adxectivos de significado negativo.

Adverbios e locucións adverbiais

- Os adverbios son palabras invariables que expresan diferentes matices que poden complementar ou modificar un verbo, un adxectivo, outro adverbio ou ata mesmo un enunciado completo.
  - *Chamáronme **onte** para un novo traballo.*
  - *Era **moi** falador, pero traballaba **pouco**.*
  - *Francamente, a túa actitude decepcionounos **moito**.*

- Os adverbios adoitan achegar algunha información circunstancial que pode ser dos seguintes tipos:

– Tempo: **onte, antonte, hoxe, mañá, cedo, tarde, logo, despois, agora, antes, acotío** etc.
– Lugar: **aquí, alí, alá, acolá, dentro, fóra, preto, lonxe, diante, detrás, alén** etc.
– Modo: **así, ben, mal, gratis, amodo, adrede, asemade, paseniño, devagar** etc.
– Dúbida: **talvez, quizais, seica, disque** etc.
Negación: **non, nin, nunca, xamais, sequera, tampouco** etc.
– Afirmación: **si, certo, certamente, abofé, tamén** etc.
– Cantidade ou intensidade: **case, máis, menos, tan, abondo, moito, moi, bastante** etc.

- As locucións adverbiais son combinacións fixas de dúas ou máis palabras que funcionan do mesmo xeito ca os adverbios: **a cada canto, a miúdo, ao carón, aos poucos, ás agachadas, ás présas, así mesmo, de certo, de momento, de repente, se callar** etc.
- Coa colocación do sufixo **-mente** ao final dalgúns adxectivos femininos ou neutros pódese formar unha ampla serie de adverbios de modo: **soa/soamente, rápida/rapidamente, difícil/dificilmente** etc.

ATENCIÓN!

Ao engadirlle o sufixo **-mente**, os adxectivos perden o acento, se o levan: *fácil/ facilmente.*

Relacións temporais

Anterioridade

antes (de)

- ***Antes*** *levaba lentes, pero agora opereime da vista e non as necesito.*
- *Lava as mans* ***antes de*** *comer.*

Posterioridade

logo (de) **despois (de)** **máis tarde** **tras**	... minutos/un anaco/un pouco/... horas/días/ meses/anos **despois** ... minutos/un anaco/un pouco/... horas/días/ meses/anos **máis tarde** **ao cabo de**

- ***Logo de*** *escoitar a entrevista, responda as preguntas.*
- *Cheguei sobre as cinco e Pepe dúas horas* ***máis tarde****.*
- *Chamou hai cinco minutos, pero volverá chamar* ***ao cabo de*** *media hora.*

Simultaneidade ou inmediatez

ao + infinitivo
mentres
cando

- ***Ao rematar*** *a carreira, marchou a África para colaborar cunha ONG. (= inmediatamente despois de rematar a carreira)*
- *Cometo demasiados erros* ***ao falar****. (= cando falo)*
- *Escoita música* ***mentres*** *traballa. (= cando traballa)*

Falar da duración

hai + cantidade de tempo + **que** + verbo

- ***Hai*** *máis de tres anos* ***que*** *vivo en Galicia. E ti?*
- ○ *Eu,* ***hai*** *oito anos.*

dende/desde hai + cantidade de tempo

- *Non vexo a Rosario* ***dende/desde hai*** *nove meses.*

Marcar o inicio dunha acción

dende/desde + data
dende/desde + cantidade de tempo
dende/desde que + verbo

- ***Dende*** *cando estudas galego?*
- ○ ***Dende*** *xaneiro./****Dende*** *hai dous meses./****Dende*** *que cheguei a Santiago.*

Conectores para relatar

Introducir unha nova información ou comezar un relato

- ***Resulta que*** *onte pola noite chamoume e quedamos para saír.*

Introducir unha referencia temporal

- ***Cando*** *abrín a porta, vin todos os meus compañeiros de traballo.*

Darlle secuencia á acción

- *Acabamos de cear e puxemos a televisión.* ***Nisto/Entón/ Deseguida*** *chegou Amalia e fomos xogar ás cartas.*

Explicar a causa dos acontecementos

- ***Como/Xa que/Dado que*** *traballas entre semana, fai a compra o sábado.*
- *Nunca fala con estraños* ***porque/xa que/posto que*** *llo prohibe a súa nai.*

Presentar consecuencias

- *Estaba moi canso,* ***así que/de modo que/polo que*** *se deitou ás nove.*

Para corrixir unha información equivocada.

- *Aquel non era o meu fillo,* ***senón*** *o meu sobriño.*

Para introducir unha concesión

- *Non son galegos,* ***pero*** *falan galego moi ben.*
- *Non son galegos,* ***non obstante****, falan galego moi ben.*
- ***Aínda que*** *non son galegos, falan galego moi ben.*

A coordinación

■ A coordinación consiste en unir dúas oracións independentes por medio de nexos ou conxuncións coordinantes, formando un único enunciado.
- *Cheguei do traballo* ***e*** *preparei a cea para todos.* (= Cheguei do traballo. Preparei a cea para todos.)
- *Vivimos na costa,* ***pero*** *non imos á praia con frecuencia.* (= Vivimos na costa. Non imos moito á praia.)

■ Segundo o significado da conxunción que as une, as oracións coordinadas poden ser dos seguintes tipos:

– Copulativas (**e, e mais, nin**): empréganse para sumar ou engadir segmentos de información.
- *Ana brincaba no parque* ***e*** *María xogaba ao balón.*
- *Limpou a casa, fixo a compra* ***e mais*** *preparou a comida.*
- *Non comeu* ***nin*** *bebeu nada.*

– Adversativas (**pero, mais, porén**): introducen unha idea que contrasta con outra anterior, restrinxindo ou negando o seu significado.
- *Gústame Celso, **pero** non o vou invitar á miña festa.*
- *Traballa moito, **mais** nunca ten un peso.*
- *Estudou maxisterio, **porén** nunca lle gustaron os nenos.*

– Disxuntivas (**ou**): expresan opcións entre as que se marca unha alternativa.
- *Imos ao cine **ou** vemos un filme na casa?*

– Distributivas (**ora... ora, ben... ben**): expoñen accións alternativas, pero que non se exclúen.
- ***Ora** fala ben das amigas, **ora** non as quere ver.*

– Explicativas (**é dicir, ou sexa, isto é**): explican ou aclaran o significado da primeira proposición.
- *Din que é un forasteiro, **ou sexa**, que non é de aquí.*

A subordinación

- A subordinación consiste na agrupación de oracións, entre as que hai algún grao de dependencia, nun único enunciado.

- Oracións subordinadas adxectivas ou de relativo.

- Empregamos as oracións adxectivas ou de relativo para restrinxir, completar ou modificar o sentido dun substantivo. Funcionan como adxectivos e permítennos ligar unha oración ao substantivo ao que se refiren (antecedente), para evitar a súa repetición.

oración 1	*oración 2*
Algúns profesores coordinarán o simposio.	Algúns profesores traballan neste instituto.
oración de relativo Os profesores que traballan neste instituto coordinarán o simposio.	

- Xeralmente, as oracións adxectivas líganse á oración principal por medio de partículas relativas como **que, quen, cal, onde, cuxo**...
  - *As persoas **<u>que</u> saben idiomas** poden solicitar este posto.*
  - *O director, **<u>quen</u> acaba de marchar**, quere vernos mañá.*
  - *A obra, **<u>cuxo</u> autor é anónimo**, representouse no Gran Teatro.*
  - *O artigo, **o <u>cal</u> aínda non lin**, foi moi criticado.*
  - *A zona **<u>onde</u> viven** ten uns xardíns preciosos.*

- Segundo a relación que establece co antecedente, as oracións adxectivas poden ser especificativas ou explicativas.

- As oracións adxectivas son **especificativas** cando permiten distinguir un ou varios elementos dentro dun conxunto.
  - *Os nenos **que levan disfrace** participan no festival de Entroido.* (Os outros nenos non participan, só estes)

- Son **explicativas** as oracións adxectivas que só engaden unha información sobre o antecedente, pero non son necesarias para distinguilo. Deben ir entre comas na escrita e, na fala, márcanse por unha pausa.
  - *Carme, **que acaba de chegar de Uruguai**, pensa facer outra viaxe.*

As partículas relativas

- **Que** pode referirse a persoas ou a obxectos.
  - *O home **que** saudei onte no mercado é o meu xefe.*
  - *Este abrigo, **que** é o meu preferido, merqueino en Nova York.*

- **Cal/cales** emprégase sempre co artigo determinado e tamén se refire a obxectos ou a persoas. Aparece con máis frecuencia en rexistros máis formais ou cultos.
  - *A escultura, **a cal** situaron no centro da praza, foi feita por un prestixioso artista.*
  - *Os exames a**os cales** se presenta a directora do proxecto serán a próxima semana.*

- **Quen** emprégase con referente humano e singular, só en oracións explicativas. Tamén é máis común en contextos formais.
  - *O técnico do equipo, **quen** asumiu toda a culpa, dimitiu.*

- **Cuxo** relaciónase coa idea de posesión ou de pertenza e concorda en xénero e número co substantivo que acompaña, non co seu antecedente.

O home	***cuxo** emprego* ***cuxa** familia* ***cuxos** fillos* ***cuxas** obras*

Oracións subordinadas substantivas

- Existe un grupo de oracións subordinadas nas que o suxeito do verbo principal exerce algún tipo de influencia sobre o suxeito da frase subordinada: emítese un xuízo, exprésase un sentimento ou unha orde, manifestase un desexo ou unha prohibición etc. Nestes casos, o verbo da oración subordinada vai en subxuntivo.
  - *O meu pai **quere que estude** (eu) Medicina.*
  - *Prohíboche (eu) que sigas vendo (ti) ese rapaz.*
  - *A algunhas persoas **moléstalles que teñamos** (nós) éxito.*
  - *Ao ministro **non lle importou que** miles de familias **perdesen** a súa única fonte de ingresos.*

- Pero cando o suxeito de ambas accións é o mesmo, empregamos o infinitivo.
  - ***Quero** (eu) **estudar** (eu) Filosofía.*

- *A moitos homes **moléstalles** (a eles) **ter**(eles) que **ocuparse** (eles) das tarefas domésticas.*
- *Non **me importa perder** (eu) este posto de traballo, **prefiro** (eu) **durmir** (eu) tranquilo.*

■ Cando na oración principal se emite un xuízo ou unha valoración impersoal sobre unha acción que realiza un suxeito determinado, o verbo da subordinada tamén vai en subxuntivo.
- ***É normal que esteades** un pouco nerviosos.*
- ***É lóxico que** a xente **espere** un cambio positivo.*
- ***É probable que volvan** gañar as eleccións.*
- ***Non parecía posible que** a xente **aceptase** semellantes medidas.*

■ Pero cando na oración principal se emite un xuízo válido para calquera individuo, o segundo verbo vai en infinitivo.
- ***É normal non querer** quedar sen traballo.*
  (= é normal para todo o mundo)
- ***É triste ter que emigrar** por razóns económicas.*
  (= é triste para todo o mundo)

■ Cando na oración principal afirmamos que un feito é verdade, na oración subordinada utilizamos o indicativo.
- ***Creo que** os animais **teñen** sentimentos.*
- ***Din que** algo **vai** cambiar.*
- *Estou convencido de que aprobará o exame.*
- *Perdoa, **pensaba que eras** outra persoa.*

■ En cambio, cando na oración principal negamos ou cuestionamos a veracidade do expresado, na oración subordinada empregamos o subxuntivo.
- ***Non creo que** Xavier **queira** vir connosco.*
- *Dubido que aprobe o exame.*
- ***Non vexo que esteas** preparado para ocupar ese cargo.*
- *Eu **non dixen que** a situación **fose** cambiar.*

Oracións subordinadas adverbiais

Oracións causais

■ As oracións causais enuncian a causa do que se di na oración principal. O conector que máis frecuentemente as introduce é **porque**, seguido doutros como **xa que, posto que, unha vez que, visto que, por mor de (que), a causa de (que), por culpa de (que), debido a (que), pois, que** e **como.**
- *Mercamos a tele pequena **porque** a grande nos pareceu moi cara.*
- ***Como** non están os nenos, sairemos cear fóra.*

Oracións finais

■ As oracións finais explican a finalidade da acción da oración principal. O conector máis utilizado é **para (que),** pero hai outros posibles, como **a que, co gallo de, co fin de (que), co propósito de (que), co obxecto de (que), con tal de (que)...**
- *Vounos chamar **para que** me digan o resultado.*
- *Atrasamos o comezo do evento **co propósito de que** todos estivesen na apertura.*

Oracións consecutivas

■ As oracións consecutivas expresan o resultado ou a consecuencia dos feitos narrados na oración principal. Os conectores máis frecuentes para introducilas son **así que, logo, por tanto, por conseguinte, en consecuencia, de modo/maneira que, de aí que, que** (xeralmente combinado con **tanto(s)/tanta(s)** ou **tal/tales**).
- *Só sairemos despois do xantar, **así que** non chegamos antes das seis.*
- *Padeceu dunha enfermidade moi grave, **de aí que** agora leve unha vida moi sa.*

Oracións condicionais

■ As oracións condicionais establecen unha condición que debe cumprirse para que algo se realice. Para expresar unha condición posible de realizarse, empregamos a estrutura **se** (presente) + presente ou futuro de indicativo.
- ***Se** fas a matrícula ata o día 10, **regálanche/regalaranche** unha axenda.*
- ***Se** me chaman para a entrevista, non **podo/poderei** acompañarte ao médico.*

Oracións temporais

■ As oracións condicionais expresan o tempo ou o momento no que se realiza a acción da oración principal. **Cando** é o nexo máis frecuente para introducilas, pero tamén se poden empregar, entre outros, **antes de (que), despois de (que), mentres, en canto...**
- ***Cando** cheguei, vin que a porta estaba aberta.*
- ***Cando** teña tempo, irei verte.*
- *Recollín a cociña **mentres** os nenos durmían a sesta.*
- ***En canto** entrei na ducha, soou o teléfono.*
- *Estudarei a proposta **antes de/despois de** pedir o empréstito.*

ATENCIÓN!

Cando se refiren ao futuro, as frases introducidas por **cando, mentres** e **en canto** van sempre en presente de subxuntivo.
*Cando **fagas** vinte anos, regalarémosche o coche.*
*En canto **remate** a carreira, farei esta viaxe.*
*Mentres non **cheguen** os convidados, terminaremos o xantar.*

Impersonalidade

■ A impersonalidade pódese expresar de varias maneiras.

SE + verbo en terceira persoa do singular/plural

■ Adoitamos empregar esta forma cando damos instrucións ou cando nos referimos a cousas que son válidas para todo o mundo.

- *Primeiro, **frítense** as patacas.*
- ***Débese** pedir permiso antes de entrar.*

Verbo en terceira persoa do plural

- Trátase de accións realizadas por unha persoa concreta (ou varias), cuxa identidade non ten importancia para o que fala: a atención céntrase na acción e non no axente.
  - *Que partido **botan** hoxe na nova canle?*
  - ***Abriron** un supermercado de gran superficie no noso barrio.*
  - ***Din** que haberá eleccións anticipadas.*

Verbo en segunda persoa do singular

- Trátase de accións que lle afectan a todo o mundo, incluídos os interlocutores. Non obstante, aínda que empregamos a forma **ti**, non nos referimos ao noso interlocutor. É unha forma moi característica da lingua oral que equivale a **un/unha** + terceira persoa do singular.
  - *Con este tráfico, **sabes** a que hora saes, pero non a que hora **chegas**.*
  - *Con este tráfico, **un/unha sabe** a que hora **sae**, pero non a que hora **chega**.*

Discurso referido

- O discurso referido, tamén chamado estilo indirecto, é a transmisión, polo xeral nun novo contexto espacial e temporal, das palabras ditas por outros.
  - *Teño moito sono.*
  - ➔ *Dixo que ten moito sono.*
  - *Chámame o xoves pola mañá.*
  - ➔ *Díxome que o chame o xoves pola mañá.*

- Se o que referimos indirectamente é unha pregunta introducida por unha partícula interrogativa, esta volve aparecer no discurso referido.
  - *Onde mercaches este colete?*
  - ➔ *Preguntoume onde mercara o colete.*

- Pero cando se trata dunha pregunta de resposta pechada (si/non), introducímola con **se** no estilo indirecto.
  - *Tes o enderezo de Eulalia?*
  - ➔ ***Preguntoume se** tiña o enderezo de Eulalia.*

- As accións que se expresan en presente en estilo directo, transmítense, en moitas ocasións, en copretérito.

Luns ás 14.00 h Alba: *Agora estou xantando.*	O día seguinte ás 10.00 h ***Alba díxome que estaba xantando naquel momento.*** (= xa non está xantando)
Luns ás 14.00 h Ramón: *Estudo chinés.*	O día seguinte ás 10.00 h *Ramón díxome que estuda chinés.* (= aínda estuda chinés)



ATENCIÓN!

Ao cambiar a situación espazo-temporal na que se fala, ademais do tempo verbal prodúcense outros cambios: desaparecen elementos, modifícanse as palabras con marca de persoa (como os posesivos e os pronomes persoais) e as referencias temporais*.

- *Cariño, estou na **miña** oficina. Podes **traerme** unha carpeta que **esquecín aí?***
- ➔ *Chamouno dende a **súa** oficina para pedirlle **se lle podía levar** unha carpeta que **esquecera na casa**.*

* Nos seguintes niveis de *Aula de galego* iremos estudando progresivamente todas as correlacións verbais e as demais mudanzas que se producen no discurso referido.

A voz pasiva

- A voz pasiva fórmase coas formas do verbo **ser** e o participio do verbo de cuxa acción queremos falar.

	ser		
(eu)	**fun**		
(ti)	**fuches**		
(el/ela/vostede)	**foi**	+	participio
(nós)	**fomos**		
(vós)	**fostes**		
(eles/elas/vostedes)	**foron**		

- *A comunidade local construíu esta ponte.*
- *Esta ponte **foi construída** por membros da comunidade local.*

- Na construción pasiva, o CD da oración activa (**esta ponte**) pasa a ser o suxeito pasivo; o suxeito (**a comunidade local**) convértese en complemento axente e vai sempre introducido pola preposición **por**.

- Na estrutura verbal, o verbo **ser** é conxugado no mesmo tempo ca o verbo da oración activa e combina en número e en persoa co suxeito pasivo. Con este tamén concorda o **participio** en xénero e número.
  - *Estes **cadros foron pintados** por un artista anónimo.*
  - *O **director** do proxecto **será entrevistado** esta semana.*

- Empregamos a voz pasiva:
  - Cando nos interesa poñer en evidencia o suxeito pasivo ou a propia acción verbal.
    - *Ese home foi condenado inxustamente.*

– Cando non se coñece, non se quere ou non interesa expresar o axente da acción verbal.
- *A nova escola será inaugurada antes da fin deste curso.*

ESTAR + participio
- *O problema **esta resolto**.*
- *As decisións xa **estaban tomadas**.*

■ Este tipo de pasivas emprégase cando o importante é o resultado da acción, o seu efecto sobre o suxeito pasivo, e non o da acción en si mesma. Por este motivo é moi frecuente omitir o complemento axente.
- *Algunhas especies de animais **están ameazadas**.*
- *O ordenador xa **está reparado**.*
- *A casa **estivo vixiada** toda a fin de semana.*

Expresión da conxectura

■ Existen varios recursos para facer suposicións.

– **supoñer que** + indicativo
– **quizais/tal vez** + indicativo/subxuntivo
– **ao mellor/igual** + indicativo
– **é probable que/é posible que/pode (ser) que** + subxuntivo
– **o máis seguro/o máis posible é que** + subxuntivo
– **seguramente/probablemente/posiblemente** + indicativo
– **seguro que/estou seguro de que** + indicativo

■ Tamén podemos empregar o futuro de indicativo para facer suposicións sobre o presente.
- *Sabes onde está Paula? Non a vin en todo o día.*
- ○ ***Estará** traballando, coma sempre.* (= supoño que está traballando.)

■ Do mesmo xeito, utilizamos o condicional para facer suposicións sobre o pasado.
- *O outro día non vin a Mario no partido.*
- ○ *Ah, non? Pois **estaría** enfermo, porque non adoita perder ningún.*

■ A correspondencia entre os tempos verbais é a seguinte:

O que sei	**O que supoño**
Presente	Futuro de indicativo
Pretérito	Condicional
Copretérito	Condicional



ATENCIÓN!

Coa forma interrogativa convidamos o noso interlocutor a especular.
- *Que lle **pasará** a Amanda?*
- *Onde **aprendería** Carlos a bailar tan ben?*

O VERBO

Formas nominais

■ Os verbos teñen tres formas nominais, tamén chamadas non persoais, porque son formas que non se conxugan: o infinitivo, o participio e o xerundio. Estas formas combínanse con outros verbos conxugados para formar as perífrases verbais. Por si soas, teñen as máis diversas funcións.

Infinitivo

■ Funciona como substantivo e, polo tanto, pode ser suxeito ou complemento directo dunha oración.
- ***Fumar** é malo para a saúde.*
- *Odio **estudar** pola noite.*

■ Tamén nestes casos pode ter complementos propios do verbo.
- ***Estudar idiomas** é moi necesario hoxe en día.* (CD)
- *É fundamental explicarlles claramente as cousas aos nenos.* (complemento de modo, CD e CI)

Participio

■ Funciona como adxectivo e concorda en xénero e número co substantivo ao que se refire. Cando queremos presentar este adxectivo como o resultado dunha acción, empregámolo co verbo **estar**.
- *A impresora **está quebrada**.* (= alguén a quebrou)
- *Por que **están** todas as ventás **abertas**?* (= alguén as abriu)

■ Nun discurso formal, é frecuente o uso do participio para substituír toda unha construción verbal pasiva.

- *(Foron) **Detidas** seis persoas por un delito de piratería.*
- *O vehículo, (que foi) **roubado** hai uns meses en Vilalba, fora utilizado polos ladróns noutros delitos.*
- *A obra, (que foi) **composta** a principios do século XX, reflicte uns valores que aínda seguen vixentes.*
- *Estes xardíns, (que son) **coñecidos** como “o viveiro”, foron unha encomenda dunha das familias máis podentes da cidade.*
- *As ventás, (que están) **orientadas** cara ao leste e ao oeste, permiten a entrada de luz durante todo o día.*

Xerundio

■ Expresa o modo en que alguén fai algo ou a simultaneidade de dúas accións.
- *Marchou **chorando**.*
- *Adoito traballar **oíndo** música.*

■ Nesta función de adverbio, o xerundio tamén admite complementos.
- *Entrou **falando moi alto** para chamar a atención dos asistentes.*

> **ATENCIÓN!**
>
> O xerundio non se emprega na forma negativa. Nestes casos, úsase sempre **sen** + infinitivo.
> ● *Fíxoo **sen querer**.*

Tempos de modo indicativo

Presente

	ANDAR	BEBER	VIVIR
(eu)	and**o**	beb**o**	viv**o**
(ti)	and**as**	beb**es**	viv**es**
(el/ela/vostede)	and**a**	beb**e**	viv**e**
(nós)	and**amos**	beb**emos**	viv**imos**
(vós)	and**ades**	beb**edes**	viv**ides**
(eles/elas/vostedes)	and**an**	beb**en**	viv**en**

- Empregamos o presente de indicativo para:

– Facer afirmacións atemporais: *A auga **é** H_2O.*
– Falar de feitos habituais: ***Vexo** os meus pais todas as fins de semana.*
– Falar do presente cronolóxico: ***Vai** moito frío esta mañá, verdade?*
– Pedir cousas e accións en preguntas: ***Déixasme** cincuenta euros?*
– Falar de accións futuras relacionadas con intencións firmes: *Esta noite **chámote** e **dígoche** algo.*
– Relatar en presente histórico: *Logo da invasión napoleónica, as colonias de ultramar **independízanse**.*
– Dar instrucións: *Primeiro **refogas** a cebola, logo **botas** a carne e o viño branco.*

Copretérito

	ANDAR	BEBER	VIVIR
(eu)	and**aba**	beb**ía**	viv**ía**
(ti)	and**abas**	beb**ías**	viv**ías**
(el/ela/vostede)	and**aba**	beb**ía**	viv**ía**
(nós)	and**abamos**	beb**iamos**	viv**iamos**
(vós)	and**abades**	beb**iades**	viv**iades**
(eles/elas/vostedes)	and**aban**	beb**ían**	viv**ían**

> **ATENCIÓN!**
>
> Na primeira e na segunda persoas do plural, prodúcese un cambio de sílaba tónica.

- Algúns verbos presentan formas irregulares no copretérito:

	SER	PÓR	TER	VIR
(eu)	**era**	**puña**	**tiña**	**viña**
(ti)	**eras**	**puñas**	**tiñas**	**viñas**
(el/ela/vostede)	**era**	**puña**	**tiña**	**viña**
(nós)	**eramos**	**puñamos**	**tiñamos**	**viñamos**
(vós)	**erades**	**puñades**	**tiñades**	**viñades**
(eles/elas/vostedes)	**eran**	**puñan**	**tiñan**	**viñan**

> **ATENCIÓN!**
>
> Os verbos derivados dos anteriores tamén presentan as mesmas irregularidades: **repor, compor, supor, recompor, sobrepor, antepor, ater, reter, conter, previr, intervir, sobrevir** etc.

- Os principais usos do copretérito son:

– Describir calidades en pasado.
● *Antes, miña nai **levaba** o pelo moito máis longo.*
– Presentar accións habituais nunha etapa do pasado.
● *De neno, **agachábame** no cuarto cando viña algunha visita á casa.*
– Describir a situación arredor duns acontecementos que relatamos (normalmente en pretérito).
Adoitamos escribir cousas como a data, a hora, o lugar, o estado ou o aspecto das persoas etc.
● ***Estaba** mirando pola ventá cando vin pasar o meu irmán. **Levaba** unha roupa un pouco rara...*
● *Esta mañá **apetecíanme** tanto uns churros que fun almorzar ao bar de abaixo.*

- Tamén empregamos o copretérito para referirnos a accións que se interrompen ou se modifican durante o seu inicio ou o seu desenvolvemento.
● ***Ía** á casa de Iolanda, pero topeime cun amigo e fomos tomar algo. (= non fun á casa de Iolanda)*

- Noutros casos, mediante verbos como **pensar**, **querer** ou **ir**, o copretérito serve para expresar a nosa intención de levar a cabo unha acción que finalmente non chega a ter lugar.
● ***Pensaba** quedar a estudar na biblioteca, pero ao final fun para a casa.*
● ***Ía** pasar as vacacións cuns amigos, pero enfadámonos e ao final decidín ir de viaxe só.*
● *A semana pasada **queriamos** pintar toda a casa, pero chegaron uns amigos por sorpresa e, claro, non puidemos.*

Pretérito

	ANDAR	BEBER	VIVIR
(eu)	and**ei**	beb**ín**	viv**ín**
(ti)	and**aches**	beb**iches**	viv**iches**
(el/ela/vostede)	and**ou**	beb**eu**	viv**iu**
(nós)	and**amos**	beb**emos**	viv**imos**
(vós)	and**astes**	beb**estes**	viv**istes**
(eles/elas/vostedes)	and**aron**	beb**eron**	viv**iron**

- O pretérito emprégase para relatar accións pasadas, relacionadas ou non co presente.
  - *Esta semana **coñecín** moita xente interesante.*
  - *Onte **ceei** cuns amigos.*
  - *O mes pasado **descubrín** un restaurante xenial.*

Verbos con terminacións irregulares

- Os seguintes verbos presentan irregularidades propias na raíz e teñen unhas terminacións especiais no pretérito, independentemente da conxugación á que pertenzan.

estar	**estiv-**	
dicir	**dix-**	**-en**
facer	**fix-**	**-eches**
ter	**tiv-**	**-o**
poder	**puid-**	**-emos**
poñer	**pux-**	**-estes**
querer	**quix-**	**-eron**
traer	**troux-**	
saber	**soub-**	



ATENCIÓN!

Na primeira e na terceira persoas do singular dos verbos regulares, a última sílaba é tónica; nos irregulares, en cambio, a sílaba tónica é a penúltima.
Os verbos **ir** e **ser** teñen a mesma forma no pretérito.

Antepretérito

	ANDAR	**BEBER**	**VIVIR**
(eu)	and**ara**	beb**era**	viv**ira**
(ti)	and**aras**	beb**eras**	viv**iras**
(el/ela/vostede)	and**ara**	com**era**	viv**ira**
(nós)	and**aramos**	beb**eramos**	viv**iramos**
(vós)	and**arades**	beb**erades**	viv**irades**
(eles/elas/vostedes)	and**aran**	beb**eran**	viv**iran**

Algúns verbos irregulares

DICIR	**ESTAR**	**FACER**	**IR/SER**	**TER**
dixera	**estivera**	**fixera**	**fora**	**tivera**
dixeras	**estiveras**	**fixeras**	**foras**	**tiveras**
dixera	**estivera**	**fixera**	**fora**	**tivera**
dixeramos	**estiveramos**	**fixeramos**	**foramos**	**tiveramos**
dixerades	**estiverades**	**fixerades**	**forades**	**tiverades**
dixeran	**estiveran**	**fixeran**	**foran**	**tiveras**

- Empregamos este tempo para marcar que unha acción pasada é anterior a outra acción tamén pasada, xa mencionada.
  - *Cando Alfredo chegou ao hospital, súa muller xa **dera** a luz.* (= a segunda acción é anterior á primeira: Alfredo non estaba cando naceu o bebé)

Pospretérito

- Obtense o pospretérito engadíndolle ao infinitivo as terminacións -**ía**, -**ías**, -**ía**, -**iamos**, -**iades** e **ían**.

	ANDAR	**BEBER**	**VIVIR**
(eu)	andar**ía**	beber**ía**	vivir**ía**
(ti)	andar**ías**	beber**ías**	vivir**ías**
(el/ela/vostede)	andar**ía**	beber**ía**	vivir**ía**
(nós)	andar**iamos**	beber**iamos**	vivir**iamos**
(vós)	andar**iades**	beber**iades**	vivir**iades**
(eles/elas/vostedes)	andar**ían**	beber**ían**	vivir**ían**

- Son irregulares os mesmos verbos que en futuro, tamén cunha irregularidade que afecta a raíz.

DICIR	**FACER**
dir**ía**	far**ía**
dir**ías**	far**ías**
dir**ía**	far**ía**
dir**iamos**	far**iamos**
dir**iades**	far**iades**
dir**ía**	far**ían**

- Usamos o pospretérito para expresar desexos difíciles ou imposibles de realizar.
  - *Que soño! **Iría** durmir agora mesmo se puidese.*
- Para aconsellar.
  - ***Deberías** empezar a estudar. Falta moi pouco para os exames.*
- Para pedir cortesmente que alguén faga algo.
  - ***Importaríache** axudarme cos deberes?*
  - ***Poderías** suxeitar isto un momento, por favor?*
- Para evocar situacións imaxinarias.
  - *Se soubese tocar un instrumento, **tocaría** nun grupo.*
- Para opinar sobre accións e condutas.
  - *Eu nunca **casaría** por diñeiro.*

Alternancia dos tempos do pasado no relato

- Nun relato podemos utilizar varios tempos do pasado. Facemos avanzar a historia con cada novo feito que presentamos en pretérito.

- *Aquel día Xan non **oíu** o espertador e **espertou** media hora tarde. **Saíu** da casa sen almorzar e **colleu** un taxi. Por sorte, **conseguiu** chegar a tempo ao aeroporto.*

- Por outra banda, en cada feito podemos “deter a acción” e “mirar” as circunstancias que a rodean. Para isto, usamos o copretérito.
  - *Aquel día Xan **estaba** moi canso e non oíu o espertador, así que espertou media hora tarde. Como non **tiña** tempo, saíu da casa sen almorzar e colleu un taxi. Por sorte, non **había** moito tráfico e conseguiu chegar ao aeroporto a tempo.*

- A elección que facemos entre pretérito e copretérito non depende da duración das accións, senón da maneira na que queremos presentalas e da súa función no relato.
  - *Onte, como **estaba chovendo**, non **saín**.* (Non interesa o fin da chuvia: presentámola como unha circunstancia de “non saír”)
  - *Onte **estivo chovendo** todo o día e non **saín**.* (Informo da duración da chuvia e do feito de “non saír”)

- Co antepretérito marcamos que unha acción é anterior a outra xa mencionada. De novo, o relato non avanza: damos un salto atrás, en xeral para explicar algunha circunstancia pasada.
  - *Aquel día Xan estaba moi canso porque **estivera estudando** ata a madrugada e non oíu o espertador, así que espertou media hora tarde...*

Futuro

- O futuro fórmase engadíndolle ao infinitivo as terminacións -**ei**, -**ás**, -**á**, -**emos**, -**edes** e -**án**.

	ANDAR	**BEBER**	**VIVIR**
(eu)	andar**ei**	beber**ei**	vivir**ei**
(ti)	andar**ás**	beber**ás**	vivir**ás**
(el/ela/vostede)	andar**á**	beber**á**	vivir**á**
(nós)	andar**emos**	beber**emos**	vivir**emos**
(vós)	andar**edes**	beber**edes**	vivir**edes**
(eles/elas/vostedes)	andar**án**	beber**án**	vivir**án**

- Hai moi poucos verbos irregulares. Estes presentan un cambio na raíz, pero teñen as mesmas terminacións cós verbos regulares.

DICIR	**FACER**
dir**ei**	far**ei**
dir**ás**	far**ás**
dir**á**	far**á**
dir**emos**	far**emos**
dir**edes**	far**edes**
dir**án**	far**án**



ATENCIÓN!

Todos os verbos compostos dos anteriores tamén teñen formas irregulares de futuro: **desfacer**, **predicir**, **refacer**...

- Empregamos o futuro para referirnos ao futuro cronolóxico dunha maneira neutra. Utilizámolo para facer predicións ou para expresar que algo ocorrerá inexorablemente.
  - *Mañá **fará** sol en todo o país.*
  - *As cartas din que **terás** moitos fillos.*
  - *O sol **sairá** mañá ás 6.42 h.*

- Tamén usamos este tempo para formular hipóteses sobre o futuro ou o presente, algunhas veces acompañado por marcadores como **seguramente**, **probablemente**, **posiblemente** etc.
  - *Non sei onde deixei as chaves do coche.*
  - *Pois* ***estarán*** *sobre o moble da entrada, coma sempre.*
  - *Que vas facer esta noite?*
  - *Pois seguramente* ***quedarei*** *na casa. E ti?*
  - *Eu creo que* ***sairei*** *tomar algo por aí.*



ATENCIÓN!
Para falar de plans, intencións e accións futuras en galego emprégase máis frecuentemente o presente de indicativo ou a perífrase **ir** + infinitivo.
- *Mañá* ***temos*** *a comida na casa.* ***Axúdasme****?*
- *Pois non* ***podo. Vou falar*** *co propietario do piso ás 12 h e non sei a que hora* ***volvo.***

O SUBXUNTIVO

Presente de subxuntivo

- A conxugación é case idéntica á do presente de indicativo: só se inverte a vogal temática.

-ar	-	e
-er/-ir	-	a

	ANDAR	COMER	ESCRIBIR
(eu)	and**e**	com**a**	escrib**a**
(ti)	and**es**	com**as**	escrib**as**
(el/ela/vostede)	and**e**	com**a**	escrib**a**
(nós)	and**emos**	com**amos**	escrib**amos**
(vós)	and**edes**	com**ades**	escrib**ades**
(eles/elas/vostedes)	and**en**	com**an**	escrib**an**

Algúns verbos irregulares

DAR	DICIR	ESTAR	FACER
dea	diga	estea	faga
deas	digas	esteas	fagas
dea	diga	estea	faga
deamos	digamos	esteamos	fagamos
deades	digades	esteades	fagades
dean	digan	estean	fagan
IR	**TER**	**SER**	**VIR**
vaia	teña	sexa	veña
vaias	teñas	sexas	veñas
vaia	teña	sexa	veña
vaiamos	teñamos	sexamos	veñamos
vaiades	teñades	sexades	veñades
vaian	teñan	sexan	veñan

- Fíxate en que moitos verbos que presentan unha irregularidade na primeira persoa do presente de indicativo teñen esa mesma irregularidade no presente de subxuntivo. É o caso, por exemplo, dos verbos **pór, facer, ver, ter** e **ir**.

- Sobre o emprego do presente de subxuntivo, podes atopar máis información na sección "A subordinación".

IMPERATIVO

Imperativo afirmativo

- O imperativo afirmativo en galego ten catro formas: **ti** e **vós** (informal); **vostede** e **vostedes** (formal).

	ANDAR	BEBER	VIVIR
(ti)	and**a**	beb**e**	viv**e**
(vós)	anda**de**	bebe**de**	vivi**de**
(vostede)	and**e**	beb**a**	viv**a**
(vostedes)	and**en**	beb**an**	viv**an**

- As formas para **ti** e **vós** obtéñense eliminando o **-s** final da forma correspondente en presente.
  estudas = **estuda** estudades = **estudade**
  comes = **come** comedes = **comede**



ATENCIÓN!

Algúns verbos irregulares non seguen esta regra para **ti**.
poñer/pór = **pon** facer = **fai** vir = **ven** ter = **ten**
As formas para **vostede** e **vostedes** obtéñense cambiando a vogal temática da forma correspondente do presente:
estuda = estude estud**an** = estud**en**
com**e** = com**a** com**en** = com**an**



ATENCIÓN!

Moitos verbos que son irregulares na primeira persoa do presente teñen, no imperativo afirmativo de **vostede** e **vostedes,** a mesma raíz irregular.
poño = **poña/n** saio = **saia/n** fago = **faga/n**
veño = **veña/n** vexo = **vexa/n** teño = **teña/n**
oio = **oia/n** digo = **diga/n** traio = **traia/n**

- Os verbos **ser** e **ir** presentan formas especiais no imperativo afirmativo.

	SER	IR
(ti)	sé	vai
(vós)	sede	ide
(vostede)	sexa	vaia
(vostedes)	sexan	vaian

Imperativo negativo

- As formas do imperativo negativo son as mesmas do presente de subxuntivo para todas as persoas.

ANDAR	BEBER	VIVIR
non and**es**	non beb**as**	non viv**as**
non and**e**	non beb**a**	non viv**a**
non and**edes**		non viv**ades**
non and**en**	non beb**ades**	non viv**an**
	non beb**an**	

- Recorda que co imperativo negativo os pronomes van diante do verbo, agás nas perífrases onde a súa posición pode variar.
  - *Non **me esperes** para cear. Vou chegar moi tarde.*
  - *Non **te vaias esquecer** da reunión!/Non **vaias esquecerte** da reunión!*

- Empregamos o imperativo para:
  – Dar instrucións.
  - ***Retire** o plástico protector e **coloque** o aparato sobre unha superficie estable.*

  – Conceder permiso.
  - *Podo entrar un momento?*
  - *Si, claro. **Pasa**, **pasa**.*

  – Ofrecer algo.
  - ***Toma**, **proba** estas galletas. Están boísimas.*

  – Aconsellar.
  - *Non sei que poñer para a cea de traballo de mañá.*
  - ***Pon** o vestido azul, non? Quédache moi ben.*


ATENCIÓN!

Ás veces empregamos o imperativo para dar ordes ou pedir accións, pero só en situacións moi xerarquizadas ou de moita confianza. Adoitamos suavizar este emprego con elementos como **por favor**, **veña** etc., ou xustificando a petición.
- ***Por favor,** Francisco, fágame dez copias destes documentos.*
- ***Ven** comigo de compras... **veña**, que logo non podo con todas as bolsas.*

Perífrases verbais

- As perífrases verbais son construcións que se forman con dous ou máis verbos: un conxugado (cuxo significado se ve modificado) e outro na forma nominal ou non persoal (infinitivo, participio ou xerundio). Nalgunhas perífrases, estes verbos están conectados por algún elemento de relación (preposición ou conxunción).
  - *Aínda que xa cumpriu setenta anos, **segue traballando**.*
  - *Este verán **imos matricularnos** nun dos cursos que ofrece o centro social do barrio.*
  - ***Teño que falar** cos pais dos rapaces sobre a próxima excursión.*

- As perífrases poden encadearse:
  - *Di que **está deixando de fumar**.* (**estar** + xerundio/**deixar de** + infinitivo)
  - ***Vas seguir indo** a ese restaurante despois do que pasou?* (**ir** + infinitivo/**seguir** + xerundio)

- A continuación, lístanse as principais perífrases verbais do galego e a relación do que poden indicar.

Acabar de/Rematar de + infinitivo
- Indica o remate dunha acción, xeralmente nun pasado recente.

  - ***Acabas de chegar** e xa pensas saír de novo?*
  - *Por fin **rematei de poñer** o pavimento!*

Andar + xerundio/a + infinitivo
- Indica que a acción está en proceso, é reiterativa ou prolongada no tempo.

  - ***Anda buscando / a buscar** un piso no centro.*

Botar(se) a/Comezar a/Empezar a/Poñerse a + infinitivo
- Empréganse para indicar o comezo dunha acción.

  - *Cada vez que vexo ese filme, **bótome a chorar** coma unha tola.*
  - *O partido suspendeuse porque **comezou/empezou a nevar**.*
  - *Nada máis chega á oficina, **ponse a dar** ordes a todos.*

Dar + participio
- En frases negativas e interrogativas, indica a imposibilidade ou a dificultade de rematar ou cumprir unha acción. Con frases afirmativas, indica a capacidade de realizar algo, pero é pouco frecuente neste tipo de contextos.

  - *Non **darán chegado** antes das nove.*
  - *Cres que **darás feito** todo o traballo ata mañá?*

Dar en + **infinitivo**
- Expresa o comezo dunha nova acción, hábito ou costume.

- *Agora **deu en chamarme** todas as noites para contarme a xornada.*
- *Nada máis tiveron o neno, **deron en pasar** as fins de semana na aldea.*
- *Leva o paraugas porque **dará en chover** en calquera momento.*

Deber (de) + **infinitivo**
- Pode indicar, por unha banda, obrigatoriedade ou deber e, por outra, hipótese ou probabilidade.

- ***Debedes visitar** os vosos avós máis a miúdo.*
- ***Debeu (de) conseguir** un ascenso no traballo porque dixo que nos invitará a unha copa.*

Deixar de + **infinitivo**
- Indica a interrupción da acción expresada polo infinitivo.

- ***Deixei de fumar** cando quedei embarazada.*

Estar para + **infinitivo**
- Indica que unha acción está a piques de ocorrer:

- ***Estaba para saír** cando chegaron os meus tíos.*

Estar + **xerundio**/**a** + **infinitivo**
- Utilízase para indicar que unha acción está en proceso.

- ***Estaba** **rematando** / **a rematar** a cea cando soou o teléfono.*

Haber (de) + **infinitivo**
- Indica obrigatoriedade, cun matiz de futuridade, e probabilidade.

- ***Has (de) facer** o que che digan.*
- *Aínda hei de mercarche un cabaliño.*
- *Os nenos **han (de) estar** na eira xogando.*

Hai que/Ter que (de) + **infinitivo**
- Utilízanse para indicar a obrigación ou a necesidade de facer algo. **Hai que** expresa a obrigatoriedade dunha forma máis xeral e impersoal, mentres que **ter que** o fai de xeito máis persoal.

- ***Hai que baixar** o lixo, quen pode facelo?*
- ***Teño que/de axudar** o meu irmán cos deberes.*
- ***Teño que/de conseguir** unha parella para as clases de baile.*

Ir + **infinitivo**
- Utilízase para falar de accións futuras vinculadas ao momento presente ou de algo que planificamos como unha intención.

- *Para a semana **imos ter** outra reunión.*
- ***Vou chamalo** hoxe mesmo e **(vou) contarlle** todo o que ocorreu.*

Ir/Vir + **xerundio**
- Empréganse para indicar o desenvolvemento progresivo ou gradual dunha acción.

- ***Fun lendo** estes libros ata rematar toda a colección.*
- ***Veñen traballando** niso dende hai seis anos.*

Levar + **participio**
- Indica que a acción expresada polo infinitivo rematou en varias ocasións ou que se realiza de xeito continuado.

- ***Levo ido** alí moitas veces e nunca o vin.*
- ***Levaba** pouco **durmido** cando o espertou o teléfono.*

Levar + **xerundio (+ cantidade de tempo)**
- Expresa o tempo transcorrido dende o comezo dunha acción.

- ***Levaban vivindo** tres anos na casa da aldea.*
- ***Levan** máis dunha semana **preparando** o exame.*

Poder + **infinitivo**
- Emprégase para expresar probabilidade ou hipótese.

- *Como aínda non conseguiron os billetes, **pode ser** que non veñan para o Nadal.*

Seguir + **xerundio**
- Indica que unha acción non se interrompeu.

- *Suso **segue saíndo** con Marisol, a súa primeira moza.*

Ter + **participio**
- Expresa a reiteración dunha acción no pasado.

- ***Ten colaborado** coa comisión de festas da localidade en varias ocasións.*

Vir (a)/Acabar por/Chegar a + **infinitivo**
- Indican a solución ou o resultado final dun proceso ou dunha acción.

- *Apenas se relacionaban de mozos, e logo **viñeron (a) ser** moi bos amigos.*
- *Despois de procurar en varias tendas, **acabou por mercar** o primeiro coche que vira.*
- *Fixo moitos cartos en América, aínda que non **chegou a ser** millonario.*

Volver + **infinitivo**
- Indica a repetición da acción expresada no infinitivo.

- *Se **volves saír** con eses rapaces, poderás ter serios problemas.*
- *Cando me xubile, **volverei estudar** idiomas.*


ATENCIÓN!

Cando o participio aparece flexionado, concordando co complemento, non se trata dunha perífrase, senón do seu emprego como adxectivo.
- ***Levo lidas** trinta páxinas deste libro.*
- *Xa **teño terminados** os informes que me pediches.*

Modelos de conxugación verbal

Conxugación verbal

Paradigma dos verbos regulares

ANDAR

INDICATIVO			SUBXUNTIVO	IMPERATIVO AFIRMATIVO
Presente	**Copretérito**	**Pretérito**	**Presente**	
ando andas anda andamos andades andan	andaba andabas andaba andabamos andabades andaban	andei andaches andou andamos andastes andaron	ande andes ande andemos andedes anden	anda ande andade anden
Antepretérito	**Futuro**	**Pospretérito**	**FORMAS NOMINAIS**	
andara andaras andara andaramos andarades andaron	andarei andarás andará andaremos andaredes andarán	andaría andarías andaría andariamos andariades andarían	**Infinitivo:** andar **Xerundio:** andando **Participio:** andado	

BEBER

INDICATIVO			SUBXUNTIVO	IMPERATIVO AFIRMATIVO
Presente	**Copretérito**	**Pretérito**	**Presente**	
bebo bebes bebe bebemos bebedes beben	bebía bebías bebía bebiamos bebiades bebían	bebín bebiches bebeu bebemos bebestes beberon	beba bebas beba bebamos bebades beban	bebe beba bebede beban
Antepretérito	**Futuro**	**Pospretérito**	**FORMAS NOMINAIS**	
bebera beberas bebera beberamos beberades beberan	beberei beberás beberá beberemos beberedes beberán	bebería beberías bebería beberiamos beberiades beberían	**Infinitivo**: beber **Xerundio**: bebendo **Participio**: bebido	

PARTIR

INDICATIVO			SUBXUNTIVO	IMPERATIVO AFIRMATIVO
Presente	**Copretérito**	**Pretérito**	**Presente**	
parto partes parte partimos partides parten	partía partías partía partiamos partiades partían	partín partiches partiu partimos partistes partiron	parta partas parta partamos partades partan	parte parta partide partan
Antepretérito	**Futuro**	**Pospretérito**	**FORMAS NOMINAIS**	
partira partiras partira partiramos partirades partiran	partirei partirás partirá partiremos partiredes partirán	partiría partirías partiría partiriamos partiriades partirían	**Infinitivo**: partir **Xerundio**: partindo **Participio**: partido	



Principais verbos irregulares

DICIR

INDICATIVO			SUBXUNTIVO	IMPERATIVO AFIRMATIVO
Presente	**Copretérito**	**Pretérito**	**Presente**	
digo	dicía	dixen	diga	di
dis	dicías	dixeches	digas	diga
di	dicía	dixo	diga	
dicimos	diciamos	diximos	digamos	dicide
dicides	diciades	dixestes	digades	digan
din	dicían	dixeron	digan	

Antepretérito	**Futuro**	**Pospretérito**	FORMAS NOMINAIS
dixera	direi	diría	**Infinitivo**: dicir
dixeras	dirás	dirías	**Xerundio**: dicindo
dixera	dirá	diría	**Participio**: dito
dixeramos	diremos	diriamos	
dixerades	diredes	diriades	
dixeran	dirán	dirían	

ESTAR

INDICATIVO			SUBXUNTIVO	IMPERATIVO AFIRMATIVO
Presente	**Copretérito**	**Pretérito**	**Presente**	
estou	estaba	estiven	estea	está
estás	estabas	estiveches	esteas	estea
está	estaba	estivo	estea	
estamos	estabamos	estivemos	esteamos	estade
estades	estabades	estivestes	esteades	estean
están	estaban	estiveron	estean	

Antepretérito	**Futuro**	**Pospretérito**	FORMAS NOMINAIS
estivera	estarei	estaría	**Infinitivo**: estar
estiveras	estarás	estarías	**Xerundio**: estando
estivera	estará	estaría	**Participio**: estado
estiveramos	estaremos	estariamos	
estiverades	estaredes	estariades	
estiveran	estarán	estarían	

FACER

INDICATIVO			SUBXUNTIVO	IMPERATIVO AFIRMATIVO
Presente	**Copretérito**	**Pretérito**	**Presente**	
fago fas fai facemos facedes fan	facía facías facía faciamos faciades facían	fixen fixeches fixo fixemos fixestes fixeron	faga fagas faga fagamos fagades fagan	fai faga facede fagan
Antepretérito	**Futuro**	**Pospretérito**	**FORMAS NOMINAIS**	
fixera fixeras fixera fixeramos fixerades fixeran	farei farás fará faremos faredes farán	faría farías faría fariamos fariades farían	**Infinitivo**: facer **Xerundio**: facendo **Participio**: feito	

HABER

INDICATIVO			SUBXUNTIVO	IMPERATIVO AFIRMATIVO
Presente	**Copretérito**	**Pretérito**	**Presente**	
hei has ha, hai habemos habedes han	había habías había habiamos habiades habían	houben houbeches houbo houbemos houbestes houberon	haxa haxas haxa haxamos haxades haxan	-- -- -- --
Antepretérito	**Futuro**	**Pospretérito**	**FORMAS NOMINAIS**	
houbera houberas houbera houberamos houberades houberan	haberei haberás haberá haberemos haberedes haberán	habería haberías habería haberiamos haberiades haberían	**Infinitivo**: haber **Xerundio**: habendo **Participio**: habido	

IR				
INDICATIVO			**SUBXUNTIVO**	**IMPERATIVO AFIRMATIVO**
Presente	**Copretérito**	**Pretérito**	**Presente**	
vou vas vai imos ides van	ía ías ía iamos iades ían	fun fuches foi fomos fostes foron	vaia vaias vaia vaiamos vaiades vaian	vai vaia **vamos** ide vaian
Antepretérito	**Futuro**	**Pospretérito**	**FORMAS NOMINAIS**	
fora foras fora foramos forades foran	irei irás irá iremos iredes irán	iría irías iría iriamos iriades irían	**Infinitivo**: ir **Xerundio**: indo **Participio**: ido	

PODER				
INDICATIVO			**SUBXUNTIVO**	**IMPERATIVO AFIRMATIVO**
Presente	**Copretérito**	**Pretérito**	**Presente**	
podo podes pode podemos podedes poden	podía podías podía podiamos podiades podían	puiden puideches puido puidemos puidestes puideron	poida poidas poida poidamos poidades poidan	pode poida podede poidan
Antepretérito	**Futuro**	**Pospretérito**	**FORMAS NOMINAIS**	
puidera puideras puidera puideramos puiderades puideran	poderei poderás poderá poderemos poderedes poderán	podería poderías podería poderiamos poderiades poderían	**Infinitivo**: poder **Xerundio**: podendo **Participio**: podido	

POÑER/PÓR

INDICATIVO			SUBXUNTIVO	IMPERATIVO AFIRMATIVO
Presente	**Copretérito**	**Pretérito**	**Presente**	
poño/poño pos/pos pon/pon poñemos/pomos poñedes/pondes poñen/pon	poñía/puña poñías/puña poñía/puña poñiamos/puñamos poñiades/puñades poñían/puñan	puxen puxeches puxo puxemos puxestes puxeron	poña poñas poña poñamos poñades poñan	pon poña poñede/ponde poñan
Antepretérito	**Futuro**	**Pospretérito**	**FORMAS NOMINAIS**	
puxera puxeras puxera puxeramos puxerades puxeran	poñerei/porei poñerás/porás poñerá/porá poñeremos/poremos poñeredes/poredes poñerán/porán	poñería/poría poñerías/porías poñería/poría poñeriamos/poriamos poñeriades/poriades poñerían/porían	**Infinitivo**: poñer/pór **Xerundio**: poñendo/pondo **Participio**: posto	

QUERER

INDICATIVO			SUBXUNTIVO	IMPERATIVO AFIRMATIVO
Presente	**Copretérito**	**Pretérito**	**Presente**	
quero queres quere queremos queredes queren	quería querías quería queriamos queriades querían	quixen quixeches quixo quixemos quixestes quixeron	queira queiras queira queiramos queirades queiran	quere queira querede queiran
Antepretérito	**Futuro**	**Pospretérito**	**FORMAS NOMINAIS**	
quixera quixeras quixera quixeramos quixerades quixeran	quererei quererás quererá quereremos querereredes quererán	querería quererías querería quereriamos quereriades quererían	**Infinitivo**: querer **Xerundio**: querendo **Participio**:querido	

SABER				
INDICATIVO			**SUBXUNTIVO**	**IMPERATIVO AFIRMATIVO**
Presente	**Copretérito**	**Pretérito**	**Presente**	
sei sabes sabe sabemos sabedes saben	sabía sabías sabía sabiamos sabiades sabían	souben soubeches soubo soubemos soubestes souberon	saiba saibas saiba saibamos saibades saiban	sabe saiban sabede saiban
Antepretérito	**Futuro**	**Pospretérito**	**FORMAS NOMINAIS**	
soubera souberas soubera souberamos souberades souberan	saberei saberás saberá saberemos saberedes saberán	sabería saberías sabería saberiamos saberiades saberían	**Infinitivo**: saber **Xerundio**: sabendo **Participio**: sabido	

SER				
INDICATIVO			**SUBXUNTIVO**	**IMPERATIVO AFIRMATIVO**
Presente	**Copretérito**	**Pretérito**	**Presente**	
son es é somos sodes son	era eras era eramos erades eran	fun fuches foi fomos fostes foron	sexa sexas sexa sexamos sexades sexan	sé sexa sede sexan
Antepretérito	**Futuro**	**Pospretérito**	**FORMAS NOMINAIS**	
fora foras fora foramos forades foran	serei serás será seremos seredes serán	sería serías sería seriamos seriades serían	**Infinitivo**: ser **Xerundio**: sendo **Participio**: sendo	

TER

INDICATIVO			SUBXUNTIVO	IMPERATIVO AFIRMATIVO
Presente	**Copretérito**	**Pretérito**	**Presente**	
teño	tiña	tiven	teña	ten
tes	tiñas	tiveches	teñas	teña
ten	tiña	tivo	teña	
temos	tiñamos	tivemos	teñamos	tende
tendes/tedes	tiñades	tivestes	teñades	teñan
teñen	tiñan	tiveron	teñan	

Antepretérito	**Futuro**	**Pospretérito**	FORMAS NOMINAIS
tivera	terei	tería	**Infinitivo**: ter
tiveras	terás	terías	**Xerundio**: tendo
tivera	terá	tería	**Participio**: tido
tiveramos	teremos	teriamos	
tiverades	teredes	teriades	
tiveran	terán	terían	

TENER

INDICATIVO			SUBXUNTIVO	IMPERATIVO AFIRMATIVO
Presente	**Copretérito**	**Pretérito**	**Presente**	
traio	traía	trouxen	traia	trae
traes	traías	trouxeches	traias	traia
trae	traía	trouxo	traia	
traemos	traiamos	trouxemos	traiamos	traede
traedes	traiades	trouxestes	traiades	traian
traen	traían	trouxeron	traian	

Antepretérito	**Futuro**	**Pospretérito**	FORMAS NOMINAIS
trouxera	traerei	traería	**Infinitivo**: traer
trouxeras	traerás	traerías	**Xerundio**: traendo
trouxera	traerá	traería	**Participio**: traído
trouxeramos	traeremos	traeriamos	
trouxerades	traeredes	traeriades	
trouxeran	traerán	traerían	

VIR				
INDICATIVO			**SUBXUNTIVO**	**IMPERATIVO AFIRMATIVO**
Presente	**Copretérito**	**Pretérito**	**Presente**	
veño vés vén vimos vindes/vides veñen	viña viñas viña viñamos viñades viñan	vin viñeches veu viñemos viñestes viñeron	veña veñas veña veñamos veñades veñan	ven veña vinde/vide veñan
Antepretérito	**Futuro**	**Pospretérito**	**FORMAS NOMINAIS**	
viñera viñeras viñera viñeramos viñerades viñeran	virei virás virá viremos viredes virán	viría virías viría viriamos viriades virían	**Infinitivo**: vir **Xerundio**: vindo **Participio**: vido	





Nivel B1 en lingua galega

Habilidades e contidos adaptados ao Marco europeo común de referencia para as linguas (MECRL)

Os contidos lingüísticos e gramaticais presentados e traballados neste libro atenden ao compromiso de fornecer os recursos necesarios para que unha persoa acade un nivel B1 en lingua galega, segundo a descrición do Marco europeo común de referencia para as linguas do Consello de Europa, que se corresponden coas esixencias establecidas no Celga 2. De todos os modos, como xa se dixo na introdución, este libro non dispensa a orientación dun profesor que acompañe o alumno no traballo cotián e compartido que esixe cada unha das unidades, e así facer a aprendizaxe máis completa e dinámica.

Segundo a descrición xeral deste nivel de competencia, as persoas que o acaden posuirán un dominio da lingua que lles permita participar con relativa seguridade e eficacia en distintas situacións de comunicación cotiá, do traballo e do estudo, que requiran un uso da lingua fundamentalmente previsible. Comprenderá mensaxes orais e escritas referidas a estes contextos e producirá textos breves orais e escritos para describir, relatar, preguntar ou responder sobre cuestións referidas a estes ámbitos. Asemade, terá un dominio básico da lingua na súa realización estándar e fará un emprego correcto das estruturas morfosintácticas básicas da lingua e do vocabulario asociado aos contextos descritos.

Máis especificamente, logo de acadar este nivel poderá transmitir información emitida por outros e relacionar a información mediante a expresión da causa, da consecuencia, da condición e da finalidade. Será quen de argumentar a súa opinión, de facer valoracións e xuízos, aínda que de xeito sinxelo, e de expresar posibilidade e imposibilidade e sentimentos de alegría, sorpresa, pena ou temor. En canto aos usos sociais, estará en condicións de reaccionar ante un agradecemento ou desculpa, saberá preguntar polo estado de saúde ou de ánimo do interlocutor e participar en intercambios sociais da vida cotiá: convidar ou ser convidado, concertar unha cita ou dar instrucións para que outros fagan algo e transmitir pedimentos, encargos ou mensaxes. No que se refire ao control da comunicación oral, poderá mostrar que segue a intervención dos outros, animar para que continúen falando, corrixirse ou indicar que non entendeu o significado ou a intención do falante.

De xeito máis pormenorizado, un falante que posúa o nivel B1 terá as seguintes habilidades:

Comprensión oral

- Será capaz de seguir intervencións simples de carácter social que permiten manter un contacto con outra persoa, poñendo en práctica habilidades como presentarse ou despedirse.
- Será quen de comprender informacións e opinións referidas á identificación e caracterización persoal, á vida social ou acontecementos da actualidade.
- Poderá comprender informacións sobre a orientación e situación no espazo ou referidas a distintos dominios transaccionais (aloxamentos, alimentación, compras, saúde e servizos); así como acompañar as explicacións nunha visita turística.
- Conseguirá seguir explicacións sinxelas sobre un tópico escolar ou instrucións nas aulas para realizar tarefas académicas.



Comprensión escrita

- Estará en condicións de comprender textos breves en lingua estándar relacionados coa vida cotiá, como a carta dun restaurante, identificando compoñentes e prezos, informacións ou instrucións en prospectos de medicamentos e en formularios, anuncios, folletos ou guías turísticas, cartas e mensaxes de correos electrónicos.
- Terá a capacidade de comprender descricións de persoas e lugares, relatos de feitos, acontecementos e experiencias, e informacións, anuncios e opinións sobre temas de actualidade emitidas nos medios de comunicación.
- Poderá entender escritos breves relativos á súa área profesional ou académica, aínda que atope dificultades esporádicas de comprensión.

Expresión oral

- Será capaz de intervir en intercambios comunicativos sobre experiencias persoais, centros de interese e acontecementos de actualidade, e será quen de introducir un tema ou unha opinión e finalizar unha intervención ou conversa xeral.
- Conseguirá dar información sobre a identificación e caracterización persoal: relacións familiares, profesionais, estudos e lecer, explicar de modo simple un problema de saúde ou un tema profesional.
- Poderá reservar aloxamento por teléfono, informarse sobre prezos e realizar compras en calquera tipo de establecemento, pedir un menú nun restaurante, solicitar informacións sobre os pratos e formas de pagamento ou facer unha reclamación dun xeito sinxelo. Será quen de participar en xestións habituais nun banco ou en oficinas de correo, solicitar informacións simples nunha oficina de turismo ou nunha visita guiada e pedir unha cita por teléfono.



Elisa

O que máis me gusta do meu traballo

"Gústame tratar coa xente. Encántame a roupa e todo o que está relacionado coa moda. Ademais, lévome moi ben coas miñas compañeiras."

O que menos me gusta do meu traballo

"No meu traballo é obrigatorio levar uniforme e non me gusta nada. O horario tampouco me gusta moito. Empezo ás 10 e teño que facer unha pausa de 2 a 4:30. Vivo bastante lonxe do traballo, así que normalmente quedo polo centro da cidade, xanto e, ás veces, vou a un ximnasio para aproveitar o tempo. Adoito chegar á casa ás 9 ou ás 9:30 da noite. E, por riba, traballo case todos os sábados. Pero o peor é que o salario tampouco é gran cousa. Por iso aínda vivo con meus pais."

Expresión escrita

- Non terá dificultade para escribir notas, postais e cartas persoais que poden incluír a descrición de persoas ou espazos, o relato de acontecementos, a expresión de opinións ou desexos. Tamén será capaz de escribir cartas dirixidas a institucións ou entidades.
- Posuirá a capacidade de redactar documentos breves relacionados coa súa área profesional, cubrir impresos que requiran dar conta de datos persoais e profesionais e describir brevemente unha situación ou acontecemento.
- Será quen de tomar notas durante unha reunión, conferencia ou aula e de elaborar un resumo esquemático dunha clase, conferencia ou reunión.

Lingua e sistema: coñecemento do código


- Os contidos relacionados co código lingüístico –gramaticais, fonéticos, ortográficos e léxicos– que se consideran necesarios para desenvolver de modo satisfactorio as devanditas funcións comunicativas son os que se atopan nas seccións de gramática distribuídas ao longo das unidades do libro e no resumo gramatical.

Lingua, cultura e sociedade: contidos socioculturais

- Os contidos socioculturais cumpren a función de servir como soporte para a comprensión do universo sociocultural no que se utiliza a lingua galega. Polo tanto, neste nivel realizarase un achegamento a algúns aspectos da historia ou da actualidade de Galicia, a través da indagación sobre acontecementos relevantes de tipo social, lingüístico, cultural, ambiental, deportivo etc. Esta información apoiarase en fontes diversas e en informacións fornecidas en diferentes modalidades de lingua e en formatos variados: textos impresos, imaxes, gráficos, material audiovisual etc.







Carlos Crespo Lariño
Rúa da Fonte, 8
36214 Vigo

Feliz aniversario

PRONOMES CD

unha cousa, persoa ou animal (masculina singular) **o** transporta**lo**	unha cousa, persoa ou animal (feminina singular) **a** léva**a**	unha frase ou unha parte do discurso **o** consegue face**lo** ....

unha cousa, persoa ou animal (masculina plural) **os** interrompe**los**	unha cousa, persoa ou animal (feminina plural) **as** non **as** necesita ....

PRONOMES CI

unha cousa, persoa ou animal (singular) **lle** córta**lle** unha das patas dianteiras *ao animal*	unha cousa, persoa ou animal (plural) **lles** cóntan**lles** a nova ....



Transcricións

UNIDADE 1

Volver empezar

PISTA 1
1. PROMOCIÓN DO 87

Eva: Segues vivindo en Ferrol?
Pili: Non. Hai un par de anos que fun vivir para a aldea, no concello das Pontes; é que agora traballo na casa.

Chus: Acabo de conseguir o traballo da miña vida. En Médicos Mundi.
Tere: Que envexa! Eu levo unha chea de anos traballando no mesmo lugar e estou máis farta...

Luís: Que sabes de Xoán?
Marta: Pois está moi ben. Montou unha empresa, vendeuna por unha chea de cartos e deixou de traballar.
Luís: Ah, si? Que sorte! Non?

Inma: Sabes? Mario volveu casar.
Abel: Outra vez? Con quen?
Inma: Pois cunha rapaza de Santander moi xeitosa.

Laura: Oe, que tal o doutoramento? Termináchelo?
Belén: Non! Quen me dera! Aínda non. É que acabo de ter unha filla e xa sabes...
Laura: Ah, si? Parabéns!

Ana: Canto hai que vives en Inglaterra?
Andrés: Pois xa hai 15 anos. Ao principio, estiven vivindo en Birmmingham e logo trasladeime a Londres.

Xerardo: E agora que estás a facer?
Xián: Pois sigo traballando en Chile, pero o ano que vén volvo.

PISTA 2
8. CAMBIOS

1.
- ● Home, que tal, xa souben que es pai!
- ○ Pois si, tiven un neno, Mateo.
- ● E que tal, como o levas?
- ○ Pois ben, pero é verdade iso que din de que cando tes un fillo che cambia a vida.

PISTA 3

2.
- ● Que che pasa que estás tan contento?
- ○ É que hoxe cumpro 18 anos e xa son maior de idade.
- ● Que ben! E que, como te sentes?
- ○ Pois ben. Non sei, para min é importante, suponse que de aquí en adiante podo facer todo o que quero, non?

PISTA 4

3.
- ● E agora que? Sesenta e cinco anos e non me deixan traballar, e eu non quero xubilarme!
- ○ Home, xubilarse non é tan malo. Agora vas ter moito tempo para ti.
- ● Si, iso é o único bo, pero cando te xubilas sénteste máis vello, non sei, máis inútil.

PISTA 5

4.
- ● Filipe, Filipe, prepara as maletas que marchamos para Brasil, que me deron o traballo!
- ○ Como? Xa?
- ● Que si, que acaban de mo dicir. Que contenta estou!

UNIDADE 2

Momentos especiais

PISTA 6
1. UN DÍA NA HISTORIA

1.
- ● E ti onde estabas o 23-F?
- ○ Estaba na casa, pero vas rir porque a lembranza que teño é un pouco rara. Como aínda era unha nena, o único recordo que teño é que estaba moi enfadada porque ese día suspenderon a programación infantil pola tarde e foi un aburrimento.
- ● Nada máis?
- ○ Ah, si! Lembro tamén que meus pais andaban moi pendentes da televisión, máis do que acostumaban a esa hora. Eu desistín e fun á eira xogar con meu irmán. E ti?
- ● Eu, como che levo uns aniños, lembro os momentos de preocupación á saída do instituto. Ese día, nada de demorar a volta á casa con calquera desculpa, volvemos decontado. E menos mal que todo quedou en nada.

PISTA 7

2.

- ● Un día que lembro intensamente? Pois… o 25 de xullo de 1993.
- ○ Ah, si? E por que?
- ● Pois porque foi o primeiro Xacobeo do que me lembro, porque o anterior eu era moi pequeno. Ademais foi un acontecemento moi importante e un ano moi bo para min.
- ● Pero logo houbo máis, non?
- ○ Si, pero ese foi especial, xa que fixen o Camiño de Santiago cuns amigos e cheguei á catedral o mesmo 25 de xullo. E estabamos cansos, pero fomos á misa do peregrino. E despois, tomamos unhas racións pola rúa do Franco e logo xa volvemos en tren. Claro… e no grupo estaba unha rapaza que dende aquel día foi a miña moza e agora é a miña muller.
- ● Ah! Agora entendo todo.

PISTA 8

3.

- ● E, para ti, cal foi o momento histórico máis emocionante que recordas?
- ○ Para min, o día que se aprobou o Estatuto de autonomía.
- ● E que día foi?
- ○ Foi o 6 de abril de 1981. Celebrámolo toda a familia xunta porque meu avó foi un galeguista histórico e, como morrera uns anos antes, todos pensamos nel e nos emocionamos moito. Reunímonos para xantar na casa de miña nai e brindamos con champaña.
- ● Con todo, foi un Estatuto que deixou algún descontento, non?
- ○ Si, si, pode ser. Pero para Galicia era importante poder contar cun parlamento propio, un goberno propio. Xa che digo, foi moi emocionante.

PISTA 9

7. QUE APURO LEVEI!

B.

1.

- ● O outro día estaba eu na casa dunha amiga estudando e ela díxome que tiña que saír un momento, así que eu quedei e seguín estudando. Entón decateime de que tiña o armario aberto e… como son tan curiosa e ela ten unha roupa preciosa, pois púxenme a mirar o que tiña e vin uns pantalóns que me encantaron. Así que decidín probalos, e quedábanme de marabilla, e estaba tan tranquila mirándome ao espello cando de súpeto…

PISTA 10

2.

- ● Pois hai uns anos fun de vacacións a Brasil e estaba nun restaurante en Río de Xaneiro e estaba esfameado, tiña moitísima fame e pedín dous pratos. O camareiro díxome algo, pero eu non lle entendín e…





PISTA 11

3.

- Pois cando eu tiña 20 anos tiña dous mozos, Carlos e Xabier, e era moi complicado porque sempre tiña que inventar un montón de historias e escusas. Un día, que era o meu aniversario, confundinme e quedei cos dous no mesmo sitio e á mesma hora. Primeiro chegou Carlos cun ramo de rosas precioso...

C.
PISTA 12

1.

- O outro día estaba eu na casa dunha amiga estudando e ela díxome que tiña que saír un momento, así que eu quedei e seguín estudando. Entón decateime de que tiña o armario aberto e... como son tan curiosa e ela ten unha roupa preciosa, pois púxenme a mirar o que tiña e vin uns pantalóns que me encantaron. Así que decidín probalos, e quedábanme de marabilla, e estaba tan tranquila mirándome ao espello cando de súpeto chegou a miña amiga e entrou amodiño, sen facer ruído, e eu cando me decatei de que estaba alí mirándome, ai que vergoña!

PISTA 13

2.

- Pois hai uns anos fun de vacacións a Brasil e estaba nun restaurante en Río de Xaneiro e estaba esfameado, tiña moitísima fame e pedín dous pratos. O camareiro díxome algo, pero eu non lle entendín e cando chegaron os pratos había comida para catro persoas. Resulta que alí as racións son enormes e eu non puiden nin acabar o primeiro prato. O tipo moi amablemente púxome a comida nun paquete e leveina.

PISTA 14

3.

- Pois cando eu tiña vinte anos tiña dous mozos, Carlos e Xabier, e era moi complicado porque sempre tiña que inventar un montón de historias e escusas. Un día, que era o meu aniversario, confundinme e quedei cos dous no mesmo sitio e á mesma hora. Primeiro chegou Carlos cun ramo de rosas precioso e logo chegou Xabier con outro regalo e, cando o vin, púxenme tan nerviosa, tan nerviosa que me entrou un ataque de risa e non era capaz de dicir nada. E, mentres, os dous miraban para min. Non se me ocorreu nada máis que saír correndo.



UNIDADE 3

Busque e compare

PISTA 16

7. UNHA PAUSA PARA A PUBLICIDADE

1.

- O primeiro que notas é que os ollos se che abren, a boca ábreseche e non podes moverte. Intentas pensar noutra cousa, mirar cara a outro lado, pero non podes. Queres dicir algo e non podes. Cando por fin reaccionas, só podes dicir: perdoa, onde mercaches ese reloxo? Os reloxos Timer deteñen o tempo.

PISTA 17

2.

- Cansado do ruído, do tráfico e da contaminación? Está cheo das multitudes e aglomeracións? Odia a falta de espazo? Busca tranquilidade? Urbanización Ceo aberto, a casa dos soños só para uns poucos privilexiados.

PISTA 18

3.

- Vas á clase para principiantes porque alí es o mellor? Usas zapatos sen amallós para non ter que atalos? Prefires coller dous autobuses que camiñar 10 minutos? Se buscas sempre a máxima comodidade, necesitas un colchón Rest. O descanso máis cómodo.

PISTA 19
4.

- En Suíza a todo o mundo lle gusta o chocolate e esquiar. A que esperas para descubrilo? A partir deste mes, voos a Xenebra dende 50 euros. Facilair, poñémoste polas nubes.

UNIDADE 4

Mañá

PISTA 20

5. A CONSERVACIÓN DO PLANETA


planeta	perigos	plácidos	uso	carne	acá
tesouro	axiña	cor	automóbil	animal	acolá
marfil	deterioración	azul	xénero	azucre	accións
mandíbula	médico	fantástico	planeta	vexetais	tamén
cristal	veráns	ruína	auga	políticos	carné
terra	conservación	medio	túas	mans	é

PISTA 21

9. O FUTURO DE EVA

- A ver que é o que vexo para ti? Pois mira, irás vivir ao estranxeiro.
- ○ Ao estranxeiro! E iso?
- Pois si, porque che van dar un traballo moi interesante relacionado co cine.
- ○ Co cine? Que ben! Porque son actriz. Entón serei famosa algún día?
- Si filla, serás moi famosa e gañarás moitos cartos, vas ser moi rica.
- ○ Ai que ben! E no amor?
- A ver, no amor, mira... coñecerás unha persoa que te vai querer moito, pero nunca casaredes.
- ○ E logo?
- Ai, iso non cho sei, non o vexo. Pero mira, vas ter tres fillos: dous nenos e unha nena.
- ○ E que máis? Que máis?
- Pois nada máis, non vexo nada máis.
- ○ Vale, e entón canto lle debo?
- Pois non sei, o que ti queiras.





UNIDADE 5

Iso no se fai

PISTA 22

4. NO INSTITUTO

- Ola Lula. Que tal?
- ○ Ola...
- Oíches, como che vai no novo instituto?
- ○ Fatal; trátannos coma nenos pequenos.
- Ah, si? E por que o dis?
- ○ Por moitas cousas. Para empezar, porque nos obrigan a levar uniforme... un uniforme horroroso. Ademais...
- Ben, pero iso só ata que cumpras 15 anos, non?
- ○ Si, por sorte os maiores non teñen que levalo.
- Ben...
- ○ E, ademais, está prohibido chegar tarde. Se chegas tarde, castígante e déixante sen descanso. Imaxina...
- Xa, xa...
- ○ Pero é que incluso nos obrigan a ter o móbil apagado! A quen lle importa se teño o móbil conectado? Total, se o teño silenciado e non fai ningún ruído.
- Muller, pero iso é bastante comprensible...
- ○ Non sei, estou bastante farta... é que todo son prohibicións. Prohibido isto, prohibido o outro... Nas clases de matemáticas, por exemplo, non nos deixan usar a calculadora...
- Pois creo que iso está moi ben, porque agora ningúen sabe multiplicar nin dividir...
- ○ E tampouco nos deixan comer goma de mascar!
- Normal, non? A min moléstame moito a xente que come goma de mascar mentres fala.
- ○ Pois a min, non. Pero, sabes que? O peor de todo é que nos obrigan a quedar a comer na escola. Iso si que é unha inxustiza total!
- Xa, xa... E que tal o inglés?
- ○ Ben, Eduardo é moi riquiño. Déixanos consultar o dicionario ata nos exames...
- Quen é Eduardo?
- ○ Pois... o profesor de inglés.
- E chamádeslle Eduardo? Non lle chamades “don Eduardo”?
- ○ Non, non, a todos os profes os tratamos de ti. Aínda que eles ás veces nos tratan de vostede... cando están enfadados.

UNIDADE 6

Mensaxes

PISTA 23

2. AO TELÉFONO

A.

● Si?
○ Ola, está Manolo?
● Si, son eu.
○ Ai, perdoa. Son Mónica. Que tal?
● Ola Mónica! Que tal?
○ Nada, chamábate para saber que fas o domingo. É que...

PISTA 24

B.

● Diga?
○ Ola, quería falar con María.
● De parte de quen?
○ De Xosé.
● Un momento, agora se pon.

PISTA 25

C.

● Industrias Castro, bo día.
○ Bo día. Podería falar co señor Castro?
● De parte de quen, por favor?
○ De parte de Antonio Rivas.
● Un momentiño, por favor.
(...)
● Señor Rivas, pásoo co señor Castro.
○ De acordo, moitas grazas.

PISTA 26

D.

● Dígame?
○ Boa tarde. Podería falar coa señora Ribeiro?
● Síntoo, pero non está. Quere deixar algún recado?
○ Si, dígalle que chamou Adela Vázquez, por favor.

PISTA 27

E.

● Dígame?
○ Co señor Sousa, por favor?
● Síntoo, pero creo que se equivoca. Aquí non vive ningún señor Sousa.
○ Non é o 986 567 878?
● Non, non, equivócase.
○ Ah, pois perdoe.

PISTA 28

4. COMO DIS?

1.

● Ai, como se di? Mmm... é o contrario de "mentireiro".

PISTA 29

2.

● Se lle sumas o 15% ao total, logo tes que restarlle as comisións se non son superiores ao total acordado...
○ Perdoa, podes repetirmo, por favor? Non te entendín ben.

PISTA 30

3.

● Isto non está ben calculado, eh?
○ Como dis?

PISTA 31

4.

● Foi unha leria. Non había ninguén, a música era moi mala e o sitio era moi cutre.
○ Que? Que significa "cutre"?

PISTA 32

5.

● Que tal a fin de semana?
○ Pois moi ben. Fomos a unha vila preciosa na montaña e pasámolo xenial. Alugamos un... ai, como se chama? Iso que é como unha moto pero máis grande e con catro rodas... un...

PISTA 33

6.

● Vaia, que lea se armou onte!
○ Como? Perdoa, é que non te entendín ben.

PISTA 34

7.

● Ti trae algo de beber, porque nós xa traemos a comida. Pero se cres que vai faltar comida, trae algo tamén; porque igual nos quedamos curtos, vale?
○ A ver, entón queres dicir que teño que traer bebida e comida, non?

PISTA 35

8.

- ● Esta mañá regaláronme un móbil deses, poli non sei que... Como se di?

PISTA 36

9.

- ● Bo día. Mire, necesito un... un... non sei exactamente como se chama. É... unha cousa que serve para unir unha porta coa parede, por exemplo, sabe?

PISTA 37

7. OLA, SON HELENA

1.

● Si?
○ Ola, Emilia, feliz aniversario!
● Ai, grazas filla por lembrarte de min! Que xa vou vella!
○ Nada muller! Se estás estupenda, non te queixes.
● Mira, este sábado vou facer unha cea na casa, así que ven se queres.
○ Pois vale, e a que hora?
● Podes vir a partir das nove e media.
○ Vale, grazas, entón ata o sábado.

PISTA 38

2.

● Estudio de arquitectura Miguel Baltar, dígame?
○ Ola bos días, está o señor Baltar?
● Non, neste momento non está. Quere deixarlle algunha mensaxe?
○ Pois si, é que tiña unha cita marcada para o vindeiro luns ás 12.30, pero resulta que non vou poder ir e quería avisalo. Son Helena Míguez.
● Pois non se preocupe que xa lle paso eu o recado.
○ Vale, pois moitas grazas.

PISTA 39

3.

● Diga?
○ Ola papá, son Helena.
● Ola ruliña, como estás?
○ Moi ben, e ti?
● Pois ben tamén, e ti que contas?
○ Pois nada, é que quería ir coas miñas amigas esta fin de semana á casa da praia e precisaba as chaves.
● Ah, moi ben. Logo ides de festa?
○ Non, en plan tranquilo, imos Tere, Bego, Pili e eu, relaxarnos.
● Moi ben, pois nada, pasa pola casa e xa chas dou.
○ Vale, pois entón vou o venres comer e xa as recollo.
● Moi ben, pois ata entón. E cóidate filla.

UNIDADE 7

Vai e dille…

PISTA 40

8. UNHA BROMA

● O outro día estaba tomando un café no bar que está ao lado da miña casa e o camareiro dime que teño unha chamada. Pareceume bastante raro, pero collo o teléfono e era a voz dunha moza que me di: “Temos que encontrarnos no parque, detrás da terceira árbore que hai entrando á dereita, non me falles!”.
○ Oi que raro, non?
● Pois si, pero mira, picábame tanto a curiosidade que decidín ir, así que collín o descapotable vermello e fun para alá. Eu xa ía dicindo: “seguro que é unha rapaza que está namorada de min e tal, e que non se atreve a falar comigo”, xa sabes…
○ Ai, claro... Como che saen mozas todos os días!
● Boh! Espera que che conto. Chego ao parque e vou ao sitio onde me dixera a moza, e vexo unha parella, unha rapaza morena e un rapaz louro. Entón sento nun banco a esperar, pero a moza non vén. Así que despois de vinte minutos marcho para a casa. E cando chego á casa atopo unha nota na porta que di: feliz día dos inocentes, a túa irmá Rosa.





UNIDADE 8

Basta xa!

PISTA 41

2. MANIFESTACIÓNS

1.

● Hoxe foi un día especialmente movido na nosa cidade. Producíronse tres manifestacións convocadas por tres colectivos diferentes. O noso reporteiro Víctor Santos foi ás tres para coñecer de cerca as reivindicacións, os porqués destas tres manifestacións.

○ Efectivamente. A primeira manifestación convocábaa o Colectivo de Ocupas da cidade. Preguntámoslles a algunhas persoas que estaban alí cal era o motivo da súa protesta.

■ Só queremos ter un lugar onde vivir! A cidade está chea de casas deshabitadas. A xente cómpraas para especular e subir os prezos. Por que temos que vivir na rúa se hai casas que non usa ninguén?

□ Non somos criminais; non lle facemos ningún dano a ninguén. Ademais, cando ocupamos unha casa, normalmente coidámola e moitas veces convertémola nun centro social ou cultural... A xente ten que saber iso!

PISTA 42

2.

● A segunda manifestación que percorreu as rúas da nosa cidade estaba convocada pola asociación de inmigrantes Acollida. Estas son algunhas das opinións dos manifestantes.

○ Estamos aquí para apoiar a legalización dos inmigrantes sen papeis. Pedímoslle ao Goberno que legalice a todos os que teñan unha oferta de traballo. Pensamos que todos temos dereito a unha vida mellor, a un traballo digno e a unha vivenda digna! En Galicia moita xente esqueceuse de que, non hai moito, tamén emigrabamos para buscar traballo e ter unha vida mellor. Agora, Galicia non pode pecharlle as portas a toda esa xente.

PISTA 43

3.

● O grupo Volta ao Rural convocou hoxe tamén unha manifestación no centro da cidade. Oiamos por que se manifestaba este grupo e cales eran as súas reivindicacións.

○ O que quere o noso grupo é concienciar a sociedade sobre os problemas do rural. É unha mágoa que toda a riqueza do rural se estea a perder. E o máis incrible é que non se concienciе nin se invista en plans de reactivación do rural, coma noutros países europeos. Temos que facernos oír porque, senón, dentro de pouco as nosas aldeas terminarán por desaparecer.

UNIDADE 9

O turista accidental

PISTA 44

3. EQUIPAXE EXTRAVIADA

● A min, unha vez perdéronme as maletas nunha viaxe.

○ Ai, si? Que rabia, non?

● Pois si... Era unha viaxe de fin de curso, da universidade. Decidiramos ir a Xapón e ben, cando chegamos, todo o mundo recolleu as súas maletas e eu, pois, esperando, esperando e nada.

○ Vaia leria!

● E dicía: “Non sei, agora sairán.” Pero non. Fun preguntar e resulta que as maletas foran noutro avión... a Cuba!

○ A Cuba?

● Si, si.



○ E que fixeches?
● Ben, pois... A verdade é que non podía facer nada, de xeito que ao final fun ao hotel cos demais e a esperar. Tardaron tres días en devolvermas.
○ Tres días? Que me dis!
● E claro, eu tiña toda a roupa nas maletas. Así que os primeiros días tiven que pedirlles cousas ás miñas amigas. Camisetas, traxes de baño, roupa interior... de todo, sabes?
○ Xa, claro. Iso ou andar espida.
● Menos mal que ao final chegou a maleta porque, filliña, como ningunha das miñas amigas ten o meu talle...
○ Pois menos mal, porque ías todo o día disfrazada, non?

UNIDADE 10

Todos somos poetas

PISTA 45

2. SELECCIÓN DE POEMAS

1.
Un outono e un verán
Discuten alporizados
Entre eles decidirán
Por quen serei gobernado
Traballo de fogueteiro
Nas verbenas dos patróns
Que se presentan tardeiros
Nunha ideal estación
Teño as nubes por paisaxe,
Lentas nubes, preguiceiras;
Con elas vou de viaxe
Cara ás terras estranxeiras.
Un estoupido e máis nada.
Cheiro a pólvora mollada
Ramiro Fonte
(1957-2008)

PISTA 46

2.
Nas Cíes descubrimos a pericia das aves
e a medida celeste onde reside a luz
Bañámonos nas ondas
a compartir sulagos con dóciles palmípedas
e cunchiñas de nacre
Era o verán
Chegaban ventos fríos do primeiro cuadrante
Os ventos tersos do Nordés
Con labios exaltados bicábasme nas tempas
E querías que fora a raíña dos mares
ou deslizabas verbas secretas nos oídos.
Luz Pozo Garza
(1922)

PISTA 47

3.
O teito é de pedra.
De pedra son os muros
i as tebras.
De pedra o chan
i as reixas.
As portas,
as cadeas,
o aire,
as fenestras,
as olladas,
son de pedra.
Os corazós dos homes
que ao lonxe espreitan,
feitos están
tamén
de pedra.
I eu, morrendo
nesta longa noite
de pedra.
Celso Emilio Ferreiro
(1912-1979)

PISTA 48

4.

Xa non quero ser a gorxa amargurada da angustia.
Quero botar fóra a incerteza. A tristura lonxe do peito
e camiñar ergueita polas congostras do tempo.
Fiandeira dun meigo fío de ledicia.
Un paxaro íntimo revoa, canta dentro de min.
Pula por saír ao mundo, cobizoso de rotas,
e de acadar estrelas en colleita desvelada.
É un paxaro soterrado, en desacougo. Unha aziña agromando
cada intre na tremelante maturidade dos soños.

Pura Vázquez
(1918-2006)